


# OS SERVIZOS SOCIAIS NA COMARCA DO XALLAS

Plan de Acción de Servizos Sociais



REDE DE CONCELLOS  
*para o benestar*



# OS SERVIZOS SOCIAIS NA COMARCA DO XALLAS

Plan de Acción de Servizos Sociais





# ÍNDICE

INTRODUCCIÓN. ....	9
OBXECTIVOS DA DIAGNOSE. ....	11
ESTRUTURA DA DIAGNOSE. ....	14
A COMARCA DO XALLAS. ....	16
<b>1. A DINÁMICA DEMOGRÁFICA. ELEMENTOS BÁSICOS E EVOLUCIÓN. ....</b>	<b>17</b>
1.1 A estrutura da poboación. evolución e proxeccións .....	17
1.2 O asentamento da poboación. Densidade, dispersión e condicións da vivenda. ....	23
1.3 Extracto da dinámica demográfica na Comarca do Xallas. ....	26
<b>2. O CONTEXTO SOCIOECONÓMICO. ASPECTOS BÁSICOS E EVOLUCIÓN. ....</b>	<b>28</b>
2.1 Economía, traballo e ensino. ....	28
2.2 A cohesión social. ....	31
2.3 Os gastos dos fogares. ....	36
2.4 Síntese do contexto socioeconómico na Comarca. ....	38
<b>3. OS SERVIZOS SOCIAIS. SITUACIÓN E EVOLUCIÓN. ....</b>	<b>39</b>
<b>3.1 As entidades e os equipamentos de benestar na Comarca. ....</b>	<b>39</b>
A)As Entidades de Servizos Sociais. ....	40
B)Os Centros de Servizos Sociais. ....	41
<b>3.2 Os Departamentos municipais de Benestar. ....</b>	<b>45</b>
A)O financiamento dos Servizos Sociais. ....	45
B)Os recursos humanos nos Servizos Sociais municipais. ....	48
C)A actividade e os principais programas dos departamentos municipais de benestar. O Servizo de Axuda no Fogar. ....	50
<b>3.3 Extracto da situación dos servizos sociais na Comarca do Xallas. ....</b>	<b>54</b>
<b>4. CONCLUSIÓN E RECOMENDACIÓNS. ....</b>	<b>58</b>
<b>4.1 As principais conclusións . ....</b>	<b>59</b>
A) A evolución demográfica .....	59
B) O avellentamento e a soidade. ....	61
C) As múltiples exclusións. ....	63
D) Os coidados. ....	66
E) Os equipos locais de benestar. ....	67

<b>4.2</b>	<b>As principais recomendacións.</b>	<b>69</b>
	A) A evolución demográfica	69
	B) A soidade e o avellentamento.	75
	C) As múltiples exclusións.	81
	D) Os coidados.	85
	E) Os equipos e a continuidade das políticas de benestar.	88
<b>4.3</b>	<b>Consideracións finais.</b>	<b>91</b>

## ÍNDICE DE IMAXES

Imaxe 1. Situación e composición da Comarca do Xallas. ....	16
Imaxe 2. Distribución das entidades prestadoras de servizos sociais nos concellos da Comarca do Xallas. ....	40
Imaxe 3. Distribución dos centros de servizos sociais nos concellos da Comarca do Xallas. ....	41

## ÍNDICE DE TÁBOAS

Táboa 1. Evolucións comparadas da poboación Provincia da Coruña - Comarca do Xallas. 1998, 2007, 2017. ....	17
Táboa 2. Evolución da poboación dos Concellos da Comarca do Xallas. 1998, 2007, 2017. ....	17
Táboa 3. Evolución da idade media na comarca do Xallas, provincia da Coruña e Galicia. 2002 – 2017. ....	20
Táboa 4. Saldo vexetativo dos concellos da Comarca do Xallas. 1975 - 2016. ....	21
Táboa 5. Índice de avellentamento e sobreavellentamento na Comarca do Xallas, Provincia da Coruña e Galicia. 2017, 2020, 2025 e 2030. ....	22
Táboa 6. Evolución da densidade poboacional da Comarca do Xallas por concellos. Habitantes por quilómetro cadrado. 2002 – 2017. ....	24
Táboa 7. Evolución do PIB por habitante en €. Galicia, Provincia, Comarca do Xallas e Concellos. 2010 – 2014. ....	28
Táboa 8. Distribución da poboación por nivel de estudos. Galicia, provincia e Comarca. 2011. ....	30
Táboa 9. Evolución da Taxa de risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2020). Galicia, provincia e Área da Costa da Morte da Coruña. 2011 – 2016. ....	31
Táboa 10. Evolución dos Ingresos mensuais dos fogares e dos Ingresos por persoa. Galicia, provincia e Área da Costa da Morte da Coruña. 2011 – 2016. ....	32
Táboa 11. Evolución da Renda dispoñible bruta por habitante. Galicia, Provincia, Comarca do Xallas e Concellos. 2010 – 2015. ....	33
Táboa 12. Evolución da estrutura de ingresos dos fogares, en porcentaxe. Galicia e provincia. 2011 – 2016. ....	34
Táboa 13. Evolución do peso das prestacións sobre a renda dispoñible bruta por habitante. Galicia, Provincia, Comarca do Xallas e Concellos. 2010 – 2015. ....	34
Táboa 14. Evolución da mediana de ingresos do fogar atendendo á súa fonte principal (€). Galicia e provincia. 2011 – 2016. ....	35
Táboa 15. Distribución dos centros de servizos sociais da comarca do Xallas segundo o seu ámbito de actuación. ....	41
Táboa 16. Número de centros de servizos sociais da comarca do Xallas segundo a súa tipoloxía e número de prazas totais autorizadas. 2017. ....	42
Táboa 17. Evolución ratio de cobertura, número de centros e prazas nos centros de atención ás persoas maiores 2005 – 2017 na Comarca do Xallas. ....	43
Táboa 18. Orzamento municipal dos Concellos da Comarca do Xallas para o exercicio 2018, importe do programa de “Servizos Sociais e promoción social” dos orzamentos municipais e % do programa sobre o orzamento municipal. ....	45
Táboa 19. Achegas realizadas pola Deputación da Coruña ós concellos da comarca do Xallas en concepto de financiamento dos servizos sociais comunitarios. Anos 2016 – 2018. ....	46
Táboa 20. Achegas realizadas pola Xunta de Galicia ós concellos da comarca do Xallas en concepto de financiamento dos servizos sociais comunitarios. Anos 2016 – 2018. ....	47
Táboa 21. Número de profesionais segundo ocupación e concello que forman parte dos equipos de servizos sociais na Comarca do Xallas. 2018. ....	49
Táboa 22. Número de horas prestadas e usuarios/as atendidos/as segundo a modalidade de SAF libre concorrência e dependencia nos concellos da Comarca do Xallas. 2018. ....	51
Táboa 23. Ratio de cobertura do servizo de SAF segundo as modalidades de libre concorrência e dependencia nos concellos da Comarca de Xallas. 2018. ....	52
Táboa 24. Número de horas prestadas do SAF libre concorrência nos concellos da Comarca do Xallas. 2016 - 2018. ....	52
Táboa 25. Evolución no financiamento das horas prestadas do SAF libre concorrência nos concellos da Comarca do Xallas. 2016 - 2019. ....	53
Táboa 26. Tipo de xestión do servizo de axuda no fogar nos concellos da Comarca do Xallas en función da súa modalidade e número de persoal encargado da coordinación e da prestación directa do servizo. 2018. ....	54

## ÍNDICE DE GRÁFICOS

Gráfico 1. Pirámide de poboación Comarca do Xallas, 2017. ....	18
Gráfico 2. Distribución da poboación por grupos de idade. Comarca do Xallas. 2017. ....	19
Gráfico 3. Evolución da pirámide poboacional da Comarca do Xallas, anos 1998- 2007 e 2017. ....	19
Gráfico 4. Distribución por tramos de idade nos concellos da Comarca do Xallas. 2017. ....	20
Gráfico 5. Evolución do saldo vexetativo da Comarca do Xallas. 1975 - 2016. ....	21
Gráfico 6. Saldo migratorio da Comarca do Xallas. 1998 – 2016. ....	22
Gráfico 7. Pirámide de poboación da Comarca do Xallas, 2030 en base a proxeccións de poboación. ....	23
Gráfico 8. Evolución da composición dos fogares da Comarca do Xallas. 2001-2011. ....	25
Gráfico 9. Estrutura do tecido empresarial da Comarca do Xallas por condición xurídica. 2014. ....	29
Gráfico 10. Evolución da afiliación á Seguridade Social por réximes na Comarca do Xallas. 2011-2018. ....	30
Gráfico 11. Evolución do custo mensual das hipotecas activas. Galicia, provincia e Concellos galegos menores de 10.000 habitantes. 2011-2016. ....	37
Gráfico 12. Finalidade das achegas recibidas polos concellos da Comarca do Xallas da administración autonómica e provincial para o financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais. Ano 2018. ....	48



## Introdución.

A Diagnose sobre os servizos sociais na Comarca do Xallas forma parte da serie de documentos diagnósticos que integran o Plan de Acción de servizos sociais da Deputación da Coruña.

O Plan de Acción de servizos sociais da Deputación da Coruña ten como obxectivo dotar á Deputación dun marco estratéxico para o desenvolvemento das políticas de benestar na provincia en relación cos Concellos menores de 20.000 habitantes e coas entidades sociais do territorio.

Este novo marco susténtase na axeitada interpretación do contexto demográfico e socioeconómico do territorio como elemento fundamental para a construción conxunta dun novo modelo de política pública que dea resposta á evolución das necesidades sociais. É, neste sentido, onde radica a importancia de contar non unicamente con datos fiables e actualizados sobre a realidade na que vimos traballando dende os departamentos de servizos sociais, senón dunha adecuada interpretación dos mesmos que nos leve a deseñar medidas efectivas no camiño cara a construción de sociedades máis xustas e con maior benestar.

Deste xeito, se ben a Diagnose que aquí se presenta é un apartado fundamental no conxunto do Plan de Acción, a incorporación dun sistema de traballo participativo leva a transcender ós meros datos a través da obtención de diferentes interpretacións das súas causas e dos fenómenos que os xeran. Así, se ben as problemáticas sociais se poden definir en termos de políticas públicas como *wicked problems* ou problemas malvados debido ás súas múltiples relacións cruzadas, non é posible o deseño dun Plan de Acción efectivo sen asumir tanto a complexidade das propias situacións sociais como a multiplicidade das visións que os actores da política teñen sobre os mesmos, aspectos estes que serán a base das medidas deseñadas dentro do propio Plan de Acción da Deputación.

Con todo, e aínda que a existencia de matices na interpretación da realidade social é un elemento consubstancial ás propias políticas sociais, existen aspectos cuantificables que evidencian a presenza de situacións definidas comunmente como non desexadas sobre as que é preciso incidir dende os poderes públicos. Así, realidades como o devalo demográfico xeral ou o despoboamento de zonas importantes do territorio, o avellentamento ou a presenza de núcleos salientables de exclusión social constitúen realidades que, conxuntamente con outras, marcan e marcarán a actuación dos departamentos de benestar social a medio prazo.

Dentro deste esquema xeral é onde cobra especial valor a obtención de datos fiables sobre a realidade social e sobre a actividade que están a realizar os departamentos municipais de servizos sociais.

A continuación preséntase a Diagnose sobre a situación dos servizos sociais na Comarca do Xallas como parte dos traballos de diagnose, do territorio provincial e das comarcas da provincia, a partir dos cales se elabora o Plan de Acción de servizos sociais.

## Obxectivos da diagnose.

A Diagnose dos Servizos Sociais da Comarca do Xallas enmarcarse nos traballos do Plan de Acción de Servizos Sociais da Deputación da Coruña e, como tal, é a ferramenta que utilizará a Deputación para conformar o seu marco de actuación e a súa relación cos Concellos e coas Entidades Sociais en relación ás políticas de benestar.

O **obxectivo da Diagnose do Plan de Acción de Servizos Sociais** é o seguinte:

**A Diagnose do Plan de Acción de Servizos Sociais da Deputación da Coruña ten como obxectivo fornecernos de datos oficiais, fiables e contrastados sobre a situación demográfica e socioeconómica do territorio, así como sobre a actuación que as administracións locais están a levar a cabo en relación ás políticas de benestar. Esta recompilación de información será unha parte fundamental sobre a que deseñar o conxunto de medidas que conformen o Plan de Acción, así como a liña de base sobre a cal realizar o seguimento posterior da súa efectividade no marco dun novo modelo de relación entre administracións e entes sociais no seu traballo de procura na mellora da autonomía das persoas.**

Para facer fronte a este obxectivo xeral, a Diagnose do Plan de Acción de Servizos Sociais realizou as seguintes tarefas:

- Análise de fontes estatísticas oficiais galegas e estatais.
- Análise documental de publicacións oficiais e de recoñecido prestixio.
- Análise da normativa e dos actos administrativos propios da Deputación e dos Concellos relacionados coas políticas de benestar.
- Análise do Rexistro Unificado de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia.
- Análise do Sistema de Información de Usuarios dos Servizos Sociais (SIUSS)
- Recompilación de información cuantitativa municipal relacionada coa dotación de recursos dos departamentos de benestar.
- Outras.

Un dos elementos máis importantes do Plan de Acción e da Diagnose como unha das súas partes centrais, é o conxunto de valores sobre os que se sustenta e que, polo tanto, serán os que guíen o seu desenvolvemento. Estes valores, dun xeito coherente coa Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia, aterran o marco normativo vixente á actuación da Deputación da Coruña dentro da súa misión global de apoiar ós Concellos, con especial atención ós de menos de 20.000 habitantes, de modo que supoñen non só a nosa interpretación da lexislación senón os principios que a Deputación

Ile traslada a tódalas actuacións e ós modelos de relación enmarcados dentro do propio Plan de Acción.

Os valores do Plan de Acción de Servizos Sociais da Deputación da Coruña son os seguintes:

- **Compromiso.** O Plan de Acción de Servizos Sociais supón o compromiso da institución coa cidadanía e cos equipos dos Concellos á hora de responder ás demandas sociais e prestar servizos de calidade que promovan e melloren a autonomía das persoas.
- **Solidariedade.** O Plan de Acción define un marco de relación estable entre a Deputación e os Concellos que garante a sustentabilidade dos servizos sociais comunitarios a través da dotación de recursos e de ferramentas compartidas, poñendo a primeira pedra para a creación da Rede de Concellos para o Benestar. A través do valor da solidariedade garántese que a Rede de servizos sociais comunitarios estea ó alcance de toda a cidadanía da provincia, eliminando as fendas territoriais e promovendo o acceso universal.
- **Integración.** O Plan de Acción contén a creación dun modelo de apoio institucional e técnico que a Deputación da Coruña poñerá a disposición dos Concellos. Este modelo garantizará que a asistencia técnica da Deputación chegue a tódolos equipos municipais dando unidade ás intervencións dentro da necesaria adaptación ás realidades locais.
- **Participación.** O Plan de Acción constrúese sobre a base da participación das persoas profesionais dos servizos sociais tanto nos Concellos como nas Entidades Sociais, e mantén ese espírito a través da creación de espazos de reflexión conxunto para compartir experiencias e mellorar na prestación de servizos. A participación é un elemento consubstancial á Rede e á mellora continua, ademais de constituír a base para a co-responsabilidade dos membros da Rede e para o seu compromiso.
- **Proximidade.** O Plan de Acción ten como un dos seus alicerces fundamentais o achegamento tanto á realidade social de cada contexto de referencia como o achegamento ás persoas como xeito de fomentar a súa autonomía. A proximidade dos equipos ás persoas e a proximidade do apoio técnico ós equipos son elementos constituíntes do novo modelo de política de benestar e teñen no fomento do traballo relacional o seu máximo expoñente.
- **Liderado público.** O liderado público das políticas de benestar potencia e dálle forza ás iniciativas de coordinación e complementariedade coas entidades do terceiro sector. O liderado público é a garantía de que a cidadanía pode exercer os seus dereitos sociais con independencia das súas posibilidades ou localización territorial. O liderado público da rede de axentes que traballan nas políticas de benestar afianza as súas capacidades, multiplica o efecto das súas intervencións, posibilita a participación da cidadanía e garante a resposta ás necesidades sociais.

- **Intelixencia.** O Plan de Acción comprende no seu seo un importante abano de información sobre a realidade dos servizos prestados polos Concellos e polas entidades sociais no territorio. Estes datos, así como diferentes propostas especificamente deseñadas para mellorar a toma de información e a súa xestión para incrementar a coordinación local e o rendemento dos servizos, serán elementos básicos á hora de planificar o desenvolvemento das actuacións e xerar maior coñecemento sobre as intervencións. O coñecemento e a intelixencia nos servizos sociais son elementos sobre o que pivotará o desenvolvemento da Rede e a adaptación dos servizos á realidade social.
- **Diversidade.** A diversidade é o valor sobre o que se asenta tanto a especificidade comarcal das análises e das actuacións territoriais de proximidade contempladas no Plan de Acción, como o recoñecemento da complexidade social á que ten que dar resposta os servizos sociais locais. Esta crecente diversidade social comporta un esforzo por parte dos equipos técnicos á hora de adaptarse ás diferentes circunstancias e, polo tanto, a necesidade de maior apoio, maiores recursos e mellores ferramentas á hora de deseñar intervencións no territorio.

Ademais, e na liña mencionada de coherencia coa normativa de referencia, o Plan de Acción asume como propios os principios xerais presentes no Art. 4 da Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia que son: (I) a universalidade; (II) a prevención; (III) a responsabilidade pública; (IV) a igualdade; (V) a equidade; (VI) a solidariedade; (VII) a atención integral e personalizada; (VIII) a autonomía persoal e vida independente; (IX) a participación; (X) a integración e normalización; (XI) a globalidade; (XII) a descentralización e proximidade; (XIII) a coordinación; (XIV) a economía, eficacia e eficiencia; (XV) a planificación; e (XVI) a avaliación e a calidade.

## Estrutura da Diagnose.

A Diagnose dos Servizos Sociais da Comarca do Xallas, para a consecución dos obxectivos establecidos no punto previo, aséntase sobre a análise, tanto a nivel comarcal como na desagregación para os Concellos que a compoñen (os Concellos de Mazaricos e Santa Comba) dunha serie de indicadores agrupados atendendo ós seguintes contidos:

- Análise **demográfica**, atendendo á evolución da **estrutura poboacional** e ás proxeccións sobre poboación. Un dos apartados a salientar dentro do estudo das variables demográficas é o asentamento da poboación no territorio, de tal xeito que serán analizadas as dinámicas demográficas a nivel parroquial e o grao de dispersión da poboación na comarca.
- Análise **socioeconómica**. Co obxectivo de estudar o contexto de actuación de carácter socioeconómico, analizaranse elementos como o nivel de renda dos habitantes da comarca, o nivel formativo, a existencia e a evolución do desemprego, ou a conformación dos ingresos dos fogares.
- Análise da **actividade e dos recursos** dos departamentos de benestar social. Dentro deste apartado, estudaranse os principais indicadores relacionados coa actividade dos servizos sociais, a composición dos diferentes departamentos municipais ou as entidades que conforman o Terceiro Sector de Acción Social na comarca e nos seus diferentes Concellos así como os equipamentos e recursos dispoñibles en materia de servizos sociais na zona.
- Finalmente, achegaranse as **conclusións e recomendacións** da análise cuantitativa realizada, que conformarán o contexto para a definición dos principais eixos estratéxicos do Plan de Acción e que, de xeito coherente cos deseñados a nivel provincial, serán aterrados á realidade específica da Comarca e dos Concellos.

As principais fontes de información utilizadas para a elaboración desta Diagnose correspóndense ós Institutos de Estatística tanto galegos (Instituto Galego de Estatística) como estatal (Instituto Nacional de Estadística). Estas fontes son complementadas con diferentes recursos especializados de recoñecido prestixio relacionadas, con informes oficiais procedentes da Deputación da Coruña e dos propios Concellos, así como con datos procedentes da Consellería de Política Social, entre os que salienta o Sistema de Información de Usuarios de Servizos Sociais. Neste último sentido salienta a utilización do Rexistro Unificado de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais como fonte oficial sobre a que realizar os estudos das entidades e dos centros que prestan servizos no territorio.


Ademais, é preciso mencionar que serán estudados os orzamentos e os equipos que os Concellos teñen a disposición do público nos seus diferentes departamentos de Servizos Sociais locais, de tal xeito que se conformará unha imaxe tanto do territorio, das condicións da cidadanía e dos recursos

(tanto públicos, sociais como privados) que actúan no territorio dentro das políticas de benestar, completando así unha visión integral da política.

## A comarca do Xallas.

A Comarca do Xallas está composta polos concellos de Mazaricos e Santa Comba. Cada un pertence a un Partido Xudicial diferente, sendo aglutinado Santa Comba no de Negreira e Mazaricos no de Muros. Este territorio ten unha superficie de 394,7 qm<sup>2</sup>. Situado no interior da Costa da Morte, a Comarca do Xallas limita ó leste coa Barcala e Santiago, polo sur con Muros e Noia, cara o oeste está a Comarca de Fisterra, e cara o norte Terra de Soneira e Bergantiños.

*Imaxe 1. Situación e composición da Comarca do Xallas.*



Fonte: AGADER e Wikipedia.

O territorio ten unha actividade xeral marcada polo sector agrario. Tanto Mazaricos, e en maior medida Santa Comba (por extensión e poboación) este sector é motor nas economías locais.

A continuación procederase á análise dos diferentes apartados mencionados, iniciando así a Diagnose sobre os Servizos Sociais na Comarca do Xallas como paso previo á elaboración do Plan de Acción de servizos sociais.



## 1. A dinámica demográfica. Elementos básicos e evolución.

Un dos elementos centrais da Diagnose é a análise das principais dinámicas demográficas presentes no territorio co obxectivo de conformar unha imaxe sobre a evolución da poboación que será básica á hora de establecer un proceso de planificación das posibles necesidades e dos recursos a poñer á disposición da cidadanía para garantir os seus dereitos.

Neste sentido, o apartado actual amosa un salientable abano de indicadores demográficos oficiais nos que se verán reflectidas as dinámicas poboacionais a nivel comarcal e a nivel municipal, ás que se lle engadirán as proxeccións oficiais sobre a dinámica demográfica futura, conformando así unha parte do pano de fondo sobre o que actuarán as políticas de benestar, é dicir, as persoas.

### 1.1A ESTRUCTURA DA POBOACIÓN. EVOLUCIÓN E PROXECCIÓNS

A poboación da Comarca do Xallas, no 2017 presenta 13.491 habitantes que equivalen ó 1,2% da poboación da provincia da Coruña e ó 0,49% do total da poboación galega. No ano 1998 a Comarca ten 17.608 habitantes. No 2007 a poboación presenta un descenso de 1.841 habitantes menos e no 2017 a perda, con respecto ó 2007, é de 2.276 persoas. Así, no período 1998 – 2017 a perda de poboación na Comarca equivale a 4.117 persoas menos.

Táboa 1. Evolucións comparadas da poboación Provincia da Coruña - Comarca do Xallas. 1998, 2007, 2017.

Territorio	1998	2007	2017
Provincia da Coruña	1.106.325	1.132.792	1.120.294
Comarca do Xallas	<b>17.608</b>	<b>15.767</b>	<b>13.491</b>

Fonte: IGE.

O ascenso e descenso, dentro dunha estabilidade, da poboación na provincia da Coruña non é acorde coa situación que se vive na Comarca do Xallas, onde o descenso continuo de poboación é a tónica xeral

A evolución da poboación dos diferentes Concellos que forman parte da Comarca do Xallas detállase na seguinte táboa.

Táboa 2 Evolución da poboación dos Concellos da Comarca do Xallas. 1998, 2007, 2017.

Territorio	1998	2007	2017
Concello de Mazaricos	6.648	5.179	4.014

Territorio	1998	2007	2017
Concello de Santa Comba	10.960	10.588	9.477
<b>Total Comarca do Xallas</b>	<b>17.608</b>	<b>15.767</b>	<b>13.491</b>


Fonte: IGE.

Na táboa é obsérvase unha evolución negativa nos dous concellos que compoñen a Comarca. O concello de Mazaricos presenta un descenso no 2007 do 22% sobre a poboación do 1998, repetíndose a porcentaxe no período 2007 – 2017. En total, dende 1998 ó 2017, o concello de Mazaricos rebaixou a súa masa poboacional nun 40% equivalente a 2.634 habitantes menos.

No caso do concello de Santa Comba preséntase un descenso total de 1.483 persoas do 1998 ó 2017, isto supón un descenso do 13,5% da poboación. En termos xerais, a Comarca do Xallas perde 4.117 persoas, o que equivale a un descenso do 23% da poboación.

Polo que respecta á estrutura da poboación, a continuación amósase a pirámide coa distribución por idades dos habitantes da comarca do Xallas, afóndase na composición da cidadanía da comarca, segundo sexo e tramos de idade.

Gráfico 1. Pirámide de poboación Comarca do Xallas, 2017.




Fonte: IGE.

Como se pode observar na pirámide de poboación da Comarca do Xallas, a estrutura vén determinada por uns chanzos iniciais (correspondentes á xente nova) moi estreitos, sen chegar ó 2% de poboación calquera tramo inferior a vinte anos. A medida que avanzan as idades, os chanzos aumentan. De feito, a idade máis representativa en homes comprende entre os 65 a 69 anos, e en mulleres entre o 70 e 74 anos (ámbolos dous acadan o 4% do total). Os tramos de maior idade teñen un peso considerable dentro da totalidade da poboación, sobre todo nas mulleres, que duplican ós homes a partir dos 80 anos. A perda de poboación comentada anteriormente na táboa 1, vencéllase coa pirámide que estamos a relatar.

Con isto, a distribución da poboación por grandes grupos de idade amosa como, para o 2017, o groso da poboación concéntrase en torno ós maiores de 20 anos (que suman o 88% da poboación), tal e como mostra o seguinte gráfico. Tamén cabe salientar que o peso da poboación maior de 65 anos (31%) supera á menor de 20 anos (12%) en 19 puntos.


Gráfico 2. Distribución da poboación por grupos de idade. Comarca do Xallas. 2017.



Fonte: IGE.

A fotografía da distribución actual da poboación na comarca é resultado da evolución observada ó longo dos últimos anos nos que se produce un proceso de devalo demográfico acentuado. Este proceso, como se pode ver na evolución das estruturas poboacionais do gráfico 3, comporta unha constante redución da base das pirámides (moi visible no paso de 2007 ó 2017), que está composta polas persoas de menor idade, en tanto que se acompaña dun progresivo incremento da parte superior da pirámide, chegando a duplicarse os últimos tramos de idade nestes 20 últimos anos.

Gráfico 3. Evolución da pirámide poboacional da Comarca do Xallas, anos 1998- 2007 e 2017.




Fonte: IGE.

As imaxes da evolución da pirámide de poboación da comarca permiten identificar graficamente o proceso que se vén comentando. É dicir, un progresivo avellentamento da poboación conxuntado cun progresivo incremento da esperanza de vida, á vez que a base da pirámide decrece, salientando unha baixa natalidade.

Esta estrutura demográfica comarcal trasládase á realidade municipal que presenta, por grandes grupos de idade, a seguinte distribución.

Gráfico 4. Distribución por tramos de idade nos concellos da Comarca do Xallas. 2017.



Fonte: IGE.

Deste xeito, o Concello de Mazaricos presenta uns números de xente menor de 20 anos do 9% fronte ó 91% do resto de grupos, o 56% son persoas entre 20 e 64 anos e o 35% corresponde ós de 65 anos e máis. No caso de Santa Comba, o imaxe non resulta moi diferente. Soamente o 13% da poboación é menor de 20 anos, mentres que o 87% restante xa se atopa en idade adulta.

Esta distribución municipal amosa que a tendencia observada na comarca non se ve modificada pola presenza de tendencias demográficas que puideran responder a características locais relacionadas cunha dinámica poboacional diferente, de tal xeito que se pode afirmar que tanto o contexto demográfico comarcal como o local son estables e homoxéneos, aínda que sexan máis acentuados nun caso ou noutro.

Un elemento que achega información sobre a evolución da poboación e, máis concretamente sobre o proceso de avellentamento, é a idade media das persoas que habitan a comarca en comparación cos da provincia e do conxunto de Galicia.

Táboa 3. Evolución da idade media na comarca do Xallas, provincia da Coruña e Galicia. 2002 – 2017


Territorio	2002	2007	2017
Galicia	42,89	44,22	46,76
Provincia da Coruña	42,49	43,87	46,46
<b>Comarca do Xallas</b>	<b>44,23</b>	<b>46,68</b>	<b>50,62</b>

Fonte: IGE.

Como se pode comprobar, a evolución xeral da idade media dos galegos é crecente, aínda que este proceso vese acentuado nos últimos 10 anos. Con todo, a Comarca do Xallas presenta unha media de idade catro anos superior ás medias galegas e da provincia da Coruña no 2017. Esta fenda diferencial foise incrementando, xa que no 2002, a media xalleira só superaba en dous anos ós promedios globais. A Comarca vese influenciada pola media de idade mazaricá, que está nos 53 anos, mentres que a media de Santa Comba establécese en 50 anos neste 2017.

Por outro lado, a análise da evolución que veñen experimentando os nacementos e as defuncións no conxunto da comarca presenta unha imaxe nida do proceso de devalo na natalidade na Comarca do Xallas. No seguinte gráfico, pódese observar como o saldo vexetativo (tanto da Comarca do Xallas coma dos Concellos de Mazaricos e Santa Comba) non presenta datos positivos dende o ano 1984. A partir dese ano o saldo positivo revértese en negativo ata a actualidade. Neste proceso, a evolución foi máis precipitada nos seus comezos, e aínda que a partir do 2004 os saldos estabilízanse, estes fanos nos números máis negativos de toda a serie analizada.

Gráfico 5. Evolución do saldo vexetativo da Comarca do Xallas. 1975 - 2016.



Fonte: IGE. INE. Movemento natural da poboación.

Así, no total da Comarca do Xallas no ano 2010 chegou ó máximo saldo vexetativo negativo cunha diferenza de 158 persoas falecidas máis das que naceron. No 2016 esta cifra situouse en negativo.

Neste senso, os concellos do Xallas presentan dinámicas paralelas. No tocante ó Concello de Mazaricos, este presenta un saldo vexetativo negativo dende 1984. Como se observa na táboa 4, en 1985 o saldo negativo era mínimo con cinco persoas máis que morren sobre as que nacen. Esta cifra vaise aumentando progresivamente ata chegar preto das sesenta en negativo no 2015. No caso de Santa Comba, que presenta uns números similares ós de Mazaricos. Así, no 1985 presentaba un saldo negativo de seis persoas, mentres que no 2005 incrementouse a cincuenta e dúas, sendo diminuída esta cifra no 2015 a corenta e cinco persoas.


Táboa 4. Saldo vexetativo dos concellos da Comarca do Xallas. 1975 - 2016.

Territorio	1975	1985	1995	2005	2015
Concello de Mazaricos	31	-5	-22	-48	-58
Concello da Santa Comba	53	-6	-37	-52	-45

Fonte: IGE. INE. Movemento natural da poboación.

Neste punto tamén é importante deterse no saldo de carácter migratorio. Neste sentido, tal e como se presenta no seguinte gráfico, a tendencia xeral é negativa ó longo do período analizado. Se ben hai un pico no 2007 onde houbo un saldo migratorio positivo de 48 persoas, no resto de anos analizados, o saldo é negativo, sendo o pico máis representativo neste aspecto o do ano 2012, onde marcharon 126 persoas máis das que entraron na comarca xalleira. A partir do 2012 a perda migratoria vaise mitigando.

Gráfico 6. Saldo migratorio da Comarca do Xallas. 1998 – 2016.



Fonte: IGE

Deste xeito, o proceso demográfico propio da comarca vese acentuado pola continua perda poboacional cara fóra da comarca, sobre todo cara o resto da provincia e de Galicia. Neste senso, o saldo migratorio interno cara a provincia da Coruña e Galicia foi negativo dende o 1998 (ano inicial deste análise). Pero, por outra banda, o saldo externo mantívose en datos positivos ata o 2010, onde en vez de pasar a recibir inmigrantes (sobre todo do estranxeiro), comezaron a emigrar, principalmente tamén, cara o estranxeiro.

É dicir, no cómputo global pódese indicar que a Comarca do Xallas ten un saldo migratorio negativo de 1998 a 2016 con 1.047 persoas máis que emigran das que inmigran.

Como se vén de observar, a estrutura demográfica comarcal caracterízase polo seu progresivo avellentamento. Neste sentido, é preciso deterse nos índices de avellentamento e sobreavellentamento como elementos de referencia para a análise desta característica demográfica. Así, o índice de avellentamento amosa o número de persoas de 65 ou máis anos por cada 100 menores de 20 anos, en tanto que o índice de sobreavellentamento relaciona as persoas de 85 ou máis anos por cada 100 persoas de 65 ou menos anos.

Táboa 5. Índice de avellentamento e sobreavellentamento na Comarca do Xallas, Provincia da Coruña e Galicia. 2017, 2020, 2025 e 2030.


Índice	2017	2020	2025	2030
<b>Índice de avellentamento Xallas</b>	<b>243,8</b>	<b>255,8</b>	<b>276,8</b>	<b>318,2</b>
Índice de avellentamento A Coruña	148,98	156,2	177,2	213,1
Índice de avellentamento Galicia	154,77	162,5	185,1	223,6
<b>Índice de sobreavellentamento Xallas</b>	<b>19,1</b>	<b>23</b>	<b>22,3</b>	<b>22</b>
Índice de sobreavellentamento A Coruña	16,35	18,3	17,9	18,3
Índice de sobreavellentamento Galicia	17,48	19,4	18,9	19

Fonte: IGE

Tal e como se amosa na táboa anterior, os datos oficiais ofrecen a posibilidade de analizar tanto a situación actual dos índices relacionados co avellentamento, como de realizar proxeccións para o futuro. Neste sentido, a situación da Comarca do Xallas presenta uns índices (tanto de avellentamento coma de sobreavellentamento) máis elevados que os que presentan Galicia e a Provincia da Coruña.

A continuación amósase a proxección da estrutura da poboación propia da comarca do Xallas prevista para o 2030, a cal permite visualizar a consecuencia tanto do avellentamento como do incremento da esperanza de vida entre a poboación xalleira.

Gráfico 7. Pirámide de poboación da Comarca do Xallas, 2030 en base a proxeccións de poboación.



Fonte: IGE

Como se pode comprobar, a estrutura demográfica prevista supón a continuidade da evolución observada ata a actualidade. A pirámide da proxección poboacional para o 2030 da Comarca do Xallas contabiliza unha poboación de 11.306 habitantes. É dicir, dos 13.491 do 2017, pasaranse a 11.306 en 2030. En escasos 12 anos a poboación diminuírá un total de 2.185 persoas, un 16% menos de poboación. A análise da pirámide permite observar como os chanzos de 0 a 14 anos teñen moi pouco peso na sociedade xalleira. De feito é a partir dos 50 anos, en ámbolos dous sexos, cando superan o 2% da poboación. O avellentamento é palpable nunha situación onde a pirámide é á inversa, resaltando o peso real que teñen as idades avanzadas na Comarca do Xallas. É de destacar que o maior tramo lle corresponde ás mulleres de máis de 85 anos.

## 1.20 ASENTAMENTO DA POBOACIÓN. DENSIDADE, DISPERSIÓN E CONDICIÓNS DA VIVENDA.

Un dos elementos determinantes para o deseño de políticas de benestar adaptadas á poboación é o seu modelo de asentamento e de ocupación do territorio. Neste sentido, a comarca do Xallas comprende unicamente o concello de Mazaricos e o de Santa Comba, que á súa vez abarcan un total de 29 parroquias, 231 entidades singulares, 136 Núcleos de poboación e 97 diseminados.

Esta distribución completa un panorama dunha contundente dispersión da poboación xa que, como se pode comprobar, estase a definir un territorio no que a poboación non se agrupa principalmente en torno ás cabeceiras de concello, existindo multiplicidade de núcleos diferenciados habitados.

No Concello de Mazaricos, a parroquia máis habitada é Chacín (Santa Olaia) con 621 persoas (un 15% do total do concello). Cun 14%, Mazaricos (San Xoán) sitúase en segundo lugar, seguido de Coiro (Santa María) que con 411 habitantes supón o 10% da poboación total do concello. Aparte destas

tres parroquias, Mazaricos ten nove máis que non abarcan máis de 350 habitantes cada unha, ou ben o 10% da poboación do concello. Baos (Santo Tomé) con 97 habitantes (2,4% da poboación local) é a parroquia menos poboada de Mazaricos.

No caso do Concello de Santa Comba, das dezasete parroquias que compoñen o concello é a de Santa Comba (San Pedro) a máis poboada con 3.459 habitantes que supón o 36,5% da poboación total do concello xalleiro. Castriz (San Pedro) é o segundo núcleo máis poboado con 826 habitantes que equivalen ó 8,7% da poboación de Santa Comba. No resto das quince parroquias a poboación rolda as 300 persoas, ou ben un 3% da poboación do concello en cada parroquia, a excepción do caso de Esternande (Santa María) que presenta os números máis baixos do concello con 89 habitantes (0,94% da poboación do concello).

Un elemento que contribúe a verificar a relación entre a dimensión do territorio e o volume de poboación é a evolución da densidade, definida como o número de habitantes por quilómetro cadrado de superficie. Neste sentido, tal como se pode observar na seguinte táboa, de xeito coherente coa evolución demográfica xa analizada, é posible observar como a Comarca do Xallas ten unha densidade poboacional substancialmente máis baixa que a galega e a provincia da Coruña. Así, o longo do treito analizado, dende o 2002 ó 2017, a densidade poboacional na comarca descende en 6 persoas por qm<sup>2</sup>.

*Táboa 6. Evolución da densidade poboacional da Comarca do Xallas por concellos. Habitantes por quilómetro cadrado. 2002 – 2017.*

Territorio	2002	2007	2017
Galicia	91,2	92,7	91,6
Provincia de A Coruña	137,9	141	141,1
<b>Comarca do Xallas</b>	<b>42,3</b>	<b>38,4</b>	<b>36,1</b>
Concello de Mazaricos	30,8	25,5	23,3
Concello de Santa Comba	53	50,2	47,9

Fonte: IGE

Outro dos elementos a ter en conta relativo á dispersión, é a heteroxeneidade no comportamento dos diferentes concellos. Así, no concello de Mazaricos hai unha densidade no 2017 de 23,3 persoas por qm<sup>2</sup>, seis puntos menos que no 2002 (que situaba a cifra nos 30,8 habitantes por qm<sup>2</sup>), mentres que no concello de Santa Comba, aínda que por debaixo da media galega e da provincia da Coruña, non presenta uns datos tan negativos coma o seu veciño Mazaricos. Se ben no ano 2002 presentaba uns datos de 53 habitantes por qm<sup>2</sup>, a densidade foi en descenso ata situarse no 47,9 habitantes por qm<sup>2</sup> no 2017.

Segundo o exposto, a complexidade da ocupación do territorio por parte da poboación en Galicia, froito dun modelo de asentamento tradicionalmente espallado en múltiples núcleos e entidades para o aproveitamento do territorio propio, ten especial incidencia no caso do Xallas, onde se combina un elevado número de núcleos poboacionais cunha evolución poboacional á baixa.

Así, das 29 parroquias da comarca, só unha é quen de gañar poboación. Trátase de Santa Comba (San Pedro) que medrou un 23% (640 persoas) dende o ano 2000. No resto de parroquias, trátense do




concello de Mazaricos ou Santa Comba, perden toda poboación. Se ben é certo que este proceso é moito máis acentuado nas parroquias mazaricáns onde hai quen perdeu practicamente a metade da súa poboación nestes últimos anos, coma pode ser o caso de Eirón (San Fins) que pasou de case 500 persoas a non chegar ás 300, cun descenso de máis de 200 persoas.

Este proceso dáse de xeito máis acelerado no concello e parroquias mazaricáns que nas de Santa Comba (aínda que tamén estean inmersos nesta tendencia), salientando a existencia de parroquias en Mazaricos que perden case o 50% da súa poboación (Arcos, en Mazaricos) ou de numerosas en Santa Comba que se sitúan entre o 20% e o 30% de perda poboacional.

Deste xeito, hai un descenso xeral da poboación estendido ó longo de tódolos concellos e parroquias que compoñen a comarca.

No marco da análise sobre o asentamento da poboación no territorio, é preciso facer referencia ós fogares e á súa ocupación en función do número de persoas que habitan neles. A continuación amósase a evolución da composición dos fogares da Comarca do Xallas que, no período analizado pasan de 4.422 vivendas no 2001 a un total de 4.744 no 2011.

Gráfico 8. Evolución da composición dos fogares da Comarca do Xallas. 2001-2011.



Fonte: IGE

A imaxe permite constatar como a composición dos fogares na Comarca do Xallas muda substancialmente no período analizado. No 2001 ningunha das tipoloxías das vivendas baixaba do 13% (as vivendas de unha persoa eran no 2001 o tipo de vivenda máis inusual con esta porcentaxe), en tanto que no 2011 prodúcense certos cambios, sobre todo nas vivendas de unha e dúas persoas e tamén nas de cinco, seis ou máis persoas. É dicir, se no 2001 había un 13% das vivendas con unha soa persoa, esta cifra aumentou no 2011 ata case un 17%. O mesmo pasa nas vivendas de dúas persoas, que no 2011 conformaban o 15% do total das vivendas e no 2011 pasaron a conformar o 25% do total.

Se ben as vivendas de tres e catro persoas mantéñense en niveis do 19%, as vivendas con máis persoas son as que máis descendén. Así, pasouse de que houbera, no 2001, un 14% das vivendas con cinco persoas no 2001 e un 20% con 6 ou máis persoas, a que, no 2011, nas vivendas formadas por 5 membros foran o 9% e un 10% as vivendas con 6 ou máis persoas.

No tocante á superficie das vivendas, o 87% das vivendas posúe máis de 75m<sup>2</sup>. Segundo o concello, podemos observar como no caso de Mazaricos, máis da metade das vivendas posúen unha superficie

superior ós 105m<sup>2</sup>, mentres que en Santa Comba o tramo de superficie máis abundante (preto de un cuarto) son as vivendas entre 91 e 105m<sup>2</sup>.

Segundo o réxime de tenza das vivendas, a comarca do Xallas presenta un 96% destas en réxime de propiedade e só un 4% se atopa en réxime de alugueiro. Con respecto ás vivendas en propiedade, máis do 75% decláranse libres de hipoteca, en tanto que esta afectaría ó 6% das vivendas.

Un elemento salientable que é consecuencia do modelo de asentamento da poboación, así como do nivel da presenza de servizos públicos, é o relacionado coa mobilidade. Neste sentido, o 77% das vivendas da Área da Costa da Morte, na que se sitúa a Comarca do Xallas, dispón de cando menos un vehículo no ano 2015.

Neste sentido, tamén hai que salientar que os equipamentos estándar das vivendas da Área da Costa da Morte (que comprende as comarcas de Bergantiños, Fisterra, Muros, Terra de Soneira e Xallas) están cubertos na práctica totalidade dos fogares. A evolución, do 2010 ó 2015, no tocante á tenza de teléfono móbil aumentou en 5 puntos, habendo no 2015 un 90% dos fogares con este dispositivo. É a presenza do teléfono fixo a que diminúe, pasando dun 70% dos fogares en 2010 a un 67% no 2015.

Finalmente, para concluír este apartado relacionado coas vivendas, é preciso indicar que no ano 2015 os fogares que contaban con problemas de falta de espazo, ruídos, illamento, humidades ou goteiras chega ó 61% do total. Un 7% máis que no ano 2010.

A incidencia de internet contratado nos fogares foi en aumento constante pasando dun 34% no 2012 a un 64% no 2016. Duplicou a súa presenza nos fogares da Área da Costa da Morte en 5 anos. A evolución da presenza dun ordenador no fogar vai en incremento, pasando do 45% no 2012 a un 57% das vivendas que posúen este tipo de aparello electrónico.

### **1.3 EXTRACTO DA DINÁMICA DEMOGRÁFICA NA COMARCA DO XALLAS.**

Tal e como se pode extraer do achegamento realizado tanto á evolución demográfica da comarca do Xallas como ao modelo de asentamento e ás condicións dos fogares, a situación defínese baixo un descenso constante da poboación, nun proceso de avellentamento acelerado.

Nesta comarca, a dinámica é de claro devalo demográfico, onde a dispersión xoga un papel fundamental, dado que a gran maioría da poboación non está concentrada nos grandes núcleos de poboación agás no caso mencionado de Santa Comba. Con todo, esta atomización dos habitantes en múltiples núcleos, combinada co avellentamento, xera un novo contexto de actuación con novos perfís de usuarios/as dos servizos municipais e con novas necesidades.

Esta dinámica xeral, visualizada a través de datos relativos á evolución global da poboación, á idade media ou ós saldos vexetativos e migratorios da Comarca, vese trasladada e replicada no modelo de asentamento da poboación no territorio, de tal xeito que a perda de poboación e o avellentamento

son realidades palpables en cada un dos concellos que compón a comarca. De feito, haberá 300 persoas maiores de 65 anos por cada 100 menores de 20 anos nas proxeccións para o ano 2030.

Neste sentido, obsérvase unha concentración poboacional, onde só Santa Comba (San Pedro) é quen de concentrar a máis de 1.000 habitantes con 3.459. Os núcleos de poboación de Mazaricos presentan un promedio de 334 habitantes por parroquia. Mentres que Santa Comba -exceptuando a Santa Comba (San Pedro)- ten un promedio de 376 habitantes por parroquia.

No relativo ás vivendas da comarca, estas son maioritariamente vivendas de tamaño medio-grande en réxime de propiedade. Polo que respecta ás condicións dos fogares, é destacable a elevada porcentaxe (o 61%) de vivendas que declaran contar con problemas relacionados coa falta de espaza e humidades. Así, e en canto ó asentamento das novas tecnoloxías nos fogares en torno ó aceso dun ordenador e internet, estes están cada vez máis consolidados nas vivendas xalleiras, a pesar de que a presenza das novas tecnoloxías é substancialmente menor ca nos promedios galego e da provincia, o que comporta a vixencia da fenda dixital.

## 2. O contexto socioeconómico. Aspectos básicos e evolución.

Tal e como se indicaba con anterioridade, o contexto socioeconómico determina en boa medida as condicións de vida dos habitantes do territorio e, polo tanto, é unha parte fundamental á hora de elaborar unha política de benestar.

Dentro deste apartado, e co obxectivo de contextualizar a situación da cidadanía da comarca, utilizaranse diferentes indicadores relacionados coa evolución da renda, da actividade económica e laboral ou, por exemplo, da cohesión social de tal xeito que se establezan as bases para, de modo complementario coa evolución demográfica xa observada, avanzar nas principais características da sociedade sobre a que deben actuar as medidas do Plan de Acción.

### 2.1 ECONOMÍA, TRABALLO E ENSINO.

O primeiro achegamento á estrutura produtiva da Comarca realízase a través da análise do Produto Interior Bruto por habitante, xa que este define o resultado da actividade económica da comarca, e concellos correspondentes, en relación ao seu número de habitantes. Na seguinte táboa recóllese unha comparativa cos datos de Galicia e da Provincia da Coruña conxuntamente coa Comarca do Xallas e concellos de Mazaricos e Santa Comba.

Táboa 7. Evolución do PIB por habitante en €. Galicia, Provincia, Comarca do Xallas e Concellos. 2010 – 2014.

Territorio	2010	2012	2014
Galicia	20.574	19.660	20.077
Provincia da Coruña	21.918	21.462	22.055
<b>Comarca do Xallas</b>	<b>15.844</b>	<b>16.011</b>	<b>16.834</b>
Concello de Mazaricos	16.130	15.814	17.640
Concello de Santa Comba	15.709	16.103	16.464

Fonte: IGE


Na táboa obsérvase como a comarca xallense ten un PIB per cápita sensiblemente inferior aos territorios de referencia. Así, no ano 2010 abarcaba o 77% da renda galega, que foi en aumento ata que no ano 2014 cubre o 84%. A evolución é semellante en comparación coa media provincial, se ben non supera o 76% para o ano 2014.

A nivel municipal, tanto o concello de Mazaricos coma o de Santa Comba presentan uns datos homoxéneos. No primeiro caso o PIB sofre unha baixada no bienio 2010-2012, mentres que para o

2014 experimenta un ascenso que leva ao concello mazaricán aos 17.640€ por habitante (88% do dato galego) . Namentres, o concello de Santa Comba experimenta un ascenso continuado, pasando dos 15.709€ aos 16.464€ por habitante, que corresponden ao 82% do PIB per cápita galego.

Polo que respecta ó tecido empresarial que conforma a Comarca, este esta formado por 2.091 empresas, en 2014. A distribución das empresas xalleiras segundo a súa forma xurídica amósase no seguinte gráfico:

Gráfico 9. Estrutura do tecido empresarial da Comarca do Xallas por condición xurídica. 2014.



Fonte: IGE

O gráfico amosa como a meirande parte das empresas clasifícanse baixo a figura xurídica de Persoas Físicas (78%). As Sociedades de responsabilidade limitada equivalen ao 13% das empresas, mentres que o 1% son cooperativas (20 en número brutos).

A análise da actividade empresarial indica que a metade das empresas adícase á agricultura, mentres que no sector servizos teñen a súa actividade o 35% das empresas, neste sector des salientan o comercio (12%) e a hostalaría (8%). Xa con menor incidencia atópase ao sector da construción (11%) e a industria (4%). O perfil empresarial maioritario da Comarca é, polo tanto, o dunha empresa constituída por unha persoa física relacionada coa agricultura.

Ante este contexto empresarial, é necesario analizar as Unidades de traballo ano (UTA<sup>1</sup>), que recollen a actividade das explotacións dos concellos e da comarca. Así, a Comarca pasou de contar con 3.318 explotacións agrarias no ano 1999 a 1.725 dez anos despois. Así, na Comarca pasáronse de xerar 4.333 Unidades de Traballo / Ano (UTA) no 1999 a 1.826 no ano 2009. Neste sentido, o Concello de Mazaricos experimentou un descenso do 60%, mentres que no caso de Santa Comba o descenso límitase ó 45%.


Polo que respecta á evolución da afiliación á Seguridade Social dende o 2011 ata o 2018, tal e como reflicte o gráfico 10, esta presenta un descenso das persoas afiliadas dun 4%, pasando das 5.000 afiliacións en Xullo do 2011 a 4.785 no 2018. En canto ós réximes e as súas evolucións, o réxime xeral e o réxime especial de autónomos descenden un 2% no primeiro caso e preto dun 11% no segundo,

<sup>1</sup> Unha UTA equivale ao traballo que realiza unha persoa a tempo completo ao longo dun ano.

se ben son os bloques que conforman a maioría das afiliacións á seguridade social na comarca onde se rexistran 2.486 persoas no réxime xeral e 2.070 afiliacións de autónomos/as.

Con respecto ó Réxime especial agrario, a pesar da importante incidencia deste sector na economía do territorio, este aumenta no tocante á porcentaxes se ben en números o ascenso que se presenta é de 63 persoas, o que supón un total de 143 inscritas neste réxime.

Gráfico 10. Evolución da afiliación á Seguridade Social por réximes na Comarca do Xallas. 2011-2018.



Fonte: IGE

Dende o ano 2011, o desemprego diminúe en 511 persoas (que significa un descenso do 43,3% do paro), sendo este dato compatible coa estabilidade da afiliación á seguridade social. No tocante á evolución do paro por sexo obsérvase como no caso dos homes a baixada é dun 57% mentres que para as mulleres a porcentaxe de redución do desemprego é dun 27%.

A formación, e as infraestruturas e servizos para tal fin, son outros dos obxectos da análise do contexto socioeconómico do Xallas. Así, a Comarca do Xallas con 8 centros educativos, repartidos entre os 6 de educación infantil e primaria (2 en Mazaricos e 4 en Santa Comba) e cadanseu centro adicado á educación primaria e ESO/e ou Postobligatorias (o primeiro en Mazaricos e o segundo en Santa Comba). Dos 8 centros só 1 é de titularidade privada.

Estes centros son utilizados pola poboación da Comarca para cursar diferentes ensinanzas oficiais, obtendo no ano 2011 a seguinte distribución da poboación en función do seu nivel de estudos.

Táboa 8. Distribución da poboación por nivel de estudos. Galicia, provincia e Comarca. 2011.

Territorio	Poboación total	Sen estudos	Menores de 16 anos	Primeiro grao	Segundo grao	Estudos superiores
Galicia	2.759.888	11,4%	12,6%	14,9%	47,3%	13,9%
Provincia da Coruña	1.137.555	11,0%	12,7%	14,2%	46,5%	15,5%
<b>Comarca do Xallas</b>	<b>14.631</b>	<b>26,4%</b>	<b>10,3%</b>	<b>16,6%</b>	<b>40,80%</b>	<b>6,0%</b>

Fonte: IGE

A distribución sobre a formación académica que presenta a táboa deixa asmosa como na comarca do Xallas, no ano 2011, máis dun cuarto da poboación non tiña estudos, sendo esta cifra en 15 puntos

superior aos territorios de referencia. Estes datos sitúan á Comarca do Xallas como o territorio da provincia que ten unha maior porcentaxe de persoas sen estudos.

Por outra banda, a porcentaxe de persoas con primeiro grao é superior a Galicia e á Provincia da Coruña en torno a 2 puntos, sendo así case o 17% da poboación xallense a que se encadra nesta clasificación. O bloque de poboación máis numeroso na Comarca é o de persoas cun nivel de estudos de segundo grao, que aglutina case o 41% do total, todo e ser 7 puntos inferiores que nos territorios supracomarcais. O mesmo acontece cos datos relacionados cos estudos superiores, onde a poboación da comarca con este tipo de formación é do 6%, mentres que para Galicia é do 14%, máis do dobre.

Neste sentido, de xeito coherente coa estrutura demográfica previamente analizada, é posible observar como o nivel académico xeral da poboación responde á elevada idade da mesma, de tal xeito que poboacións máis avellentadas contaron con menores posibilidades de acceder ó ensino público e, polo tanto, engrosan os chanzos máis básicos da distribución.

## 2.2A COHESIÓN SOCIAL.

Como se vén de observar na análise realizada, a Comarca do Xallas presenta, de xeito comparado coa provincia e con Galicia, uns datos económicos que a sitúan dentro dun grupo de comarcas de PIB por habitante baixa entre as que se atopan, por exemplo, Terra de Melide ou Terra de Soneira.

Neste sentido, resulta interesante deterse na cohesión social da Comarca e para elo analizaranse unha serie de indicadores que fan fincapé nas condicións de vida das familias xallenses.

O primeiro indicador a ter en conta é o da estratexia Europa 2020, que recolle a taxa de risco de pobreza ou exclusión social, e cuxa evolución detállase na seguinte táboa.

*Táboa 9. Evolución da Taxa de risco de pobreza ou exclusión social (Estratexia Europa 2020). Galicia, provincia e Área da Costa da Morte da Coruña. 2011 – 2016.*

Territorio	2011	2012	2013	2014	2015	2016
Galicia	22,05	23,58	22,83	22,11	22,55	20,33
Provincia da Coruña	21,49	21,49	22,27	19,95	19,13	18,04
<b>Área da Costa da Morte</b>	<b>28,3</b>	<b>28,27</b>	<b>28,9</b>	<b>28,45</b>	<b>22,31</b>	<b>19,33</b>

Fonte: IGE

Como se pode observar na táboa, os datos oficiais da Taxa de Risco de Pobreza agrúpanse por áreas e, no caso da Comarca do Xallas, a área na que se engloba é a da Costa da Morte (formada polas comarcas de Bergantiños, Fisterra, Muros, Terra de Soneira e Xallas).

Analizando os datos pódese observar como a área parte dunha situación inicial no ano 2011 onde a taxa era significativamente superior aos datos que presentaban Galicia (28% da poboación en risco fronte ao 22%; superando así o cuarto de poboación da Costa da Morte en risco de pobreza). A

evolución da taxa na área ata o ano 2016 foi positiva, cando presenta un ritmo de mellora máis acelerado que en Galicia e na Provincia da Coruña. Así, se ben a Costa da Morte presenta para dito ano unha taxa do 19% da poboación en risco, para Galicia o dato sitúase sobre o 20%. Con todo, o dato da provincia segue a ser menos gravoso, e cunha escasa marxe dun punto comparado coa Área da Costa da Morte, ten unha porcentaxe do 18% da poboación en risco de exclusión.

O 19% de poboación en risco de pobreza ou exclusión social na Comarca do Xallas equivale a unhas 2.800 persoas que se atopan en situación de carencia material severa ou que contan cunha renda mensual por baixo do limiar de pobreza, situado no 60% da mediana dos ingresos equivalentes de todas as persoas galegas, que suporía 638,68€ mensuais para o caso de acollerse á cifra de limiar do risco de pobreza do conxunto de Galicia ou 669,55€ para o caso de acollerse á cifra do limiar do risco de pobreza para a provincia da Coruña do 2016.

No relativo ás familias que chegan con facilidade a fin de mes na Costa da Morte, estas supoñen un 40% do total no ano 2016. Esta variable presenta unha evolución positiva dado que no ano 2007 esta cifra roldaba o 24% dos fogares. É dicir, pasouse do ano 2007 onde só unha de cada catro familias chegaban con facilidade a fin de mes a ir camiño de chegar a unha de cada dúas. De tódolos xeitos, é salientable que o 60% chega con dificultade ou moita dificultade a fin de mes.

Con respecto ás cifras de ingresos fixadas estatisticamente para considerar un fogar dentro da categoría de dificultade ou moita dificultade para chegar a fin de mes, para o conxunto de Galicia establécese para o 2016 que a mediana de ingresos ascende a 1.490€ no caso da dificultade e 883€ no caso de moita dificultade. Estas cifras son, para o caso da provincia da Coruña, de 1.575€ e 880€ respectivamente.

Neste sentido, é preciso indicar que, se ben o diferencial na taxa de risco de pobreza sitúa á comarca entre o dato galego (lixeramente máis alto) e o dato provincial (lixeramente máis baixo), o dato da Área da Costa da Morte no tocante á dificultade de chegar a fin de mes sitúase entre 8 e 9 puntos superior ós datos dos territorios de referencia para o ano 2016.

A continuación amósase a situación e evolución dos ingresos dos fogares e das persoas.

*Táboa 10. Evolución dos Ingresos mensuais dos fogares e dos Ingresos por persoa. Galicia, provincia e Área da Costa da Morte da Coruña. 2011 – 2016.*

Ano	Galicia		Provincia		Área da Costa da Morte	
	Ingreso dos fogares	Ingreso por persoa	Ingreso dos fogares	Ingreso por persoa	Ingreso dos fogares	Ingreso por persoa
2011	1.908€	745€	1.984€	772€	1.719€	645€
2012	1.906€	734€	1.995€	775€	1.699€	638€
2013	1.910€	744€	1.993€	783€	1.731€	630€
2014	1.915€	749€	2.015€	795€	1.802€	660€
2015	1.930€	759€	2.036€	807€	1.816€	669€
2016	2.007€	792€	2.095€	834€	1.865€	693€

Fonte: IGE



A Área da Costa da Morte presenta un nivel de ingresos dos fogares máis baixo que os datos galegos e provincial. Así, e en comparación co primeiro, se os galegos contan cunha media de 2.007€, os fogares da Costa da Morte sitúan os seus ingresos nos 1.865€, é dicir, 142€ mensuais menos.

A comparativa cos datos provinciais, amosa como a fenda acrecéntase ata os 230€ de diferenza. Observase tamén nos ingresos por persoa, aquí vese novamente unha fenda de 99€ en relación co dato galego e 141€ respecto ó provincial, situando uns ingresos de 693€ por persoa na área namentres que en Galicia e na Provincia da Coruña é de 792€ e 834€ respectivamente. A evolución dende o ano 2011 é positiva, incrementando a cifra da Área da Costa da Morte en 146€ os ingresos dos fogares e en 48€ os ingresos por persoa.

Ademais destes datos que amosan a evolución dos Ingresos por persoa e fogar a nivel provincial e de Área para o ano 2016, os datos oficiais ofrecen a posibilidade de afondar na realidade da renda dispoñible bruta por habitante.

Este indicador, desagregado a nivel municipal e comarcal, obtense a partir do saldo de rendas primarias sumando as prestacións sociais e as transferencias correntes que son un recurso para os fogares; e restando os impostos sobre a renda, as cotizacións sociais e as transferencias correntes. Polo que é relevante para amosar a situación económica da cidadanía na comarca con respecto ós territorios de referencia.

*Táboa 11. Evolución da Renda dispoñible bruta por habitante. Galicia, Provincia, Comarca do Xallas e Concellos. 2010 – 2015.*

Territorio	2010	2012	2015
<b>Galicia</b>	13.661€	13.365€	13.838€
<b>Provincia da Coruña</b>	14.488€	14.247€	14.751€
<b>Comarca do Xallas</b>	<b>10.473€</b>	<b>10.663€</b>	<b>10.474€</b>
Concello de Mazaricos	10.044€	10.295€	10.496€
Concello de Santa Comba	10.674€	10.835€	10.464€

Fonte: IGE

A evolución da renda dispoñible presenta dinámicas diferentes entre os territorios de referencia e a comarca do Xallas. Se ben en Galicia e na Provincia da Coruña a evolución presenta unha baixada para logo remontar e inclusive superar no 2015 a renda do 2010, a Comarca do Xallas presenta unha subida no tramo 2010-2012, que se mitiga no segundo tramo 2012-2015 para situarse practicamente neste último ano na mesma renda dispoñible que no 2010.

Porcentualmente, a renda da Comarca é o 75% do dato galego e o 71% provincial. Nestes termos, cabe salientar que as diferenzas a nivel municipal non son destacables, xa que tanto Mazaricos coma Santa Comba están nos mesmos niveis de renda dispoñible no 2015, todo e que a evolución presentada polos Concellos é diferente, pois no caso mazaricán hai unha evolución positiva en tódolos tramos, namentres que en Santa Comba prodúcese un descenso de 371€ na renda dende o ano 2012 ata o 2015.

Dentro desta análise é relevante deterse na procedencia dos ingresos dos fogares. Esta aproximación realizare atendendo ós datos oficiais vixentes que permiten un achegamento territorial á realidade de Galicia e da provincia, e que amosan información sobre as orixes destes ingresos en función do traballo por conta allea, por conta propia, por prestacións ou por rendas e outros ingresos. A continuación amósanse os datos en evolución dende o ano 2011.

Táboa 12. Evolución da estrutura de ingresos dos fogares, en porcentaxe. Galicia e provincia. 2011 – 2016.

Ano	Traballo por conta allea		Traballo por conta propia		Prestacións		Rendas e outros	
	Galicia	A Coruña	Galicia	A Coruña	Galicia	A Coruña	Galicia	A Coruña
2011	52,93	54,62	10,05	9,5	33,86	32,64	3,15	3,25
2012	50,58	52,78	10,16	9,96	36,31	34,28	2,95	2,99
2013	49,87	51,69	10,48	10,74	36,9	34,81	2,75	2,76
2014	50,43	52,14	9,87	9,75	36,87	35	2,82	3,1
2015	50,84	53,26	9,89	8,87	36,35	34,75	2,92	3,12
2016	50,47	51,99	10,49	10,43	36,02	34,31	3,02	3,27

Fonte: IGE

A táboa presenta a evolución da estrutura de ingresos dos fogares onde se observa como ó longo do período as diferentes orixes de fondos amosan estabilidade. Así, para o caso de Galicia o traballo por conta allea supón ó redor do 50% dos ingresos dos fogares, en tanto que as prestacións supoñen o 36% e o traballo por conta propia non supera o 10,5%. As porcentaxes e a evolución difiren pouco para o caso da provincia, se ben o peso do traballo por conta allea sitúase ó redor do 52% e as prestacións no 34%, en tanto que o traballo por conta propia tampouco supera o 10,5% xa observado para o conxunto de Galicia.

A continuación, e ligado coa análise da renda dispoñible, analízase peso que teñen as prestacións sociais sobre o total da renda das persoas a nivel municipal e a súa evolución dende o ano 2010 ata o 2015.

Táboa 13. Evolución do peso das prestacións sobre a renda dispoñible bruta por habitante. Galicia, Provincia, Comarca do Xallas e Concellos. 2010 – 2015<sup>2</sup>.

Territorio	2010	2012	2015
Galicia	29%	32%	32%
Provincia da Coruña	28%	31%	31%
<b>Comarca do Xallas</b>	<b>32%</b>	<b>35%</b>	<b>39%</b>
Concello de Mazaricos	35%	38%	40%

<sup>2</sup> Esta análise constrúese sobre os datos oficiais procedentes do IGE relacionados coa conta de distribución secundaria da renda, que amosa como se asigna o saldo das rendas primarias dos fogares por medio da redistribución, é dicir, mediante os impostos correntes sobre a renda, o patrimonio, etc., as cotizacións e prestacións sociais en efectivo e as outras transferencias correntes. Nesta conta rexístranse as operacións que para os fogares residentes, constitúen unha redistribución da renda en efectivo, tanto en recursos (prestacións sociais, indemnizacións de seguros non vida, ...) coma en empregos (impostos correntes, cotizacións sociais, primas netas de seguro...). O saldo da conta é a renda dispoñible, que reflicte as operacións correntes e que exclúe, explicitamente, as transferencias de capital, as ganancias e perdas de posesión reais e as consecuencias de sucesos como as catástrofes naturais. Ademais, dentro das prestacións sociais inclúense as prestacións da seguridade social en efectivo, as prestacións doutros sistemas de seguros sociais e as prestacións da asistencia social en efectivo.

Territorio	2010	2012	2015
Concello de Santa Comba	30%	33%	38%

Fonte: IGE

Os datos da táboa poñen de relevo unha maior presenza das prestacións sobre a renda na Comarca do Xallas que nos territorios de referencia. Así, mentres que a evolución de Galicia e da Provincia da Coruña é ascendente pero de xeito leve, no caso da Comarca do Xallas observase como o incremento é moito máis notable, pasando do 32% no ano 2010 a un 39% no ano 2015.

A nivel desagregado municipalmente, os datos amosan que no concello de Mazaricos o 40% da renda dispoñible dos habitantes corresponde a prestacións, un 5% máis que cinco anos atrás. O concello de Santa Comba presenta unha porcentaxe dous puntos inferior ao concello veciño, mentres supera en 6 e 7 puntos ó peso das prestacións sobre as rendas galegas e coruñesas.

Neste punto, é preciso tamén realizar un achegamento ás cantidades ingresadas atendendo á fonte do ingreso do fogar. Así, como foi observado na táboa 10, na actualidade o ingreso promedio dos fogares rolda os 2.000€ para Galicia e a provincia, e a Área da Costa da Morte sitúase entornando aos 1.600€, pero estas cifras poden ser desagregadas atendendo a se o ingreso procede do traballo ou das prestacións como principal fonte. Ademais, co obxectivo de afondar na realidade, tomase a mediana de ingresos<sup>3</sup> como indicador.

Táboa 14. Evolución da mediana de ingresos do fogar atendendo á súa fonte principal (€). Galicia e provincia. 2011 – 2016.

Ano	Ingresos do traballo		Ingresos por prestacións	
	Galicia	A Coruña	Galicia	A Coruña
2011	2.033	2.100	1.212	1.276
2012	2.080	2.143	1.243	1.283
2013	2.057	2.073	1.265	1.334
2014	2.100	2.164	1.282	1.329
2015	2.100	2.190	1.293	1.342
2016	2.150	2.199	1.365	1.400

Fonte: IGE

A táboa amosa a mediana das contías percibidas polos fogares en función da súa principal fonte de ingresos. Así, e dentro dun contexto xeral de incremento limitado das cantidades, obsérvase que aqueles fogares cuxo ingreso principal procede de prestacións contan cunha cifra que rolda o 60% dos ingresos dos fogares cuxo ingreso principal procede do traballo. Ademais, tamén é posible observar unha limitada diferenza tanto en ingresos do traballo como en ingresos procedentes de prestacións favorable á provincia da Coruña.

Estudando as contías relacionadas cos ingresos procedentes do traballo, estas proceden maioritariamente dos salarios ou do traballo por conta allea, como se puido observar na táboa 12. Así, para o ano 2014 o salario bruto anual promedio en Galicia ascendía a 20.195€, sendo preciso

<sup>3</sup> A mediana dos ingresos é o valor que, ordenando todos os fogares de menor a maior ingreso, deixa unha metade deles por debaixo do dito valor e a outra metade por enriba.

diferenciar entre as persoas contratadas con duración indefinida, cuxo salario promedio era de 21.591,5€ e das persoas con contratos de duración determinada, cuxo salario promedio era de 15.229,3€. Esta contía promedio supón un ingreso mensual en termos de salario bruto de 1.552,5€ e, en termos netos, de 1.227,4€.

Con todo, é necesario indicar que para o ano 2014 estímase que un 11,2% dos salarios en Galicia considéranse dentro da categoría de salarios baixos, considerando salario baixo a aquelas persoas que gañan 2/3 ou menos da mediana das ganancias brutas por hora na rexión/país de referencia. Para a provincia da Coruña esta cifra é do 11%.

Para completar a imaxe sobre os ingresos dos fogares, seguidamente analízase os fogares nos que as prestacións representan máis do 50% do total de ingresos.

Neste sentido, as cifras oficiais de Galicia e da provincia para o período 2011 – 2016 amosan un abano de fogares do 42% - 44% que integran este grupo, en tanto que na provincia este abano sitúase no 40% - 42%. Con todo, salienta o número de fogares nos que o ingreso por prestacións supón o total dos ingresos, que para o 2016 é do 31% en Galicia e do 28% na provincia.

Na área da Costa da Morte no 47% dos fogares o 50% dos seus ingresos proveñen de prestacións e no 33% dos fogares a totalidade da súa economía depende deste tipo de ingresos. A área da Costa da Morte é a segunda da provincia na que máis peso teñen as prestacións nos ingresos dos seus habitantes (superada pola área de Ferrol-Eume-Ortegal).

Dentro destas prestacións teñen especial importancia as relacionadas coas pensións de carácter contributivo que, no ano 2011, eran percibidas por 4.465 persoas na Comarca do Xallas, e o importe medio situábase nos 587€. Seis anos despois, no 2017, son 4.551 as pensións contributivas na comarca, cun importe á alza de 626€. O nivel de ingresos, comparándoo cos datos que presenta Galicia (cun importe de 896,24€) e coa provincia da Coruña (927,97€ de importe medio), é notablemente inferior na Comarca do Xallas.


### 2.3 OS GASTOS DOS FOGARES.

Na análise sobre a dinámica demográfica realizouse un primeiro achegamento á realidade da vivenda no territorio, este complétase neste punto coa análise dos principais gastos dos fogares e a súa incidencia sobre os hábitos de vida da poboación, aspectos estes que vencellados cos datos sobre a renda e os ingresos estudados, contribuirá a contextualizar as políticas de benestar.

Os datos sobre propiedade e hipotecas analizados na parte demográfica teñen actualízanse aquí para o ano 2016 por áreas. Así, a área da Costa da Morte, na que se inclúe a Comarca do Xallas, presenta o nivel de vivendas afectadas polo gasto dunha hipoteca máis baixo de tódalas áreas. Así, se nestas localidades a incidencia é dun 13% das vivendas nunha situación de débeda, a media galega e coruñesa superan esa cifra en 5 e 7 puntos respectivamente.

A evolución, dende o ano 2011 ata o 2018, dos gastos hipotecarios por número de habitantes preséntase no seguinte gráfico.

Gráfico 11. Evolución do custo mensual das hipotecas activas. Galicia, provincia e Concellos galegos menores de 10.000 habitantes. 2011-2016.



Fonte: IGE

Así, en Mazaricos e Santa Comba o gasto medio en hipotecas sitúase ó redor dos 355€ mensuais. A evolución é descendente tralo punto de inflexión do ano 2012, onde se chegou a un gasto sobre dos 437€. Nese ano o nivel de gasto dos concellos de menos de 10.000 habitantes acadaba o nivel galego. Para o ano 2016 hai unha fenda de 50€ entre os territorios de referencia e o dato referido ós concellos menores de 10.000 habitantes, nos que se integran Mazaricos e Santa Comba.

Outro elemento a ter en conta á hora de estudar as condicións socioeconómicas da poboación é o relacionado co aforro que os fogares declaran afrontar en alimentos e reparacións<sup>4</sup>. Así, se ben a porcentaxe de fogares que declara este tipo de aforro en Galicia e na provincia é do 44% e do 42,7% para o ano 2016, na Área da Costa da Morte a cifra sitúase no 55%.

Ademais, á hora de cuantificar este aforro, os datos oficiais amosan que, en tanto en termos xerais os fogares que aforran en Galicia e na provincia declaran uns aforros promedio de 67€ e 72€ mensuais respectivamente, os fogares da Costa da Morte elevan esta cifra ata os 95€ mensuais para o ano 2016. Con todo, esta contía é a menor do período 2011 – 2016 para o conxunto de Galicia, diminuíndo dende os 107€ do 2011, en tanto que o chan da evolución para a provincia dáse no 2015 con 69€ e o teito é do 2011 con 109,67€ mensuais. A evolución das contías para a Área da Costa da Morte é decrecente, pasando de chegar a aforrar en alimentos ou reparacións un total de 155€ no ano 2011 (a cifra máis elevada no tempo e áreas analizadas), ata que no 2015 baixou ata os 85€ para subir un ano despois 10€ e situar o aforro desta área como a segunda máis alta (tras Ferrol-Eume-Ortegal) con 95€.

<sup>4</sup> O aforro en alimentos defínese como o aforro que tivo lugar ó ser o propio fogar o que os produce u ben llos regalou algún familiar ou amigo e, polo tanto, lle evitou ao fogar a súa compra. Con respecto ó aforro en reparacións, refírese a que algún membro do fogar, familiar ou amigo realizou tarefas tales como pintar, reparar avarías, facer ou montar mobles... que supuxeron para o fogar un aforro de máis de 500 euros. Definicións obtidas do IGE.

## 2.4 SÍNTESE DO CONTEXTO SOCIOECONÓMICO NA COMARCA.

A principal fonte de riqueza da comarca do Xallas provén do sector agrogandeiro, xa que aproximadamente o 50% das empresas se adican a este sector. Pese a este salientable peso, tanto as explotacións como as UTAs descenden no período analizado, polo que a forza económica motora da comarca debilítase, non habendo por outra banda ningún actor industrial relevante que o substitúa xa que a industria ocupa o 5% da actividade total do Xallas, aínda que é preciso salientar que o sector servizos ten un peso importante ó integrar ó 35% das empresas do territorio. Neste sentido, a principal forma xurídica das empresas da comarca é a das persoas físicas (o 78% do total), o cal conforma un tecido empresarial de limitado tamaño.

Con respecto ó PIB per cápita da comarca, este é substancialmente menor ó de Galicia e da provincia, presentando unhas diferenzas de máis de 3.000€ co galego e de máis de 5.000€ co da provincia o cal, conxuntamente cos datos da renda bruta dispoñible por habitante e co abano de indicadores analizados, amosa unha menor capacidade económica do territorio e da súa poboación en comparación cos territorios de referencia.

No referente á cohesión social, é preciso salientar a presenza de aproximadamente 2.800 persoas en risco de pobreza ou exclusión social, existindo unha importante fenda no relativo ós ingresos dos fogares e das persoas que poñen a esta zona na cola da provincia, salientando tamén o importante peso das prestacións na estrutura de ingresos dos fogares.

Con todo, o desemprego evoluciona favorablemente no período analizado, dato este compatible coa presenza dunha estabilidade xeral da afiliación á Seguridade Social, se ben obsérvase unha salientable fenda de xénero no acceso ó traballo e no proceso de redución do desemprego mencionado.

Finalmente tamén debe ser subliñada a presenza dunha importante cantidade de fogares que declaran non chegar a fin de mes ou chegar con dificultades xa que, aínda que dentro dunha dinámica decrecente, a cifra de fogares nesta situación sitúase roldando o 60%.

### **3. Os servizos sociais. Situación e evolución.**

As administracións locais, atendendo á normativa vixente, teñen un rol fundamental dentro do conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos que son as políticas de benestar, destinadas estas a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación.

Neste sentido, dentro do conxunto de servizos integrados dentro do sistema público de servizos sociais, é responsabilidade das administracións locais a xestión dos servizos sociais comunitarios, entendidos como o acceso normalizado ós servizos sociais e primeiro nivel de intervención (Art. 9.1 da Lei 13/2008 de Servizos Sociais de Galicia), sendo, por tanto, a súa función principal a atención ós cidadáns no achegamento e acceso ó sistema de servizos sociais.

A continuación serán analizadas diferentes variables relacionadas tanto coa existencia e localización de entidades (públicas, privadas e sociais) que traballan en materia de benestar na comarca, como coa súa actividade. Así, dentro deste apartado, estudaranse aspectos como os equipamentos e a súa evolución ó longo do tempo, o financiamento das entidades públicas e os seus equipos de traballo, ou os programas máis salientables que estas desenvolven, facendo especial fincapé naqueles servizos locais de elevada capilaridade territorial e de salientable impacto en termos de emprego e de atención ás persoas usuarias, como é o caso do Servizo de Axuda no Fogar.

#### **3.1 AS ENTIDADES E OS EQUIPAMENTOS DE BENESTAR NA COMARCA.**

O conxunto de servizos e prestacións que conforman o sistema de servizos sociais necesita contar coas infraestruturas e equipamentos suficientes que permitan unha axeitada prestación dos mesmos, así como un desenvolvemento que responda tanto á realidade da poboación como ás necesidades dos cidadáns de cada territorio.

Neste sentido, é necesario coñecer a rede de axentes sociais, tanto de titularidade pública como privada, que integran na comarca do Xallas o sistema de servizos sociais, así como identificar e ter unha imaxe clara dos centros e equipamentos que, no eido do benestar social, actúan e traballan no territorio da comarca.

## A)As Entidades de Servizos Sociais<sup>5</sup>.

A comarca do Xallas conta con 4 entidades prestadoras de servizos sociais.

Destas 4 entidades presentes na comarca 2 son de titularidade pública e 2 son de titularidade privada.

### Entidades públicas:

- 1 Concello de Mazaricos
- 2 Concello de Santa Comba

### Entidades de iniciativa privada:

- 3 M. G. T.– Santa Coma
- 4 Xirume S.C. - Mazaricos

*Imaxe 2. Distribución das entidades prestadoras de servizos sociais nos concellos da Comarca do Xallas.*



Fonte: Elaboración propia a partir de datos RUEPSS.

No mapa observase como as entidades prestadoras de servizos sociais se distribúen de xeito homoxéneo entre os dous concellos da comarca, así o Concello de Mazaricos conta con 2 entidades e no Concello de Santa Comba hai domiciliadas tamén 2 entidades.

Segundo establece o artigo 12.2 do Decreto 254/2011<sup>6</sup> e que recolle o Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais dependente da Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, os ámbitos de actuación das entidades privadas presentes na Comarca do Xallas son as persoas maiores e a comunidade. Polo que respecta ás entidades de titularidade pública, as administracións locais, estas pola súa función de atención ós cidadáns no seu acceso ós servizos sociais, teñen un ámbito de actuación amplo que abarca tódalas áreas estratéxicas de actuación dentro dos servizos sociais.

<sup>5</sup> Neste apartado recóllense as entidades que están rexistradas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia, na comarca do Xallas, ata o 30/06/2018.

<sup>6</sup> Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais de Galicia (DOG nº 14, do 20 de xaneiro de 2012).



## B) Os Centros de Servizos Sociais<sup>7</sup>.

A comarca do Xallas conta cun total de 3 centros de servizos sociais, todos eles de titularidade pública.

### Centos públicos:

- 1 Centro sociocomunitario de Benestar de Santa Comba – Santa Comba
- 2 Escola infantil de Mazaricos – Mazaricos
- 3 Escola infantil municipal Santa Comba – Santa Comba

*Imaxe 3. Distribución dos centros de servizos sociais nos concellos da Comarca do Xallas.*



Fonte: Elaboración propia a partir de datos RUEPSS.

O Concello de Santa Comba conta con 2 centros e o de Mazaricos conta cun só centro de servizos sociais.

*Táboa 15. Distribución dos centros de servizos sociais da comarca do Xallas segundo o seu ámbito de actuación.*

Ámbito de actuación	Centros
	Titularidade pública
<b>Infancia</b>	2
<b>Maiores</b>	1

Fonte: Elaboración propia a partir de datos RUEPSS.

A táboa recolle como a atención á infancia e a atención ós maiores son as áreas de actuación dos centros de servizos sociais presentes na Comarca. A atención á infancia conta con 2 centros e a atención ós maiores con un centro.

Así, na Comarca do Xallas os centros distribúense segundo a súa tipoloxía da seguinte forma:

<sup>7</sup> Neste apartado recóllense os centros que están rexistrados no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia, na comarca do Xallas, ata o 30/06/2018.

Táboa 16. Número de centros de servizos sociais da comarca do Xallas segundo a súa tipoloxía e número de prazas totais autorizadas.2017.

Tipo de centros	Ámbito de actuación	Número	Titularidade	Concello no que se localiza	Total prazas autorizadas
Centro social	Comunidade	1	Público	Santa Comba	-
Escola infantil	Infancia	2	Pública	Mazaricos	41
				Santa Comba	61

Fonte: Elaboración propia a partir de datos RUEPSS.

Os centros de atención á infancia na Comarca contan cun total de 102 prazas autorizadas, 41 prazas na escola infantil de Mazaricos e 61 na escola infantil de Santa Comba.

### **Análise e cobertura dos centros.**

A Lei 13/2008 de servizos sociais de Galicia no artigo 44.2 define o instrumento de planificación encargado tanto da definición das áreas sociais de Galicia como dos criterios de dotación de centros e servizos sociais no territorio, ó Mapa galego de servizos sociais.

Se ben o Mapa galego de servizos sociais non está publicado nos termos que recolle a Lei 13/2008, no ano 2008 a Xunta de Galicia publica o *“Mapa Galego de Equipamentos e Servizos Sociais. Criterios para a planificación territorial e sectorial”*. Esta publicación contén tanto o inventario dos recursos sociais de Galicia, para identificar os recursos existentes no territorio no eido dos servizos sociais, como os criterios para a dotación de centros e servizos sociais, definindo, para determinados equipamentos, as ratios de cobertura obxectivo a lograr nos vindeiros anos para os diferentes territorios.

Nesta diagnose emprégase a metodoloxía definida no *“Mapa Galego de Equipamentos e Servizos Sociais. Criterios para a planificación territorial e sectorial”* para a determinación das ratios de cobertura así como para as prazas obxectivo dos diferentes equipamentos sociais, co obxectivo de poder establecer unha comparativa e describir a situación actual dos equipamentos de servizos sociais atendendo ó ámbito territorial obxecto desta diagnose, o comarcal, que define nalgúns casos das áreas sociais definidas no Mapa.

No *“Mapa Galego de Equipamentos e Servizos Sociais. Criterios para a planificación territorial e sectorial”* a comarca do Xallas está dividida entre a área rural 8, na que está ó Concello de Santa Comba, xunto cos concellos de A Baña, Negreira e Val do Dubra, e a área rural 11, onde se sitúa ó Concello de Mazaricos, xunto cos concellos de Carnota e Muros.

Neste sentido, co obxectivo de adaptar a metodoloxía do *Mapa* á realidade comarcal, para a determinación dos índices de cobertura da diagnose da Comarca do Xallas unicamente se terán en conta os datos dos concellos que forman parte da comarca.

### Os centros de atención ás persoas maiores.

No ano 2005<sup>8</sup> a comarca non contaba con ningún centro, nin de carácter residencial nin centro de día. A área da que forma parte o Concello de Santa Comba no *Mapa Galego de Equipamentos* xunto cos concellos de A Baña, Negreira e Val do Dubra, contaba con dous centros de carácter residencial, un no Concello da Baña e un no Concello de Val do Dubra, cun total de 24 prazas autorizadas, e contaba cun centro de día no Concello da Baña con 19 prazas. Polo que respecta á área da que forma parte o Concello de Mazaricos no *Mapa Galego de Equipamentos*, xunto concellos de Carnota e Muros, non contaban con ningún centro.

No 2017 a comarca continúa na mesma situación, non conta con ningún centro de atención as persoas maiores nos concellos que forman parte dela. Non acontece o mesmo na área da que forma parte o Concello de Santa Comba, xa que esta área incrementa o número de centros e prazas autorizadas nos centros de carácter residencial, así a área pasa a contar con 3 centros residenciais, un no Concello da Baña, con 24 prazas, e dous no do Val do Dubra, con 52 prazas autorizadas. Incrementándose, neste sentido, en 52 o número de prazas en centros de atención ás persoas maiores e dependentes na área rural 8, todas elas de titularidade privada.

No referente á área da que forma parte o Concello de Mazaricos, a área rural 11, tamén hai unha mellora no número de centros, neste caso de centros de día. Así, a área pasa a contar cun centro de día no Concello de Muros cunha capacidade de 45 prazas autorizadas de titularidade pública.

*Táboa 17. Evolución ratio de cobertura, número de centros e prazas nos centros de atención ás persoas maiores 2005 – 2017 na Comarca do Xallas.*

Tipo de centro	Ratios de cobertura obxectivo	Ano	Nº de centros	Prazas totais	índice de cobertura $\geq$ 65 anos (%)	Prazas ratios obxectivos	Diferenza de prazas
Residencias	5	2005	0	0	0	198	-198
		2017	0	0	0	215	-215
Centros de día	2	2005	0	0	0	79	-79
		2017	0	0	0	86	-86

Fonte: Elaboración propia.

Como se observa na táboa anterior as prazas necesarias para a cobertura das ratio obxectivo que determina o *“Mapa Galego de Equipamentos e Servizos Sociais. Criterios para a planificación territorial e sectorial”* para a Comarca do Xallas incrementáanse na mesma medida que se aumenta a poboación maior de 65 anos da comarca quen, no intervalo do 2005 ó 2017, incrementou nun 8,4%. Así, e en función das ratios definidas, a Comarca precisa de 215 prazas en centros residenciais e 86 prazas en centros de día para cumprir cos obxectivos.

<sup>8</sup> Os datos que recolle o *“Mapa Galego de Equipamentos e Servizos Sociais. Criterios para a planificación territorial e sectorial”* son do ano 2005.

### Centros de atención á infancia.

A Comarca do Xallas conta con dous centros de atención á infancia de titularidade pública, un en cada un dos concello da comarca. O Concello de Mazaricos conta cunha escola infantil con capacidade para 41 nenas e nenos e o de Santa Comba ten unha escola infantil para un total de 61 nenas e nenos. Así, a oferta total de prazas en centros de atención á infancia na comarca é de 102.

O índice de cobertura á primeira infancia que implica a oferta de 102 prazas autorizadas é do 35,54<sup>9</sup>%, superando así o obxectivo do 33% de taxa de escolarización para nenas e nenos menores de 3 anos definido no Cumio de Barcelona da Unión Europea para o 2010.

### Centros de atención ás persoas con discapacidade.

No ano 2005 a Comarca do Xallas non contaba con ningún centro de atención ás persoas con discapacidade. No 2017, a situación continúa sendo a mesma.

A área da que forma parte o Concello de Santa Comba, área rural 8, no 2005 contaba con dous centros de atención ás persoas con discapacidade, o Centro ocupacional comarca de Negreira cunha capacidade de 16 prazas, no Concello de Negreira, e o Centro Ocupacional Avante (AMIVALDU) con capacidade para 17 persoas usuarias no Concello do Val de Dubra. O total de prazas autorizadas na área nos centros de atención ás persoas con discapacidade era de 33.

No 2017 o número de centros e prazas de atención ás persoas con discapacidade, na área rural 8, multiplícase con respecto ó ano 2005, así a área conta con 3 centros ocupacionais para persoas con discapacidade, 2 no Concello de Negreira e 1 no Concello do Val do Dubra, cun total de 56 prazas. Conta tamén cun centro de día con 20 prazas autorizadas e coa vivenda tutelada Avante con capacidade para 8 persoas usuarias, os dous no Concello do Val do Dubra. As prazas totais nos diferentes centros para a atención as persoas con discapacidade na área rural 8 é de 84 prazas autorizadas.

Os centros situados no Concello de Negreira están xestionados pola Fundación para a protección de discapacitados psíquicos Comarca de Barcala e os centros domiciliados no Concello do Val do Dubra están xestionados pola Asociación de persoas con discapacidade Avante.

---

<sup>9</sup> Porcentaxe calculada sobre o número de nenas e nenos de entre 0 e 3 anos na Comarca no 2017, 287 nenas/os.

### 3.2 Os DEPARTAMENTOS MUNICIPAIS DE BENESTAR.

#### A) O financiamento dos Servizos Sociais.

Como factor esencial para o desenvolvemento dos servizos públicos de benestar local que é o financiamento, faise necesario analizar as diferentes fontes que a normativa vixente determina para o financiamento dos servizos sociais comunitarios. Así, e segundo a normativa (artigo 40 do Decreto 99/2012) as fontes de financiamento dos servizos sociais comunitarios son (I) os orzamentos das entidades locais, (II) as achegas que realicen as Deputacións provinciais, (III) as achegas realizadas pola Xunta de Galicia e (IV) os ingresos xerados en concepto de copagamento que realizan as persoas usuarias dos servizos.

A clasificación por programas<sup>10</sup> dos orzamentos municipais permíte identificar os créditos iniciais que as corporacións destinan a “Servizos sociais e promoción social<sup>11</sup>”, identificada esta como política de gasto 23 da súa clasificación interna da estrutura orzamentaria.

*Táboa 18. Orzamento municipal dos Concellos da Comarca do Xallas para o exercicio 2018, importe do programa de “Servizos Sociais e promoción social” dos orzamentos municipais e % do programa sobre o orzamento municipal.*

Concello	Orzamento municipal	Política de gasto 23: Servizos Sociais e promoción social	% da Política de gasto 23 sobre o Orzamento
<b>Mazaricos</b>	3.060.938,59 € <sup>12</sup>	351.892,32 €	<b>11,50%</b>
<b>Santa Comba</b>	6.985.976,28 € <sup>13</sup>	1.468.047,99 €	<b>21,01%</b>

Fonte: BOP coa aprobación definitiva dos orzamentos municipais para o exercicio 2018 e Ministerio de Facenda <https://serviciotelematicosext.hacienda.gob.es/sgcief/presupuestos2018/Publicacion.aspx>

En base ós orzamentos aprobados para o ano 2018 dos concellos da Comarca do Xallas, a porcentaxe dos orzamentos municipais que os concellos da comarca destinan ó financiamento dos “Servizos sociais e promoción social”, é dicir, á política de gasto 23 dos seus orzamentos é do 11,50% no Concello de Mazaricos e do 21,01% no Concello de Santa Comba.

Polo que respecta ás achegas finalistas para o financiamento dos servizos sociais comunitarios que realizan tanto a Deputación da Coruña como a Xunta de Galicia ós concellos da comarca é preciso

<sup>10</sup> Segundo a Orden EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

<sup>11</sup> A Orden EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais, no anexo I define a política de gasto 23: Servizos sociais e promoción social neste sentido: “Imputaranse a esta política de gasto os levados a cabo pola entidade local para a promoción da igualdade de xénero, promoción e reinserción social de marxinados, así como para a xestión dos servizos sociais; prestación de servizos a persoas dependentes e de asistencia social, residencias de anciáns e outros de natureza análoga. Tamén se incluírán as transferencias finalistas a entidades e familias que colaboren na consecución destes fins. Inclúiranse os gastos correspondentes á Administración Xeral, que corresponderán ás actividades dirixidas á planificación, coordinación, control, organización, xestión administrativa e desenvolvemento de funcións de apoio dos distintos centros directivos que integran a política de gasto.”

<sup>12</sup> Segundo datos obtidos no Ministerio de Facenda na ligazón <https://serviciotelematicosext.hacienda.gob.es/sgcief/presupuestos2018/Publicacion.aspx> sobre o orzamento aprobado en data 26/09/2018 (consulta realizada en data 10/06/2019) e no BOP nº 184 de 26 de setembro de 2018.

<sup>13</sup> Segundo datos obtidos no Ministerio de Facenda na ligazón <https://serviciotelematicosext.hacienda.gob.es/sgcief/presupuestos2018/Publicacion.aspx> sobre o orzamento aprobado en data 19/09/2018 (consulta realizada en data 10/06/2019) e no BOP nº 179 de 19 de setembro de 2018.

analizar o obxecto que estas teñen segundo a normativa vixente. Así, as achegas realizadas pola Deputación da Coruña teñen como principal obxectivo o apoio ó financiamento do servizo de axuda no fogar básico, a través da contratación dos profesionais de axuda no fogar, e a contratación dos equipos municipais diferentes e complementarios ó do persoal de referencia<sup>14</sup>.

Na seguinte táboa recóllese a evolución, nos últimos anos, das achegas da Deputación da Coruña para o financiamento dos servizos sociais comunitarios ós concellos da Comarca. Nesta obsérvase como a evolución foi dispar, incrementándose as achegas dun 2%, como acontece no Concello de Mazaricos e diminuíndo as recibidas polo Concello de Santa Comba nun 10%.

Táboa 19. Achegas realizadas pola Deputación da Coruña ós concellos da comarca do Xallas en concepto de financiamento dos servizos sociais comunitarios. Anos 2016 – 2018<sup>15</sup>.

Concello	2016	2017	2018	Diferenza 2016 -2018 (%)
Mazaricos	67.498,78 €	51.502,50 €	68.560,24 €	2%
Santa Comba	84.782,49 €	75.578,52 €	75.996,00 €	-10%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos Deputación da Coruña.

A evolución no apoio económico da Deputación da Coruña ós servizos sociais comunitarios dos concellos da Comarca responde tanto a un cambio do sistema de financiamento da propia Deputación, como á nova fórmula empregada no financiamento dos servizos sociais comunitarios

<sup>14</sup> O obxecto de financiamento do **Programa de financiamento dos Servizos Sociais Comunitarios Municipais (FOPPSS)** é "(...o cofinanciamento dos gastos polos conceptos de salarios e seguridade social do persoal con perfís profesionais diferentes e complementarios ao do/a profesional de referencia (que se regula no artigo 37 do Decreto: persoal auxiliar administrativo, persoal técnico de grao medio e persoal técnico de grao superior) como do persoal auxiliar do servizo de axuda no fogar, o SAF básico, todo el (...)" (base 3 das bases de financiamento BOP núm. 221, do mércores 18 de novembro de 2015.) O obxecto de financiamento do **Programa FOAXCA** consiste no mantemento, programas e promoción de actividades contemplados na convocatoria véxase base 3 das Bases reguladoras do programa de subvencións a concellos e outras entidades locais da provincia para o desenvolvemento de servizos sociais para o ano 2016. (BOP núm. 221, do mércores 18 de novembro de 2015.) O obxecto de financiamento do **Programa FO036A** é o impulso as entidades locais a través de "(...)axudas para gastos de mantemento, programas e promoción de actividades(...)" relacionadas coas políticas de envellecemento activo, seguindo a Base 3 das Bases reguladoras do Programa de Subvencións a concellos e outras entidades locais da provincia para o desenvolvemento de programas de envellecemento activo para as persoas maiores no ano 2016 ((BOP núm. 221, do mércores 18 de novembro de 2015.)

<sup>15</sup> Bases reguladoras do Programa de subvencións a concellos e outras entidades locais da provincia para o desenvolvemento de servizos sociais para o ano 2016. BOP núm. 221, do mércores 18 de novembro de 2015.  
 RP 2016/11712 Resolución pola que se aproba a concesión definitiva das subvencións correspondentes ao programa FOAXCA 2016. BOP núm. 103, do mércores 1 de xuño de 2016.  
 Bases reguladoras do Programa de subvencións a concellos e outras entidades locais da provincia para o desenvolvemento de programas de envellecemento activo para as persoas maiores no ano 2016. BOP núm. 221, do mércores 18 de novembro de 2015.  
 RP 2016/8711 Resolución pola que se aproba a concesión definitiva das subvencións correspondentes ao programa FO036A. BOP núm. 82, do luns 2 de maio de 2016.  
 Bases reguladoras do programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais no ano 2016. BOP núm. 221, do mércores 18 de novembro de 2015.  
 Resolución pola que se aproba o programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais no ano 2016 (FOPPSS/2016). BOP núm. 39, do luns 29 de febreiro de 2016.  
 Bases reguladoras do programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais no ano 2017. BOP núm. 39, do venres 24 de febreiro de 2017.  
 RP 16525/ 2017 Resolución pola que se aproba o programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais no ano 2017 (FOPPSS/2017). BOP núm. 99, do luns 29 de maio de 2017.  
 Bases reguladoras do programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais no ano 2017. BOP núm. 242, do venres 22 de decembro de 2017.  
 RP núm. 2018/14387 Resolución pola que se aproba o programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais no ano 2018 (FOPPSS/2018). BOP núm. 81, do luns 30 de abril de 2017.

municipais. Neste sentido, o novo sistema empregado pola Deputación da Coruña para o financiamento dos servizos sociais comunitarios baséase no apoio directo ós concellos no financiamento do persoal de servizos sociais comunitarios distinto do/a traballador/a social, conforme os módulos no que se encadra o persoal correspondente: persoal administrativo grupo C1 e C2, persoal técnico A2, persoal técnico A1 e o persoal auxiliar do Servizos de Axuda no Fogar en réxime de libre concorrência (SAF libre concorrência), segundo base 3 das Bases reguladoras do programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais no ano 2019<sup>16</sup>.

No referente ás achegas de natureza corrente da Xunta de Galicia, realizadas a través do denominado Plan Concertado mediante o sistema de financiamento recollido no Decreto 99/2012, estas teñen por obxecto o cofinanciamento dos gastos derivados do funcionamento cotiá e desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios municipais en cada exercicio orzamentario.

O cofinanciamento<sup>17</sup> dos servizos sociais comunitarios por parte da administración autonómica ós concellos da Comarca de Xallas nos últimos anos experimentou tamén un crecemento (entre o 12% e o 28%). Este crecemento dáse de xeito exclusivo na partida que ten como finalidade o financiamento da axuda no fogar a persoas valoradas como dependentes, xa que o resto de partidas da achega, é dicir, a dos gastos derivados do funcionamento cotiá e desenvolvemento dos servizos sociais comunitarios básicos e a do programa específico de atención á primeira infancia en centros e instalacións que posibiliten a conciliación da vida laboral e familiar mantéñense estables.

*Táboa 20. Achegas realizadas pola Xunta de Galicia ós concellos da comarca do Xallas en concepto de financiamento dos servizos sociais comunitarios. Anos 2016 – 2018.*

Concello	2016	2017	2018	Diferenza 2016 -2018 (%)
<b>Mazaricos</b>	118.230,70 €	113.189,06 €	132.296,91 €	12%
<b>Santa Comba</b>	225.591,89 €	249.323,92 €	289.869,78 €	28%

Fonte: Elaboración propia a partir de datos Xunta de Galicia.

Así, segundo o comentado, o incremento no financiamento da Xunta de Galicia os servizos sociais comunitarios ten como finalidade a prestación por parte dos Concellos de servizos derivados da Lei 39/2006, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia, concretamente os relacionados co Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de atención ás persoas dependentes, cubrindo así as necesidades financeiras derivadas da competencia local que determina o artigo 11 da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar, no que se establece que o servizo de axuda no fogar será prestado polas entidades locais.

<sup>16</sup> BOP nº 5, do martes 5 de xaneiro de 2019.

<sup>17</sup> Resolución do 5 de abril de 2016 pola que se publican as contías das transferencias finalistas efectuadas no exercicio 2015 ao abeiro do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento. DOG núm. 71, do xoves 14 de abril de 2016.


Resolución do 8 de maio de 2017 pola que se publican as contías das transferencias finalistas efectuadas no exercicio 2016 ao abeiro do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento. DOG núm. 100, do luns 29 de maio de 2017.

Resolución do 30 de abril de 2018 pola que se publican as contías das transferencias finalistas efectuadas no exercicio 2017 ao abeiro do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento. DOG núm. 105, do luns 4 de maio de 2018.

O obxecto das achegas mostra como o servizo de axuda no fogar, ben sexa na modalidade de dependencia como na de libre concorrència, é case o máis importante.

No seguinte gráfico obsérvase como máis do 80% do financiamento que perciben os concellos da comarca do Xallas da administración autonómica ten como destino o financiamento da axuda no fogar a persoas valoradas como dependentes, e máis dunha cuarta parte dos fondos que a Deputación da Coruña achega ós Concellos da comarca para o financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais ten como obxecto a subvención do persoal auxiliar do SAF de libre concorrència.

Gráfico 12. Finalidade das achegas recibidas polos concellos da Comarca do Xallas da administración autonómica e provincial para o financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais. Ano 2018.



Fonte: Elaboración propia a partir de datos Deputación e Xunta de Galicia.

Neste sentido, e segundo os obxectos das diferentes fontes de financiamento dos servizos sociais comunitarios, obsérvase como o programa que conta cun volume destacable de recursos é o Servizo de Axuda no Fogar, tanto na modalidade de atención ás persoas dependentes como na modalidade de libre concorrència. Deste xeito, o servizo vaise erixindo como o programa máis relevante que están a xestionar os departamentos municipais de benestar.

### B) Os recursos humanos nos Servizos Sociais municipais.

Como porta de entrada ó sistema público de servizos sociais unha das pezas fundamentais dos servizos sociais comunitarios son os recursos humanos que forman parte deles.

No ano 2018, o número de profesionais que forman parte dos servizos sociais municipais da Comarca do Xallas ascende a un total de 37. Dentro deste volume, inclúese o total de profesionais que traballan nos servizos sociais comunitarios da comarca incluíndo á totalidade do persoal auxiliar de SAF con independencia da súa forma de xestión por parte dos Concellos.



A seguinte táboa recolle a dotación de profesionais, segundo as súas ocupacións, que prestan servizo e forman parte dos equipos das áreas de benestar e servizos sociais municipais da Comarca:

Táboa 21. Número de profesionais segundo ocupación e concello que forman parte dos equipos de servizos sociais na Comarca do Xallas. 2018.

Ocupación profesional	Concellos	
	Mazaricos	Santa Comba
<b>Traballador/a social</b>	1	2
<b>Educador/a familiar</b>	1	1
<b>Psicólogo/a</b>	-	1
<b>Auxiliar Administrativo/a</b>	1	1
<b>Auxiliar SAF</b>	13	16

Fonte: Elaboración propia a partir da información facilitada polos concellos.

Tanto o Concello de Mazaricos como o de Santa Comba contan con equipos formados polo profesional de referencia, o/a traballador/a social, e por profesionais que complementan e reforzan o contido dos programas e servizos que se desenvolven dende a área, o Concello de Mazaricos conta coa figura do/a educador/a familiar e o de Santa Comba conta cun/ha educador/a familiar e tamén cun/ha psicólogo/a. Os equipos tamén inclúen a profesionais de apoio administrativo.

Polo que respecta ó número de profesionais do SAF, estes son o 78% dos profesionais que están a traballar nos servizos sociais comunitarios na comarca, aspecto que denota o elevado impacto que ten o servizo en termos de contratación de persoal.

A normativa determina as dotacións mínimas de persoal que deben formar parte do servizo en base a unha definición de equipos profesionais en función da área social<sup>18</sup> na que se atope o concello. Segundo a clasificación do Decreto 99/2012 na que se atopan os concellos da Comarca do Xallas, estes cobren a dotación mínima, que no caso do Concello de Mazaricos é de 1-2 traballador/a social e ½ auxiliar administrativo, e no do Concello de Santa Comba este debe contar como mínimo con 1-2 traballadores/as sociais, 1 educador/a e 1 auxiliar administrativo.

Con todo, hai que destacar que no Concello de Mazaricos todo e que a definición mínima de equipo non recolle a figura do/a Educador/a, este profesional aparece efectivamente no seu equipo, sendo unha figura asentada tanto no Concello como na Comarca.

As dotacións de persoal auxiliar do servizo de axuda no fogar poden ser variables en función das propias necesidades e variacións do servizo pero, e con independencia do tipo de xestión do servizo, o persoal mínimo co que contan os SAF dos concellos da Comarca é de 29 persoas.

<sup>18</sup> As áreas sociais establécense atendendo ás características dos concellos, referidas fundamentalmente ao tamaño, densidade e dispersión poboacional, configuración orográfica e ós índices de dependencia, envellecemento e discapacidade. As áreas sociais están definidas no Anexo I do Decreto 99/2012 e son unha ferramenta para a planificación de referencia das dotacións de servizos sociais comunitarios.

### C)A actividade e os principais programas dos departamentos municipais de benestar. O Servizo de Axuda no Fogar.

O rol que desempeñan os concellos na atención primaria dos servizos sociais como porta de entrada é esencial no marco do sistema galego de servizos sociais. No desempeño deste papel os concellos levan a cabo un intenso traballo de atención directa á cidadanía a través do desenvolvemento e a implementación dos seguintes programas e servizos, que se definen no artigo 9 do Decreto 99/2012: o Programa de información e orientación en materia social, o Servizo de educación e apoio familiar, o Programa básico de inserción social, o Programa de fomento da cooperación e solidariedade social e o Programa de axuda no fogar (SAF).

A heteroxeneidade é o factor que determina a actividade dos departamentos de benestar locais, polo que é preciso ter en conta este elemento á hora de xerar o dato primario relacionado coa poboación á que efectivamente se lle presta servizo dende os devanditos departamentos locais, ben sexa a través de intervencións directas, ben sexa a través de información ou asesoramento puntual de xeito presencial ou telefónico.

Neste sentido, as dificultades de confiabilidade coas que contan os datos primarios relacionados coa actividade xeral dos departamentos de benestar, provoca que a explotación estatística do Sistema de Información de Usuarios de Servizos Sociais (SIUSS) non permita albiscar toda a profundidade e amplitude do traballo realizado polos equipos técnicos.

Con todo, a efectos de realizar unha estimación sobre o número de persoas ós que se presta servizo público dende os Concellos, e tendo en conta as experiencias analizadas ó longo da elaboración do Plan de Acción de Servizos Sociais da Deputación da Coruña, é posible afirmar que na actualidade os departamentos municipais de benestar dos Concellos menores de 20.000 habitantes da provincia están a chegar a unha porcentaxe da poboación que supera o 20%, de tal xeito que para a Comarca do Xallas os departamentos de benestar atenderon, aproximadamente, a unhas 2.698 persoas no ano 2017.

O programa de axuda no fogar estase constatando como o principal programa dos servizos sociais, tanto pola súa importancia no financiamento como pola dotación de persoal coa que conta. Así, a importancia do servizo reflíctese tanto no conxunto do traballo que realizan os/as técnicos/as e auxiliares dos departamentos municipais de benestar e servizos sociais, como pola propia existencia de entidades privadas que prestan este servizo e que complementan a oferta pública municipal.

Na comarca do Xallas o programa de axuda no fogar préstano as administracións locais, é dicir, os concellos de Mazaricos e Santa Comba e unha entidade privada.

O servizo de axuda no fogar (SAF) é un servizo que consiste en ofrecer un conxunto de atencións ás persoas ou unidades de convivencia no propio domicilio para facilitar o seu desenvolvemento e a permanencia no seu medio habitual, de acordo coa valoración técnica correspondente. Este servizo prestase e xestionase dende o ámbito municipal tanto na súa dimensión básica como na modalidade

de atención ás persoas valoradas como dependentes, segundo o recolle o artigo 11 da Orde 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar.

En base ás competencias regulamentarias e de autoorganización de que dispoñen os concellos, estes teñen regulado<sup>19</sup> o servizo de axuda no fogar co obxectivo de garantir a equidade, calidade e intensidade homoxéneas do servizo de conformidade co marco autonómico<sup>20</sup> que define e regula o servizo de axuda no fogar.

O ano 2018 na Comarca do Xallas un total de 148 persoas foron usuarias do servizo de axuda no fogar municipal e a estas prestóuselhes un total de 40.985,88 horas de servizo. Na táboa seguinte recóllese o número de horas prestadas por cada concello así como o número de persoas usuarias beneficiarias do servizo nas súas modalidades, libre concorrència e dependencia.

*Táboa 22. Número de horas prestadas e usuarios/as atendidos/as segundo a modalidade de SAF libre concorrència e dependencia nos concellos da Comarca do Xallas. 2018.*

Concello	Modalidade libre concorrència		Modalidade dependencia	
	Nº de horas prestadas	Nº de usuarios/as atendidos/as	Nº de horas prestadas	Nº de usuarios/as atendidos/as
Mazaricos	3.564,55	22	12.194,55	39
Santa Comba	1.062,50	16	24.164,28	71
<b>Total</b>	<b>4.627,05</b>	<b>38</b>	<b>36.358,83</b>	<b>110</b>

Fonte: Elaboración propia a partir da información facilitada polos concellos.

En base ás persoas usuarias atendidas polo servizo pódese determinar a taxa de cobertura que está a ter o servizo nos concellos da Comarca.

<sup>19</sup> O Pleno do Concello de Mazaricos aprobou o Regulamento de Axuda no fogar do Concello de Mazaricos o 31 de xullo de 2009, BOP nº 221 de 14 de outubro de 2009. No BOP nº 187 de 29 de setembro de 2010 publicouse a primeira modificación, no BOP nº 224 de 25 de novembro de 2013 a segunda e no BOP nº 145 de 1 de agosto de 2014 publicouse a terceira modificación da ordenanza. O Pleno do Concello de Santa Comba do 27 de marzo de 2014 aprobou a Ordenanza municipal reguladora do servizo de axuda no fogar do Concello de Santa Comba, BOP nº 132 de 14 de xullo de 2014.

<sup>20</sup> Lei 13/2008, do 3 de decembro de servizos sociais de Galicia, no capítulo II, define o servizo de axuda no fogar e no seu artigo 11.f) establece que é función dos servizos sociais comunitarios básicos a xestión da axuda no fogar.

Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar responde a necesidade de establecer un marco regulador de carácter básico dos contidos, formas de prestación e aspectos procedementais e organizativos de axuda no fogar ó abeiro da entrada en vigor da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de Promoción da Autonomía Persoal e Atención ás persoas en situación de dependencia.

Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réxime de rexistro, autorización, acreditación e a inspección dos servizos sociais en Galicia, que establece como requisito xeral dos centros e programas de servizos sociais, dispoñer dunhas normas de funcionamento que garanta o respecto ao dereito das persoas usuarias e establezan as condicións da prestación e desenvolvemento dos servizos no seu artigo 7.b).

Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento que establece na súa disposición derradeira primeira a necesidade de que as corporacións locais adapten a súa normativa municipal, neste caso en materia de axuda no fogar. Igual que acontece co Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo.

Táboa 23. Ratio de cobertura do servizo de SAF segundo as modalidades de libre concorrència e dependencia nos concellos da Comarca de Xallas. 2018.

Concello	Modalidade libre concorrència		Modalidade dependencia		Taxa de cobertura SAF (%)
	Nº de usuarios/as atendidos/as	Taxa de cobertura libre concorrència <sup>21</sup> (%)	Nº de usuarios/as atendidos/as	Taxa de cobertura dependencia <sup>22</sup> (%)	
Mazaricos	22	1,59	39	2,74	4,33
Santa Comba	16	0,57	71	2,47	3,05
<b>Total comarca</b>	<b>38</b>	<b>0,91</b>	<b>110</b>	<b>2,56</b>	<b>3,47</b>

Fonte: Elaboración propia.

Na Comarca do Xallas a taxa de cobertura do servizo de axuda no fogar é do 3,47%, é dicir, case o 4% das persoas maiores de 65 anos da comarca son usuarios/as deste servizo municipal.

Os Concellos da comarca presentan diferenzas en canto ás taxas de cobertura do servizo, así no Concello de Mazaricos a taxa de cobertura é do 4,33% e no de Santa Comba é do 3,05%.

A principal diferenza na taxa de cobertura dos concellos está motivada pola disparidade nas taxas de cobertura da modalidade de libre concorrència, xa que no Concello de Mazaricos é do 1,59% mentes que no Concello de Santa Comba non chega ó 1%. Non acontece así na modalidade de dependencia, onde as taxas son máis semellantes, o 2,74% en Mazaricos e o 2,47% no Concello de Santa Comba.

A pesar do alcance do servizo en número de persoas atendidas, 148 usuarios/as na dúas modalidades, existe lista de agarda no servizo. No Concello de Mazaricos a lista de agarda do servizo conta con 10 persoas, 4 na modalidade de libre concorrència e 6 na de dependencia, e a lista de agarda do servizo en Santa Comba ten a 26 persoas, 23 para o servizo en libre concorrència e 3 para o de dependencia.

A evolución da prestación do servizo de axuda no fogar na modalidade de libre concorrència nos últimos anos preséntase na seguinte táboa.

Táboa 24. Número de horas prestadas do SAF libre concorrència nos concellos da Comarca do Xallas. 2016 - 2018.

Concello	2016	2017	2018
<b>Mazaricos</b>	2.380,02	4.424,50	3.564,55
<b>Santa Comba</b>	833,00	885,50	1.062,50

Fonte: Elaboración propia a partir da información facilitada polos concellos e a Deputación da Coruña.

Como se pode observar, a evolución no número de horas prestadas de SAF libre concorrència polos concellos ó longo dos últimos anos é positiva. Así, os dous concellos incrementan o número de horas prestadas de servizo entre o ano 2016 e 2018, o Concello de Mazaricos nun 50% e o de Santa Comba

<sup>21</sup> A taxa de cobertura do SAF libre concorrència determínase segundo a seguinte fórmula número de persoas usuarias do SAF libre concorrència entre a diferenza entre número de persoas maiores de 65 anos menos o número de persoas usuarias do SAF dependencia.

<sup>22</sup> A taxa de cobertura do SAF dependencia determínase segundo a seguinte fórmula número de persoas usuarias do SAF dependencia entre o número de persoas maiores de 65 anos.

nun 28%. A pesar do incremento global, o Concello de Santa Comba faino de xeito constante e progresivo, pero limitado, non así o de Mazaricos quen, a pesar de aumentar no número de horas de servizo, esta suba non é constante xa que presenta flutuacións ó longo dos anos, do ano 2016 ó 2017 experimenta un incremento do 86% fronte ó descenso do 19% de horas prestadas do ano 2017 ó 2018.

Estas evolucións amosan a salientable interdependencia entre as modalidades de SAF de Libre Concorrenza e de Dependencia, así como a elevada tensión que supón o servizo tanto en termos económicos para o Concello, como operativos para os equipos de benestar e para as entidades prestadoras externas, no caso do Concello de Mazaricos.

Polo que respecta á análise do servizo de axuda no fogar na modalidade de libre concorrenza é indispensable deterse no apoio que a Deputación da Coruña lle está a prestar no marco do Programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais (FOPSS). Como xa se citara anteriormente, este programa, que responde á competencia determinada ó abeiro do Decreto 99/2012 que regula os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, experimentou unha transformación nos últimos anos e, na actualidade, con respecto o SAF financia os custos correspondentes ó persoal auxiliar do devandito servizo, establecéndose, para elo, unha achega<sup>23</sup> de 12,00€ por hora prestada de servizo.

Así, as achegas da Deputación da Coruña ós concellos da Comarca para o financiamento dos servizo de axuda no fogar na modalidade de libre concorrenza evolucionaron nos últimos anos atendendo á seguinte táboa.

*Táboa 25. Evolución no financiamento das horas prestadas do SAF libre concorrenza nos concellos da Comarca do Xallas. 2016 - 2019.*

Concello	2016	2017	2018	2019
<b>Mazaricos</b>	17.643,83 €	17.643,83 €	28.560,24 €	40.668,15 €
<b>Santa Comba</b>	17.643,83 €	17.643,83 €	9.996,00 €	22.323,58 €

Fonte: Resolucións pola que se aproba o Programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais (FOPSS) os anos 2016, 2017, 2018 e 2019.

Como se observa, os volumes de financiamento do SAF libre concorrenza no período analizado vense incrementados como consecuencia do paso da modalidade de financiamento de carácter lineal vixente nos anos 2016 e 2017, á modalidade actual de financiamento por hora de prestación efectiva de servizo. Neste sentido, entre os anos 2016 e 2019, o progreso dos importes do financiamento dos concellos oscila entre o 130% do Concello de Mazaricos e o 27% de aumento do Concello de Santa Comba.

A prestación do servizo de axuda no fogar ten unha clara incidencia na composición dos equipos de benestar dos Concellos, tal e como se citou con anterioridade. Neste sentido, para realizar a análise

<sup>23</sup> A achega para o financiamento do persoal auxiliar do SAF libre concorrenza, establecido na base 4 das Bases Reguladoras do programa de financiamento dos servizos sociais comunitarios municipais, pasou de ser unha achega fixa de 17.643,83€ o primeiro ano de vixencia do Programa no 2017 (BOP nº 39 de 24 de febreiro de 2017) a unha achega calculada en función das horas previstas de prestación do servizo sobre a base de 12,00€ por hora prestada de servizo.

do volume de profesionais do SAF hai que considerar tanto a presenza das diferentes ocupacións necesarias para a prestación efectiva do servizo como os sistemas de xestión utilizados polos concellos.

*Táboa 26. Tipo de xestión do servizo de axuda no fogar nos concellos da Comarca do Xallas en función da súa modalidade e número de persoal encargado da coordinación e da prestación directa do servizo. 2018.*

Concello	Modalidade de SAF	Tipo de xestión	Persoal de coordinación	Persoal auxiliar	Custo /hora
Mazaricos	<i>Libre concorrencia</i>	Externalizado	2	13	12,06 €
	<i>Dependencia</i>				11,40 €
Santa Comba	<i>Libre concorrencia</i>	Directo	1	16	14,00 €
	<i>Dependencia</i>				

Fonte: Elaboración propia a partir da información facilitada polos concellos

A táboa recolle como, no ano 2018, na Comarca do Xallas o servizo de axuda no fogar municipal, en termos laborais, ocupou un total de 32 profesionais, destes 3 corresponden á figura de coordinador do servizo, e un total de 29 son profesionais auxiliares que prestan servizo directamente nos fogares das persoas usuarias.

En canto as formas de xestión do servizo utilizadas, obsérvase como os concellos da Comarca empregan sistemas de xestión distintos. Por unha parte, o Concello de Mazaricos ten o servizo de axuda no fogar externalizado, nas dúas modalidades, e o Concello de Santa Comba presta o servizo de xeito directo, é dicir, con persoal municipal.

O Concello de Mazaricos, para a prestación do servizo, conta para as tarefas de coordinación con dous profesionais, a traballadora social municipal e unha traballadora social da entidade privada encargada do servizo, que traballan en colaboración.

Finalmente, é necesario indicar as diferenzas nos custos/hora do servizo de SAF en función do Concello, todo e que existen diferenzas estas non son substanciais, pois os datos mostran como os custos/hora oscilan entre os 11,40€/hora do servizo no Concello de Mazaricos, para a modalidade de dependencia, e os 14,00€/hora (aproximado) do servizo no Concello de Santa Comba.

### 3.3 EXTRACTO DA SITUACIÓN DOS SERVIZOS SOCIAIS NA COMARCA DO XALLAS.

Na Comarca do Xallas obsérvase como o sector público é quen lidera as políticas de benestar, pois os centros de servizos sociais presentes nos concellos da Comarca son na súa totalidade de titularidade pública. Neste sentido, os centros actuais teñen como principal ámbito de actuación á atención á primeira infancia, cunha dotación de dúas escolas infantís , unha en cada concello, e un total de 102 prazas autorizadas. A comarca tamén conta cun centro sociocomunitario de Benestar, onde o principal público obxectivo son as persoas maiores, aínda que nestes centros sociais celébranse multitude de actividades extensivas a toda a poboación.

Os equipamentos relacionados coa atención á primeira infancia, os únicos presentes na comarca superan a ratio recomendada pola Unión Europea en canto á escolarización de nenas e nenos menores de 3 anos que se sitúa no 35,54%. Estes equipamentos teñen unha ocupación do 100% , incluso, como acontece no caso do Concello de Santa Comba, conta con lista de agarda de nenas e nenos. A situación actual que presentan os centros de atención á infancia na Comarca, cunha elevada demanda, denota certa marxe no sentido de analizar a necesidade de ampliación da oferta destes equipamentos que contribúa á mellora da conciliación da poboación ó tempo que se incide na xeración de actividade económica de proximidade.

A comarca do Xallas presenta unha ausencia total de equipamentos destinados á atención de outros colectivos sociais, como son as persoas maiores, dependentes, persoas con discapacidade, ou en risco ou situación de exclusión social. Se ben, a dotación da Comarca é a exposta, nos concellos limítrofes ós concellos de Mazaricos e Santa Comba atópanse os seguintes equipamentos: para a atención as persoas maiores e dependentes hai 5 centros de día cunha capacidade de 214 prazas autorizadas, estes centros están nos concellos de A Baña (titularidade privada – 19 prazas), Muros (titularidade pública – 45 prazas), Outes (titularidade pública – 30 prazas), Vimianzo (titularidade privada – 60 prazas) e Zas (titularidade privada – 60 prazas); 3 centros residenciais, cun total de 214 prazas autorizadas, nos concellos de A Baña (titularidade privada – 24 prazas), no Val do Dubra (titularidade privada – 40 prazas) e Vimianzo (titularidade privada – 150 prazas) e 5 vivendas ou pisos tutelados nos concellos de Outes (hai dúas de titularidade privada cunha capacidade de 12 prazas cada unha), Val do Dubra (titularidade privada – 12 prazas), Vimianzo (titularidade pública – 8 prazas) e Zas (titularidade privada – 12 prazas).

Polo que respecta ós equipamentos para a atención as persoas con discapacidade nos concellos da contorna ós da Comarca do Xallas hai 4 centros ocupacionais cunha capacidade de 90 prazas autorizadas, estes centros están localizados nos concellos de Negreira (ten dous centros de entidades sociais con 16 e 20 prazas autorizadas cada un), Outes (entidade social – 50 prazas) e Val do Dubra (entidade social – 20 prazas). Contan con 2 centros de día xestionados por entidades sociais nos concellos de Outes (20 prazas) e Val do Dubra (20 prazas) e unha vivenda tutelada no Val do Dubra cunha capacidade de 8 persoas usuarias.

Con todo, e segundo os obxectivos establecidos no *Mapa galego de equipamentos e servizos sociais* tanto as áreas nas que están os concellos da Comarca do Xallas como a propia Comarca presentan serios déficits de centros e prazas. Así, e en base ós obxectivos do *Mapa*, sería preciso dotar á Comarca do Xallas dun total de 215 prazas residenciais para a atención as persoas maiores e dependentes e de 86 prazas en centros de día, para prestar servizo á poboación actual dos concellos de Mazaricos e Santa Comba.

Os equipos técnicos municipais recoñecen a precaria situación da comarca en termos de equipamentos de servizos sociais e destacan, con respecto ós equipamentos de carácter non residencial para a atención ás persoas maiores e dependentes, a importancia do carácter de recurso de proximidade que deben ter este tipo de equipamentos.

O peso orzamentario que teñen as políticas de benestar nos concellos da comarca, segundo a asignación de créditos iniciais do programa de “Servizos Sociais e promoción social” dos orzamentos municipais presenta diferenzas entre concellos, así obsérvase como o programa de “Servizos Sociais e promoción social” no Concello de Mazaricos conta co 11,50% do orzamento municipal aprobado fronte ó 21,01% que asigna a esta política o Concello de Santa Comba.

En canto ó financiamento dos servizos sociais comunitarios procedente das fontes da administración autonómica e da provincial este veuse incrementado nos últimos anos. Así, no caso da Xunta de Galicia o apoio financeiro incrementouse entre o 12% e o 28% nos concellos do Xallas, sendo o obxecto que máis aumenta a partida destinada ó financiamento das horas prestadas polo servizo de axuda no fogar ás persoas valoradas como dependentes.

Polo que respecta ó apoio da Deputación da Coruña nos últimos anos, este mudou no seo da variación xeral enmarcada no POS, ó tempo que se lle presta unha especial atención ó financiamento do persoal técnico complementario e do persoal administrativo así como á actividade do persoal do SAF na modalidade de libre concorrência. Neste sentido, no período 2016 -2018, as achegas da Deputación destinadas o financiamento dos servizos sociais comunitarios na Comarca do Xallas variaron entre o -10% e o 2%.

Como se observa, os recursos económicos que destina a Deputación da Coruña para os servizos sociais comunitarios municipais teñen como obxectivo dotar ós equipos municipais de persoal que complemente e refirme os programas que se desenvolven dende a área, e contribuír na mellora do servizo fomentando a figura de profesionais de apoio administrativo, que contribúan a alixear o traballo administrativo e burocrático presente nos departamentos de benestar e servizos sociais municipais.

Neste sentido, nos concellos da Comarca do Xallas os equipos municipais de servizos sociais están formados tanto por persoal complementario, educadores sociais e psicólogos (este último no caso do Concello de Santa Comba), como por profesionais administrativos/as. Con todo a pesar de contar con equipos multidisciplinares, o servizo de axuda no fogar é o programa que conta cunha maior asignación tanto económica como humana, converténdose así no servizo estrela do departamento.

A elevada importancia do SAF dentro dos programas dos departamentos de benestar implica que sexa este unha das principais cargas de traballo para o equipo técnico local, de tal xeito que o contido do posto das traballadoras sociais focalízase, case en exclusiva, na xestión deste servizo. Nesta liña, outro tipo de intervencións quedan nun segundo plano dentro das tarefas destas profesionais, ou ben son asumidas por outras técnicas integrantes do equipo municipal.

Neste sentido, a pesar de contar con equipos que contan con diferentes figuras profesionais (educador/a social e psicólogo/a) percíbese unha limitada amplitude das accións de benestar levadas a cabo dende unha perspectiva de carácter comunitario. Así, dende os equipos municipais botase en falta unha maior presenza de programas estruturados de traballo conxunto con outras instancias, como os centros educativos ou de saúde ou con entidades sociais e asociativas, que permitan



abordar problemáticas e situacións da poboación de xeito continuo e sistemático, como as novas e vellos adicións (novas tecnoloxías, alcoholismo) ou a educación de carácter afectivo-sexual .

Así mesmo, dende os departamentos de benestar percíbense problemáticas que van en aumento e que non se están a traballar coa intensidade requirida por diferentes motivos, como é a soidade entre a xente maior dos concellos, situación que se agrava pola dispersión e despoboación dos núcleos e a falta de transporte público que lles permita unha mobilidade fluída.

Na prestación do servizo de axuda no fogar os concellos da Comarca optan por sistemas de xestión diferentes, así o Concello de Mazaricos presta o servizo de xeito externalizado mentres que o de Santa Comba conta con xestión directa completa nas dúas modalidades. O servizo externalizado do Concello de Mazaricos presenta unha taxa de cobertura superior ó de Santa Comba (en algo máis dun punto), motivado principalmente pola cobertura do servizo na modalidade de libre concorrencia, e o servizo directo do Concello de Santa Comba ten un custo/hora superior, en case dos euros, ó servizo prestado polo Concello de Mazaricos.

Constátase a utilización de ferramentas de control de xestión e seguimento do servizo que apoian na xestión e coordinación do servizo por parte do concello que presta o servizo de xeito directo, Santa Comba; avanzando así no emprego de instrumentos que poden redundar na optimización e mellora do rendemento do servizo.

Con todo, alén dos sistemas de xestión ou dos custos do servizo de axuda no fogar, é necesario incidir na relevancia que ten o servizo nas actividades de benestar locais, así como no elevado potencial que presenta o servizo como detonante de novas intervencións complementarias coas persoas usuarias deste. Se ben a potencialidade deste servizo é un factor que se contempla por parte dos equipos municipais tamén se pon de manifesto por parte destes que non está a ser aproveitado o suficiente.

É dicir, a posibilidade de que a presenza do SAF detone intervencións relacionadas coa mellora das vivendas, coas familias ou con outro tipo de aspectos que redunden na mellora da autonomía das persoas usuarias e dos seus contextos familiares, limitáase a accións puntuais para as cales é preciso un intenso traballo de concienciación por parte das profesionais. De tódolos xeitos existen iniciativas de traballo coas familias e persoas cuidadoras de dependentes, así como programas de prevención do deterioro cognitivo, sendo iniciativas de interese de cara ó seu futuro fomento e pulo.

Neste sentido, os equipos técnicos perciben que existe unha visión social do SAF baseada nun contido doméstico contra a que hai que loitar e que acaba indo en detrimento do contido propio do servizo que se centra na prestación de atencións sociosanitarias. Así, a expansión da profundidade das actuacións propias e derivadas do SAF supón un reto recoñecido polos profesionais de benestar.

## 4. Conclusións e Recomendacións.

Ó longo do presente documento foron analizados, en tres apartados diferentes, os principais aspectos relacionados coa evolución demográfica, co contexto socioeconómico, e coa situación dos servizos sociais e dos principais programas das políticas locais de benestar; amosando así un panorama integral resultante do estudo conxunto (I) das persoas, (II) das súas condicións de vida, e (III) da actividade dos servizos de benestar.

O último punto da Diagnose da Comarca do Xallas vén conformada pola formulación das principais conclusións extraídas da análise dos anteriores apartados, así como pola elaboración de diferentes propostas para a mellora e ampliación do alcance e profundidade das actividades dos departamentos locais de benestar.

Estas conclusións e recomendacións terán como viero xeral a procura da mellora da calidade de vida da poboación e, máis concretamente, da mellora da autonomía individual e relacional das persoas, de tal xeito que se enmarquen e sexan coherentes coas liñas xerais que o Plan de Acción diseña para a actividade de Área de Benestar da Deputación da Coruña. É dicir, as recomendacións propostas para a Comarca do Xallas non só son coherentes cun deseño xeral a nivel provincial, senón que contribúen a este deseño trasladando de xeito *abaixo – arriba* tanto as necesidades locais como as circunstancias puntuais que se presentan no desenvolvemento cotiá das tarefas dos departamentos locais, e que inflúen de xeito determinante no rendemento das políticas locais de benestar e, polo tanto, na súa capacidade de resposta fronte ás situacións sociais.

Neste sentido, ó longo dos últimos anos a Deputación da Coruña evoluciona no seu sistema de apoio ós Concellos de menos de 20.000 habitantes. Esta evolución insírese na emerxencia do POS+ como principal ferramenta de colaboración financeira xeral, en tanto que tamén presenta no relativo ás políticas de benestar unha fonda evolución das ferramentas de apoio financeiro.

Así, tanto o contido do apoio como os volumes financiados evolucionaron de xeito significativo a partir do ano 2017, sempre dentro da modalidade incentivadora, sendo minoría os programas de apoio técnico directo ós Concellos, aspecto este no que a continuación se fará fincapé atendendo á realidade territorial.

Deste xeito, na procura de seguir avanzando e mellorando no apoio integral que a Área de Benestar da Deputación presta ós Concellos, e tendo como referencia o principio de autonomía local, a continuación preséntanse as principais conclusións e recomendacións xurdidas para a Comarca do

Xallas no seo dos traballos de elaboración do Plan de Acción de Servizos Sociais da Deputación da Coruña.

#### 4.1 AS PRINCIPAIS CONCLUSIÓN S .

##### A) A evolución demográfica

A análise demográfica levada a cabo na primeira parte do documento verifica a presenza na Comarca dunha caída da poboación constante ó longo dos últimos 20 anos que supón unha diminución desta en máis do 23% entre os anos 1998 e 2017. Esta evolución dáse en intensidades diferentes nos Concellos de Santa Comba e Mazaricos xa que, se ben a caída en Santa Comba é do 13%, o Concello de Mazaricos presenta unha perda do 39,6%.

Esta evolución negativa procede dunha salientable caída do saldo vexetativo observada dende mediados dos anos 70 que entra en cifras negativas dende mediados dos anos 80 e que chega ó peor dato da serie histórica no ano 2015, co cal ó longo do período o proceso vese agravado.

Ademais, tamén é preciso indicar que os saldos migratorios amosan, coa excepción do ano 2007, datos negativos que chegan ó seu máximo no ano 2012 cun saldo negativo de case 130 persoas. É dicir, a Comarca non só perde poboación debido ó saldo vexetativo, senón que tamén é obxecto dun importante fluxo histórico neto de saída de habitantes, agravado pola percepción de que a entrada de persoas dende o exterior se centra no retorno de emigrantes en idades avanzadas.

A intensidade do proceso de perda de poboación e a complementariedade dos saldos analizados provocan que as proxeccións oficiais para o ano 2030 sitúen á Comarca en cifras de 11.306 habitantes, o que supón unha caída de outro 16% no período 2017 – 2030 e a caída acumulada do 35,8% dende o ano 1998.

Como se pode observar, a pesar de que os ritmos de perda de poboación son diferentes entre o Concello de Mazaricos e o de Santa Comba, este proceso afecta tanto ós dous Concellos como a tódalas parroquias que os compoñen, coa excepción de San Pedro no Concello de Santa Comba que, como núcleo urbano, medra un 23% entre os anos 2000 e 2017 achegándose ós 3.500 habitantes. Con todo, a centralidade do núcleo urbano de Santa Comba non ten o efecto suficiente como para compensar as caídas xeneralizadas de todo o territorio, de tal xeito que se ben é preciso ter en conta a posición do núcleo do Concello en termos de planificación de servizos de benestar, este non conta coa suficiente capacidade para a atracción de actividade e poboación cunha intensidade suficiente para equilibrar o proceso global no que se ve inmerso.

Así, a situación de capilarización da perda de poboación é importante, observándose que tódalas parroquias en Mazaricos (agás Santa María de Maroñas) perden máis do 20% da súa poboación, e afectando intensamente este proceso a parroquias como Arcos, Coiro, Corzón ou Eirón que superan a perda do 40%; en tanto que en Santa Comba este proceso é máis limitado, a pesar de que agás o

núcleo urbano de Santa Comba que gaña poboación e a parroquia de Esternande, todas perden máis do 20% da súa poboación. É dicir, estase perante un proceso de *demotanasia* que afecta, sobre todo ás parroquias máis rurais.

O proceso de perda de poboación conta coa importante derivada do avellentamento e do seu elevado impacto en termos das políticas de benestar. Estes dous elementos, conxuntamente cunhas limitadas dotacións dos equipos locais de benestar e cunha visión reactiva que dá na *hiperfocalización* da actividade vencellándoa co avellentamento, supón que sexan puntuais as dinámicas de traballo locais integrais nas que o benestar sexa peza clave na dinamización demográfica e no desenvolvemento local.

Esta *hiperfocalización*, que é causada pola realidade demográfica xa analizada, leva a que tanto boa parte dos equipamentos como dos programas que se atopan en activo na Comarca se centren no colectivo das persoas maiores e dependentes, deixando nun segundo plano outro tipo de programas que, en coordinación cos mencionados, ofrecerían a posibilidade de construír territorios atractivos dende un punto de vista da integralidade dos servizos ás persoas o cal, ó mesmo tempo, contribúe á xeración de economías de proximidade e, polo tanto, á fixación de poboación.

Con todo, é preciso mencionar a existencia na Comarca de programas de apoio escolar (Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014 – 2020 da Xunta de Galicia financiado polo Fondo Social Europeo) no Concello de Santa Comba, así como o Servizo de Atención Temperá para os Concellos da Comarca, debendo ter en conta tamén o esforzo que está a facer o Concello de Mazaricos en recuperación da identidade e tradicións, e de mellora do coñecemento e valoración social de sectores económicos vitais como é o agrogandeiro en colaboración con entidades asociativas coa implicación da infancia.

Un dos elementos máis salientables á hora de fomentar a dinamización demográfica nun contexto como o do Xallas é a xeración de actividades económicas que acheguen estabilidade ás persoas. Este é o caso dos servizos de benestar locais que, dende unha posición de proximidade, amosan unha salientable intensidade en recursos humanos como se pode observar nos datos relacionados coas persoas contratadas para a prestación do SAF, que contan no ano 2018 cun total de 29 auxiliares.

Neste sentido, tendo en conta as expectativas de expansión do servizo dado o importante proceso de avellentamento no que se ve inmersa a poboación da comarca, é preciso avanzar na mellora das oportunidades de formación en relación ós servizos sociosanitarios de proximidade, elemento este considerado como unha importante eiva por parte dos equipos técnicos municipais que, sobre todo no caso do Concello de Mazaricos, observan como esta carencia está a ter impacto tanto na actualidade como nas posibilidades do servizo no futuro.

Ademais, débese sinalar que esta formación de carácter sociosanitario de proximidade non unicamente se debe focalizar na xestión puntual de accións como poden ser os obradoiros de emprego, senón que atendendo ás necesidades da poboación, esta debe ser máis considerada dende un punto de vista máis amplo, sendo preciso avanzar cara ó establecemento de programas formativos oficiais estables no territorio como poden ser, por exemplo, os ciclos de Formación Profesional.

Como se pode observar, os servizos de benestar de proximidade son un punto a salientar como potencialidade para o desenvolvemento do territorio e para a retención de poboación, pero estes deben ir acompañados de condicións que os fagan atractivos, aspecto este no que é preciso avanzar nunha estratexia máis ampla de retención de poboación.

Dentro desta estratexia xeral de mellora da calidade de vida e dos servizos de benestar como ferramenta para a construción de territorios atractivos é preciso mencionar a situación do transporte público nunha comarca de elevada dispersión e avellentamento. Así, para os equipos técnicos municipais a situación do transporte público é un elemento que dificulta tanto a vida cotiá das persoas como as posibilidades de reter poboación nos núcleos máis dispersos, aínda que as rutas de transporte que comunican as centralidades municipais son tamén consideradas como escasas.

Esta carencia, que está a ser compensada de xeito puntual en determinados programas como pode ser o Rexenérate do Concello de Santa Comba que integra o seu propio servizo de transporte para as persoas maiores, está a incidir de xeito determinante na emerxencia de situacións de soidade e illamento de persoas maiores, sobre todo das que subsisten en núcleos illados que se atopan en proceso de desertización definitiva.

Como se pode comprobar, se ben a ampliación e incremento da profundidade dos servizos de benestar é unha ferramenta acaída para a mellora da calidade de vida da poboación, esta debe ser complementada con outras ferramentas para incidir no proceso de *demotanasia* no que está inmerso a comarca. A complementariedade entre os servizos de benestar e a formación, coa posibilidade de inserción laboral de calidade, así como a mellora doutros servizos complementarios como é o transporte público son aspectos nos que é preciso avanzar dentro dunha estratexia de territorio máis ampla que debe incluír a estreita colaboración entre os departamentos de benestar e outros departamentos municipais tales como promoción económica ou departamentos de carácter xurídico, de cara a establecer liñas de traballo estables para avanzar na procura da retención/atracción de poboación.

## B) O avellentamento e a soidade.

Como se menciona ó longo do documento, a evolución da demografía conta coa importante derivada do pronunciado proceso de avellentamento que está a caracterizar á Comarca, que é substancialmente superior ós índices de referencia galego e provincial e que fai que, se ben o avellentamento sexa unha característica que marca as políticas de benestar locais en toda Galicia, no caso do Xallas é un aspecto determinante sen o cal non se pode entender a realidade da Comarca.

Ademais, o avellentamento complementado co devalo demográfico xa observado e coa salientable dispersión en múltiples núcleos de poboación, conforman un contexto no que emerxen casos de soidade e de illamento físico que marcan o deseño das políticas de benestar locais e as súas necesidades de recursos.

Neste contexto, os equipos técnicos de benestar contan con diferentes ferramentas para paliar as situacións de soidade e illamento, sobre todo das persoas maiores. Dentro destas ferramentas salientan a importante capilaridade do SAF (tanto nas modalidades de dependencia como de libre concorrencia), así como do programa de teleasistencia, en tanto que tamén salienta o impacto que teñen as actividades de benestar especificamente dirixidas ás persoas maiores que se celebran de xeito descentralizado nas parroquias.

Con todo, a *hiperfocalización* antes mencionada en relación ás actividades para as persoas maiores, é posible ampliala á xestión desta serie de programas, deixando nun segundo plano outro tipo de actividades enfocadas á xeración/rexeneración das comunidades locais, é dicir, ó traballo comunitario, para as que non se conta con recursos. Neste sentido, é salientable o recoñecemento da limitación do traballo en rede con entidades sociais ou asociativas locais, co cal detéctanse baleiros na capacidade de aproveitamento do caudal de coñecemento co que estas contan, así como das múltiples utilidades que estas canles xeran tanto para a detección de situacións de necesidade como, por exemplo, para incrementar a capilaridade da oferta de actividades chegando a novos/as usuarios/as.

Un exemplo destas limitacións son as relacións cos Centros de Saúde e cos Centros Educativos, que se limitan a actividades puntuais de carácter discontinuo, a pesar do recoñecemento por parte dos equipos técnicos municipais do seu elevado interese dende o punto de vista da prevención e dende o punto de vista comunitario, sobre todo tendo en conta a relevancia do rol dos profesionais da Saúde na detección e tratamento de situacións de illamento e soidade nas persoas maiores.

As limitacións nos traballos en relación con entidades asociativas do territorio supoñen, como se menciona con anterioridade, limitar a capacidade de acceso dos equipos técnicos a situacións de necesidade. No caso das persoas maiores en situación de soidade, unha das ferramentas máis efectivas como son os obradoiros de memoria, a pesar do seu éxito e a súa realización descentralizada no Concello de Santa Comba, non están a chegar a tódolos potenciais usuarios/as, recoñecéndose que se está a incrementar o número de persoas maiores que non saen dos fogares e ós que non se pode acceder por esta vía directa e ás que tampouco se está a acceder por outras vías indirectas como son, por exemplo, as relacionadas coas entidades asociativas.

En relación ós programas especificamente deseñados para as persoas maiores, a Comarca, alén do SAF, presenta iniciativas de elevado interese que non unicamente contribúen a ampliar o abano de servizos, senón que afondan nas intervencións xerando novas posibilidades de mellorar a vida das persoas.

Neste sentido, salientan os programas relacionados co apoio a familiares de persoas afectadas polo alzheimer e outras demencias que, no caso de Santa Comba, se realiza en colaboración con AFABER co obxectivo de compartir experiencias e achegar apoio psíco-emocional e social; ademais do programa Rexenérate que, tamén no Concello de Santa Comba, pretende previr o deterioro cognitivo con actividades como estimulación cognitiva, física e social. É salientable mencionar que o programa Rexenérate conta con transporte adaptado ó servizo das persoas usuarias. Dentro destes programas, tamén se pode mencionar o Comedor sobre Rodas do Concello de Santa Comba, que incrementa o

abano de servizos para as persoas maiores ou as persoas con discapacidades, contribuíndo así á loita contra a soidade accedendo ós fogares das persoas con necesidades especiais.

Incidindo nas actividades para as persoas maiores, é preciso mencionar que a Comarca presenta un contexto ideal para desenvolver programas de carácter interxeneracional cos que, ademais de mellorar a socialización das persoas maiores, se poidan desenvolver actividades de transmisión de tradicións culturais. Ademais, esta ampliación do perímetro das actuacións para as persoas maiores é posible estendelo ás actividades deseñadas polas Concellerías de Cultura ou Deportes, por exemplo, de tal xeito que se incrementen os efectos das mesmas tanto dende o punto de vista sectorial (recuperación de costumes, camiños, oficios...) como dende o punto de vista de reforzo das relacións comunitarias, co que isto comporta en termos da loita contra a soidade.

Ademais, como ferramenta complementaria, atópanse os programas de voluntariado que poden multiplicar a acción dos equipos de benestar en relación á soidade. De tódolos xeitos, é preciso potenciar estes programas dende o ámbito municipal ou avanzar na xeración de redes informais de traballo coas entidades sociais que traballan no territorio co obxectivo de mellorar tanto na detección do fenómeno da soidade como no traballo coa mesma de xeito complementario á prestación de servizos como o SAF básico, teleasistencia ou outro tipo de programas.

Nesta liña, a proximidade é un factor que permite ós equipos municipais a detección de situación de risco, sobre todo para as persoas maiores, xa que se considera que as relacións comunitarias, se ben están en proceso de deterioro, non están perdidas.

Así, a transmisión informal de información sobre situacións individuais ós equipos técnicos é unha ferramenta de valor que é preciso fomentar avanzando na xeración de contactos con axentes de proximidade (establecementos de hostalaría, comercios de proximidade, parroquias...) de xeito complementario á colaboración institucional cos Centros de Saúde, completando un mapa de *antenas* que permitan a detección destas situacións e o traballo con elas cunha axeitada temporalización sen agardar á cronificación.

Finalmente, a fertilidade destas redes informais tamén serve para a mellora da difusión das actividades municipais, chegando a un maior público co que isto comporta en termos da circularidade do proceso de xeración de información de valor para os equipos de benestar.

### C) As múltiples exclusións.

A Comarca do Xallas forma parte da Costa da Morte, territorio utilizado polas fontes oficiais á hora de analizar a taxa de risco de pobreza ou exclusión social, amosando os datos que o 19,33% da poboación da Costa se atopa en risco de pobreza<sup>24</sup> (Estratexia Europa 2020 para o ano 2016), o que supón que ó redor de tres mil persoas se atopan nesta situación.

---

<sup>24</sup> Os datos do ano 2017 contemplan como esta cifra representa o 21,38%, en tanto que Galicia conta co 20,26% e a provincia co 18,65%.

Esta taxa, para o ano 2016, sitúase nun punto intermedio entre os datos de Galicia e da provincia, aínda que se observa unha salientable tendencia á redución nos últimos anos, despois de presentar, entre os anos 2011 e 2014, cifras superiores ó 28% que superaban amplamente tanto os datos galegos como provinciais. Esta evolución racha no 2017 cunha lixeira suba que sitúa á taxa na Costa da Morte por enriba dos datos dos territorios de referencia.

O diferencial atopado na taxa de risco de pobreza entre o Xallas e os datos dos territorios de referencia mantense ó estudar a evolución da renda dispoñible bruta por habitante, xa que a Comarca presenta unhas rendas que, para o ano 2015, roldan entre o 75% do dato galego e o 71% do dato provincial. É dicir, en tanto a renda galega supera os 13.800€ e a provincial os 14.750€, a dos habitantes do Xallas supón 10.474€.

A nivel municipal é posible observar como os datos dos Concellos de Santa Comba e Mazaricos son parellos xa que, se ben no ano 2010 existía un diferencial entre eles dun 6% a favor de Santa Comba, este redúcese ata presentar, no ano 2015, unha diferenza de 32€ na renda a favor de Mazaricos. Neste sentido, en tanto a renda de Santa Comba non retoma os datos do 2010, a de Mazaricos evoluciona á alza entre o 2010 e o 2015 cun 4,5% de incremento.

Tamén é preciso indicar que, no relativo ó peso das prestacións sobre a renda dispoñible bruta por habitante, os datos da Comarca son superiores en 7 puntos ós de Galicia e en 8 puntos ós do conxunto da provincia, contando a Comarca cun 39% de peso das prestacións sobre a renda. Estas cifras conxuntas son superadas no Concello de Mazaricos, que presenta un 40%, en tanto que Santa Comba amosa un 38%. Con todo, obsérvase unha importante evolución á alza das prestacións xa que, en tanto en Mazaricos estas pesaban un 35% no ano 2010, en Santa Comba pesaban un 30%, dato semellante ó do conxunto de Galicia, evolucionando en oito puntos nos anos analizados, en comparación coa evolución en tres puntos do dato galego.

Ademais, analizando os ingresos das persoas e dos fogares, obsérvase como se mantén un importante diferencial con respecto a Galicia e á provincia que segue a tónica do xa mencionado. Neste sentido, en tanto o ingreso promedio por persoa en Galicia se sitúa en 792€ no 2016 e en 834 para o conxunto da provincia, o dato da Área da Costa da Morte sitúase en 693€, o cal supón 12,5 puntos menos có dato galego. En relación ós ingresos dos fogares, estes sitúanse nos 2.007€ para Galicia no 2016 e en 2.095€ para o conxunto da provincia, en tanto que para a Área da Costa da Morte o dato é de 1.865€ o cal supón oito puntos menos có promedio galego.

Neste contexto socioeconómico actúa un sector empresarial marcado polo peso da agricultura, en tanto que o sector servizos asume o 35% das empresas da comarca, salientando dentro deste o peso do comercio e da hostalaría. O perfil promedio dunha empresa na comarca é a dunha persoa física adicada ó sector primario, aínda que se debe mencionar que este sector redúcese de xeito salientable entre os anos 1999 e 2009, tanto en termos de explotacións activas como de unidades de traballo anuais.

En relación á afiliación á Seguridade Social, os datos entre os anos 2011 e 2018 amosan unha redución, tocando o chan da serie no ano 2013 para recuperarse na actualidade. Con todo, as cifras



roldan entre o teito da serie de 5.027 persoas afiliadas no 2011 e o chan de 4.516 no 2013, contando na actualidade (xuño do 2018) con 4.785 persoas afiliadas, de tal xeito que a pesar da progresiva recuperación, non se igualan os datos iniciais.

É salientable mencionar que, en tanto as persoas afiliadas á Seguridade Social se sitúan no treito mencionado (entre as 4.500 e as 5.000 persoas), estas cifras tamén corresponden ó número de persoas que están a percibir pensións de carácter contributivo, situándose a cifra no ano 2017 en 4.551 persoas que perciben un promedio de 626€, fronte ó promedio de 896€ de Galicia e de 927€ do conxunto da provincia.

Ás exclusións de carácter económico vencelladas co ámbito laboral e coa renda únenselle outro tipo de exclusións relacionadas coa emerxencia das situacións de dependencia derivadas do intenso avellentamento e coa necesidade de coidados.

Neste sentido, un dos elementos máis salientables relacionado coas necesidades de coidados é o impacto que a intensa feminización dos mesmos ten sobre as persoas, sobre o seu emprego/empregabilidade e sobre as súas carreiras profesionais, sobre todo atendendo ás súas cotizacións e á xeración de dereitos relacionados coa xubilación. Así, outra das exclusións máis importantes que se está a observar é a relacionada coa das persoas coidadoras, que ten efectos inmediatos a través da ruptura das súas relacións laborais actuais e das relacións sociais no seu contexto, e que ten efectos diferidos sobre as pensións de xubilación, o que incrementa as posibilidades de risco de pobreza no futuro.

Outra das exclusións máis salientables é a relacionada coa presenza das discapacidades, tanto polas propias persoas con discapacidades que no 2017 eran 1.161 persoas na Comarca, como polas persoas coidadoras, sendo preciso mencionar que na Comarca non se atopa ningún equipamento dirixido a cubrir as necesidades deste colectivo nin ningunha entidade social local especializada, o cal xera importantes disfuncións xa que son as entidades sociais dos Concellos lindeiros pertencentes a outras comarcas os que atenden a estes colectivos, co que isto supón en termos de necesidades de transporte.

Finalmente é preciso mencionar o caso das exclusións vencelladas coas adicións de especial incidencia entre a mocidade, entre as que salientan as relacionadas coas tecnoloxías e co alcoholismo, para as cales non hai programas estables nos centros educativos liderados dende os departamentos de benestar locais, senón accións puntuais nas que os centros colaboran cos departamentos de benestar. Dentro destas colaboracións salientan, no caso de Santa Comba, os obradoiros de habilidades sociais e resolución de conflitos así como unha colaboración de especial interese para a realización de actividades de educación afectivo sexual en coordinación coa matrona do Centro de Saúde.

Con todo, a carencia de estabilidade nestes programas relacionados coa prevención das adicións resulta un elemento a ter en conta en relación coa exclusión, salientando o recoñecemento por parte dos equipos técnicos municipais de necesidade de establecer programas dende unha perspectiva

proactiva de xeito coordinado cos centros educativos, para os cales se debería contar coas ANPAS como parte fundamental do proceso

### D) Os coidados.

A política de benestar local ten, no relacionado cos coidados, un dos seus elementos máis salientables xa que, tanto a raíz das prestacións derivadas da lei da dependencia, como a raíz do programa de Servizo de Axuda no Fogar básico, os servizos relacionados cos coidados supoñen un volume substancial dos esforzos locais, sobre todo medido en recursos humanos, económicos e técnicos destinados ó benestar.

Esta tendencia á *hiperfocalización* dos esforzos dos departamentos de benestar nos coidados, sobre todo no SAF, vencéllase directamente coa evolución demográfica e co progresivo avellentamento da poboación da Comarca, de tal xeito que atendendo ás proxeccións demográficas, é previsible un salientable incremento das tensións derivadas da demanda do SAF nas súas dúas modalidades, aspecto para o cal os Concellos non se atopan preparados dende unha perspectiva organizativa.

Ademais, neste mesmo sentido salientan as previsións de expansión do SAF básico coas que traballan os propios equipos de benestar locais cos Concellos da Comarca do Xallas, co cal é previsible un incremento das tensións xeradas por este servizo para as administracións locais a nivel económico e organizativo.

Dentro deste aspecto, salientan as necesidades de mellorar o seguimento e control que efectúan os equipos municipais no caso da xestión indirecta do servizo, debendo facer fincapé en todo o proceso de servucción dende a ideación inicial da licitación ata os sistemas de coordinación e avaliación do servizo efectivamente prestado ás persoas usuarias, así como na necesaria mellora da comunicación entre prestador e titular do servizo para a xeración de novas intervencións que melloren, dende un punto de vista integral, a calidade de vida e o benestar tanto persoas usuarias como das persoas coidadoras principais.

É salientable que un dos obxectivos centrais do SAF básico sexa cubrir as agardas do proceso de tramitación e valoración da dependencia, polo que é habitual que o SAF básico entre nos fogares de xeito previo á modalidade de dependencia, quedando activo ata que ás persoa usuaria lle sexa recoñecida a valoración e o servizo correspondente a través da propia dependencia. Este esquema fai que o SAF básico perda en certa medida o compoñente de prevención que ten, para constituírse nunha sorte de porta da entrada local ós servizos da dependencia, que contan con salientables demoras en tempo.

Tal como se mencionaba con anterioridade, na actualidade na Comarca non existen equipamentos adicados ós coidados, tanto en relación ós colectivos de persoas con discapacidade como de persoas dependentes, polo que a totalidade do peso dos coidados recae, no que a servizos públicos se refire, nas dúas modalidades de SAF.

Así, o SAF asume un volume de recursos humanos de 32 persoas, das cales 29 son persoas auxiliares e 3 son persoal de coordinación. Este equipo humano atende a 148 persoas no ano 2018, o que supón un 3,47% das persoas maiores de 65 anos da comarca, prestando máis de 41.000 horas de servizo.

Os Concellos están a xestionar o SAF de xeito distinto, tendo Santa Comba a xestión directa, en tanto que Mazaricos conta con ela externalizada. Neste sentido, o custo/hora de Santa Comba sitúase nos 14€, supoñendo para Mazaricos 12,06€ o custo da modalidade de libre concorrència e 11,40€ a modalidade de dependencia.

Como se pode comprobar, en boa medida os departamentos municipais de benestar están a convertese en centros xestores de equipos SAF, función para a cal non contan con apoio de carácter técnico ou xurídico especializado, alén de que o Concello de Santa Comba dispón na actualidade dun software especializado en xestión do servizo. Con todo, as esixencias do servizo, complementadas coas necesidades das tramitacións administrativas, están a xerar tensións operativas que derivan na xa mencionada *hiperfocalización* pero que impiden o aproveitamento da profundidade das intervencións derivadas do propio SAF ou de avaliar o propio servizo, ó tempo que bloquea as posibilidades de iniciar outro tipo de actividades de carácter comunitario.

Neste sentido, a potencialidade que ten o SAF á hora de xerar novas intervencións alén dos traballos de atención ás persoas usuarias estase a ver plasmado nos Concellos da Comarca de xeito fragmentado. Así, se ben os equipos técnicos municipais salientan a necesidade tecnicamente percibida de traballar coas persoas cuidadoras, este só se leva adiante no Concello de Santa Comba a través do grupo de apoio a familiares de enfermos de Alzheimer e outras demencias xestionado a través de AFABER.

Finalmente, incidindo nos cuidados, e tendo en conta a inexistencia de equipamentos especializados na Comarca (se ben en concellos limdeiros si que os hai de diferentes titularidades), é preciso mencionar que se prevé un incremento considerable da demanda de servizos por parte das persoas obxecto de cuidados que se traducirá en maiores tensións para o SAF.

Con respecto ós equipamentos non residenciais de proximidade para persoas maiores, a demanda dos mesmos vese limitada na actualidade pola elevada distancia entre os Concellos e os centros públicos, actuando este feito a xeito de barreira para a súa solicitude, sempre tendo en conta a valoración técnica positiva dos equipos municipais. Neste sentido, os datos actuais de prazas tanto residenciais como non residenciais atópanse afastados das previsións establecidas pola Xunta de Galicia.

## E) Os equipos locais de benestar.

A evolución das modalidades de financiamento que a Área de Benestar da Deputación da Coruña pon a disposición dos Concellos menores de 20.000 habitantes supón unha variación nas posibilidades dos servizos a raíz dun dobre efecto.

Por unha banda, o financiamento do perfil do apoio administrativo e de persoal técnico complementario ó/a traballador/a social de referencia permite completar dende un punto de vista integral ó equipo inicial, permitindo tanto unha maior axilidade administrativa e unha mellor atención inicial ó público, como unha atención multidisciplinar ós diferentes casos, achegando tamén posibilidades de ampliar o abano de servizos ofrecidos dende os Concellos.

Por outra banda, a fonda variación do financiamento do SAF da modalidade de libre concorrència supón un incremento no ingreso dos Concellos e, polo tanto, unha maior capacidade á hora da prestación deste servizo que, como se puido observar, aínda non é posible avaliar e que, con todo, tamén depende doutros factores individuais de cada Concello como pode ser o referente á existencia de sistemas de xestión informatizados ou o rendemento dos equipos propios ou de entidades prestadoras externas.

A evolución do financiamento da Deputación da Coruña, vencéllase coa maior capacidade dos Concellos á hora de incrementar os seus equipos técnicos e administrativos dos departamentos de benestar, así como coas posibilidades do SAF básico. Así, nos Concellos da Comarca atópanse asentadas tanto as figuras de profesionais técnicos/as complementarios/as ó/a traballador/a social como as do persoal de carácter administrativo, salientando o caso de Santa Comba que no caso do persoal técnico complementario conta cun posto de educación familiar e outro de psicoloxía con financiamento da Deputación.

Afondando na análise dos orzamentos municipais, é preciso salientar a heteroxeneidade dos orzamentos adicados nos Concellos da Comarca á política de gasto 23. Así, en tanto o Concello de Santa Comba adica o 21% do orzamento aprobado no 2018, Mazaricos adica o 11,5%. Esta heteroxeneidade supón a presenza de axendas locais de diferente potencia e capacidade para atraer recursos ás políticas de benestar locais, sendo un elemento fundamental para o sostemento destas políticas as achegas procedentes tanto da Xunta de Galicia como da Deputación da Coruña, sobre todo a raíz da modificación do sistema de financiamento do ente provincial acontecido nos últimos anos que non só evoluciona á alza de xeito substancial, senón que é de recoñecida efectividade por parte dos equipos de benestar dos diferentes Concellos.

Ademais, esta heteroxeneidade orzamentaria plásmase nun financiamento substancialmente diferente por habitante en función da devandita política de gasto 23 para o ano 2018, observando que o teito dos datos márcao o Concello de Santa Comba con 154,91€ por habitante, e o chan márcao o Mazaricos con 87,67€.

Con respecto á prestación do SAF Libre Concorrència, o incremento substancial do financiamento vese seguido dun incremento do servizo no caso do Concello de Mazaricos que, se ben entre os anos 2016 e 2017 case duplica as súas horas, no ano 2018 prodúcese unha baixa importante con respecto á anualidade anterior derivada da presenza de problemas operativos relacionados co proceso de licitación e contratación do servizo. No caso do Concello de Santa Comba, as horas prestadas amosan estabilidade cun lixeiro incremento, prevendo en todo caso a expansión do servizo debido ó incremento das necesidades sociais detectadas visto o contexto de profundo avellentamento e necesario achegamento dos servizos ós fogares.

Na actualidade os equipos municipais están afrontando, como se menciona, un incremento da tensión operativa relacionada coas esixencias do SAF como programa estrela, pero tamén relacionada coas esixencias da tramitación administrativa do conxunto de recursos, con especial fincapé na dependencia ou nas rendas de inserción. Estas esixencias operativas de carácter reactivo están a determinar o rendemento dos departamentos de benestar e a xa referida *hiperfocalización*, sobre todo en casos de Concellos con equipos de limitado volume nos que as propias técnicas recoñecen as insuficiencias do traballo comunitario.

Dentro destas insuficiencias, salientan as relacionadas co traballo coas entidades asociativas da Comarca, así como con entidades sociais radicadas en Comarcas limdeiras xa que no Xallas non se localiza ningunha. Estas relacións terían un efecto multiplicador das accións lideradas polos departamentos de benestar dos Concellos, ofrecendo a posibilidade de chegar a novos potenciais usuarios/as a raíz da mellora, por exemplo, dos sistemas de difusión e captación, e xerando complementariedades que incrementen a información obtida polos equipos técnicos para mellorar a profundidade dos programas.

## 4.2 AS PRINCIPAIS RECOMENDACIÓNS.

### A) A evolución demográfica

A evolución dos principais indicadores demográficos analizados ó longo do documento achegan unha idea clara sobre a evolución claramente decrecente da poboación tanto en termos de saldo vexetativo como en termos de saldo migratorio.

Estes elementos, conxugados coa capilarización do proceso que afecta á totalidade de núcleos de poboación agás ó núcleo urbano de Santa Comba, leva a retomar a idea da *demotanasia* como proceso no cal se atopa inmerso a Comarca. Este proceso ten unha especial incidencia no Concello de Mazaricos, que perde case o 40% da poboación entre 1998 e 2017, pero que se estende a toda a Comarca xa que as previsións son da perda conxunta dun 36% da poboación nas proxeccións de futuro a medio prazo para o 2030.

Este proceso de intensa perda de poboación atópase intimamente vencellado coa dinamización e revitalización socioeconómica, sobre todo cando se observa a estabilidade e intensidade dos saldos migratorios negativos, aspecto este último que conforma unha das características básicas da realidade social da comarca: a emigración.

A situación socioeconómica xeral da comarca vén marcada pola constante contracción dos sectores económicos tractores. Así, en primeiro lugar, o sector primario (agrogandeiro) evoluciona á baixa nas últimas décadas perdendo capacidade de xeración de oportunidades económicas e de desenvolvemento empresarial a nivel xeral. Esta evolución, tendo en conta a elevada capilaridade territorial das explotacións, xera un importante impacto en termos demográficos, sobre todo

atendendo á elevada dispersión dos núcleos de poboación. En segundo lugar, un dos sectores económicos máis salientables dende finais do século pasado, a construción, amósase en proceso de devalo dende a crise económica, co cal as alternativas de emprego redúcense ás actividades enmarcadas dentro do sector servizos, dentro das cales salientan o comercio e a hostalaría.

Dentro deste contexto xeral, tamén é preciso salientar en termos de benestar, a ausencia de equipamentos públicos ou privados que dean resposta ás necesidades dun territorio de importante extensión e de elevado avellentamento. É dicir, na actualidade o benestar aínda non foi identificado como unha posibilidade de xeración de economías de proximidade, aspecto este que debería contar cun apoio firme municipal sobre todo en casos de xeración de oportunidades para iniciativas de economía social.

Así, como se pode observar, a intensidade do devalo demográfico ten unhas complexas orixes multifactoriais nas que se debe incidir non só dende os diferentes departamentos municipais de xeito coordinado, senón que deben ser estudadas de xeito multinivel, pero sempre incidindo nos elementos relacionados coa proximidade e coa prestación de servizos de benestar que melloren a calidade de vida da poboación como elementos que configuren un territorio con capacidade de retención e atracción de poboación.

### **Recomendación 1. Xeración de estratexias compartidas entre os Departamentos de Promoción Económica e Emprego locais cos de Benestar.**

Esta recomendación é central á hora de establecer unha estratexia de mellora do benestar na Comarca xa que sen a xeración dun entorno atractivo para a dinamización socioeconómica xeral (co efecto que este feito ten en termos de atracción de actividade) o establecemento de programas puntuais para a mellora da calidade de vida da poboación serán aspectos de carácter paliativo. É dicir, amósase básico establecer coalicións internas nos Concellos para a xeración endóxena e a atracción de iniciativas económicas coas que dinamizar o territorio e, a partir das mesmas, revitalizalo.

Dentro destas coalicións salienta a importancia da difusión de ferramentas como as bolsas de traballo municipais que poñan en relación ás entidades demandantes de recursos humanos e ás persoas demandantes de emprego. Na actualidade os Concellos de Santa Comba e Mazaricos están a facer un esforzo de difusión a través das súas redes sociais corporativas destas demandas, sendo este un camiño no que continuar aprofundando.

Ademais, tamén dentro desta lóxica da posta en relación de necesidades e recursos, atópase o salientable baleiro detectado en relación á dotación de equipamentos de benestar de proximidade, sobre todo relacionados coas persoas maiores e coa discapacidade. Como se mencionaba con anterioridade, se ben na Comarca non existen estes equipamentos, nos Concellos limdeiros pertencentes a outras Comarcas si que existen, aínda que as elevadas

distancias a percorrer son un elemento que actúa como barreira para o seu uso por parte dos habitantes da Comarca.

Así, este baleiro é posible convertelo nunha oportunidade para xeración de economías de proximidade a través da iniciativa social ou privada que dea resposta ás necesidades dos colectivos de persoas maiores ou de discapacitados. É nestes aspectos nos que a xeración de coalicións internas entre os departamentos municipais de promoción económica e emprego cos de benestar resulta dun efecto multiplicador xa que, como se recoñece dende os equipos técnicos de benestar, a dotación destes equipamentos de proximidade relacionados coa atención ás persoas maiores é prioritaria.

Neste sentido, dende unha perspectiva de benestar, é posible colaborar na creación e reenfoque da lóxica de actuación de ferramentas como as bolsas de traballo municipais ou maximizar o uso das cláusulas sociais nas licitacións públicas co obxectivo de facer territorios atractivos e, polo tanto, influír na limitación da perda de poboación.

Esta estratexia, que debe ser espallada a departamentos municipais de carácter xurídico ou económico, ten no SAF un dos seus principais alicerces xa que, no caso de Mazaricos, atópase externalizado e conta cun importante volume de persoas traballadoras, así como cun importante potencial tanto en termos de incorporación de novos profesionais (perfís auxiliares ou técnicos) como en ampliación de equipos cun elevado impacto de proximidade.

Finalmente, a xeración de *coalicións internas* en clave de benestar debe ir aparellada á expansión e afondamento do alcance dos servizos actuais de benestar na liña xa emprendida polo Concello de Santa Comba a través, por exemplo, da prestación de servizos complementarios ás familias de persoas dependentes, contribuíndo así á mellora da calidade de vida da poboación por múltiples vías ó tempo que se xeran economías de proximidade entre persoal técnico de elevada capacitación.

## **Recomendación 2. Xerar a nivel Comarcal unha oferta de formación dirixida á atención ás persoas.**

Tanto o fomento de iniciativas económicas de benestar de carácter endógeno como a atracción das mesmas deben xerar emprego de calidade de proximidade, sendo un dos seus alicerces a presenza de profesionais coa formación axeitada para dar resposta ós servizos de benestar que se presten.

Neste sentido, salienta a ausencia na Comarca, e nas Comarcas limdeiras, de oferta formativa estable relacionada cos servizos de benestar de proximidade. Así, por exemplo, para atopar oferta de Formación Profesional, Ciclo Medio de Atención a persoas en situación de dependencia, é preciso desprazarse á Coruña, Santiago de Compostela, Rianxo ou Ferrol. Esta distribución territorial da Formación Profesional da familia de Servizos Socioculturais á Comunidade non se adapta ás necesidades do territorio, de tal xeito que a localización do Ciclo

Medio mencionado, por exemplo, podería dar resposta non só ás necesidades do Xallas, senón ampliar o seu efecto a boa parte da Costa da Morte ou Soneira.

Deste xeito, a xeración dunha oferta de formación potente centrada na atención ás persoas no IES Terra de Xallas contribuiría á retención/atracción de poboación, sendo un dos elementos básicos para a xeración de servizos.

Esta oferta non só se reduce á Formación Profesional, senón que debe ser ampliada a outras alternativas como, por exemplo, os obradoiros de emprego e outras iniciativas que permiten a obtención das titulacións básicas para a atención ás persoas no domicilio, aspecto central para a construción dun SAF potente e de calidade. Neste caso, a pesar de que os Concellos de Mazaricos e Santa Comba tiveron experiencias na xestión de obradoiros de emprego, detéctase carencias na presenza de profesionais capacitados, polo que é outro elemento no que se debe incidir tanto dende a iniciativa pública, como dende a colaboración con entidades sociais e privadas que promovan accións formativas.

### **Recomendación 3. Programa de fomento de entidades sociais e das actividades das entidades asociativas radicadas na Comarca.**

Tal como se mencionaba con anterioridade, na actualidade non existen entidades do TSAS localizadas na Comarca. A ausencia de entidades sociais na Comarca representa un baleiro que se pode cubrir de xeito parcial a través da territorialización das accións levadas a cabo por grandes entidades do TSAS ou a través das accións de entidades sociais máis pequenas localizadas en Comarcas limdeiras. Con todo, estas coberturas non garanten o coñecemento do territorio e a adaptación ás características da poboación local que caracterizan as actividades das entidades sociais de proximidade.

Neste sentido, e co obxectivo de mellorar as accións de benestar a través da complementariedade entre as actuacións públicas e sociais, é preciso actuar dende un dobre punto de vista. En primeiro lugar, fomentar a creación de entidades sociais de proximidade na Comarca de elevado coñecemento do medio que xeren accións innovadoras adaptadas ás necesidades sociais que respondan á elevada dispersión da poboación. En segundo lugar, dende institución superiores ós Concellos que teñen entre as súas liñas de actuación a colaboración e o cofinanciamento de entidades sociais, débese facer fincapé na territorialización das accións como elemento a ter en conta para o devandito financiamento, cubrindo así as necesidades dos territorios nos que non existen entidades propias do TSAS.

Con todo, a ausencia de entidades do TSAS non quere dicir que na Comarca non exista un tecido asociativo co que traballar en materia de benestar. Así, co mesmo obxectivo de multiplicar a efectividade das accións de benestar (tanto dende o punto de vista do deseño como dende a implementación) é preciso tecer redes co sector asociativo local que na actualidade se atopa



traballando tanto dende o punto de vista sectorial (cultura, deportes, identidade, relixión...) como dende o punto de vista territorial (parroquias, lugares...).

É dicir, a nivel local e en Concellos de limitado volume como é o caso de Mazaricos, pero de rico asociacionismo, é preciso contar cunha estrutura de gobernanza informal que dea capacidade ó equipo de benestar de integrar achegas das entidades para a mellora do deseño das actividades, ó tempo que se conte con elas para a difusión e implementación. Do mesmo xeito, as actividades das entidades asociativas deben ser deseñadas atendendo ás prioridades do benestar e da inclusión e deben contar co apoio dos equipos técnicos municipais á hora da súa implementación.

Esta gobernanza xerará maiores capacidades para as accións de benestar, maior riqueza no deseño e maiores posibilidades de mellorar a calidade de vida das persoas, sobre todo tendo en conta a elevada dispersión da poboación.

#### **Recomendación 4. Establecemento dun programa de actuación conxunta entre os departamentos de benestar locais, os CEIP, o IES Terra de Xallas de Santa Comba e as ANPA.**

Tal como se menciona ó longo do documento, os equipos técnicos dos Concellos consideran o traballo en rede coas institucións educativas un aspecto no que é preciso mellorar e do cal depende o éxito de numerosas accións de carácter multisectorial.

Esta mellora recomendada supón avanzar con respecto a un modelo de traballo entre os departamentos de benestar locais e os centros educativos de carácter reactivo, pasando a traballar proactivamente, é dicir, establecendo programacións conxuntas estables que, como se indica, poidan responder a diferentes propósitos que van, por exemplo, dende a loita contra as adicións, ás actividades de carácter interxeneracional.

Así, co foco posto na loita contra o devalo demográfico a través da xeración de accións en rede entre os centros escolares e os departamentos locais de benestar, detéctase un amplo espazo de traballo no eido das relacións comunitarias interxeneracionais.

Dentro deste campo, aínda que no marco dun programa de colaboración máis amplo, débense aproveitar as potencialidades que a proximidade xera para o deseño de actividades conxuntas de transmisión de tradicións, oficios, lendas ou toponimias e camiños tradicionais entre as persoas usuarias das actividades de benestar maiores de anos e o alumnado dos CEIP e IES. Estas experiencias poden ser recollidas e recompiladas polo seu elevado interese en termos de difusión en múltiples formatos, tanto entre o público xeral como entre profesionais especializados/as, xerando material de interese para publicacións de carácter académico.

Ademais, esta colaboración entre os departamentos de benestar locais e os CEIP e as ANPA debe ser expandida a outros eidos, entre os cales salienta a posibilidade de deseñar programas de nutrición saudable de proximidade en equidade, accións estas que inciden na xeración de

economías locais e que ó mesmo tempo trasladan ó alumnado a posibilidade de almorzar de xeito saudable e equitativo, loitando así contra os casos de risco de pobreza infantil.

Ademais, unha derivada salientable do traballo conxunto é a posibilidade que se abre para os equipos técnicos de xerar novos ámbitos de actuación, tal como é o caso do traballo con colectivos de persoas inmigradas que se está a desenvolver en Santa Comba. Así, dentro deste programa de traballo conxunto sería de interese a introdución das Escolas Infantís, seguindo o exemplo das actividades levadas a cabo polo Concello de Mazaricos en coordinación coa Escola Infantil no Día Mundial do Leite, así como a colaboración coas ANPA sempre dentro da liña de ampliar a rede.

Finalmente, na liña de ampliar o abano de servizos ofertados dende os departamentos de benestar, e en relación coas familias e coa infancia, considérase de especial interese expandir as iniciativas relacionadas coas Escolas de Familia que, como demostran moitas experiencias, son consideradas de éxito. Estas iniciativas están encamiñadas á aprendizaxe conxunta e deberán ser aproveitadas para o establecemento/reforzo de redes de socialización, favorecendo a intensificación da vida comunitaria, así como outras iniciativas como poden ser as de reforzo escolar para garantir o apoio ós nenos e nenas que presenten maiores dificultades para a consecución dos obxectivos académicos. Ademais, nesta mesma liña de ampliación de servizos, salienta o servizo de madrugadores de Santa Comba coordinado polo Concello a través da ANPA.

A lóxica do establecemento dun programa conxunto de actividades entre os departamentos de benestar municipais e as institucións educativas debe ser estendida ó sector sanitario, onde é preciso tecer redes para o deseño de actuacións conxuntas destinadas á mellora da calidade de vida da poboación en xeral.

### **Recomendación 5. Establecemento dun programa de actuación conxunta entre os departamentos de benestar locais e os Centros de Saúde.**

Na liña do mencionado con respecto á colaboración entre os departamentos de benestar e as institucións educativas, os equipos técnicos municipais recoñecen o traballo conxunto cos Centros de Saúde como outro dos elementos a mellorar.

Dentro das posibilidades que abre o establecemento de redes de actuación cos Centros de Saúde, e na lóxica de xeración/rexeneración de hábitos comunitarios que fagan máis atractivo o territorio para a atracción/retención de poboación, atópase o deseño (baixo criterios sanitarios) de actividades relacionadas coa activación física das persoas maiores aproveitando camiños tradicionais e roteiros recuperados, o deseño de obradoiros relacionados coa nutrición saudable, ou o deseño de actividades de información e orientación sobre saúde sexual no IES Terra de Xallas.

Neste sentido, é posible aproveitar a experiencia de actividades levadas a cabo con anterioridade, pero de xeito discontinuo e fragmentado, como foron as relacionadas coa Semana

da Saúde no Concello de Mazaricos, lideradas polo persoal de enfermaría, ou as relacionadas coa saúde afectivo sexual en Santa Comba lideradas pola matrona.

Ademais, tamén é posible deseñar protocolos de actuación para a detección e actuación en casos de soidade, casos de saúde mental ou casos de adicións. Así, dun xeito complementario co SAF, a colaboración co sector saúde debe contemplar a redacción de protocolos conxuntos en situacións de emerxencia sanitaria nos domicilios para as persoas auxiliares do devandito SAF.

Como se pode comprobar, dende o liderado local dos departamentos de benestar é posible incidir tanto na dinamización de sectores económicos de elevado impacto laboral, como na creación de estratexias de mellora da vida comunitaria, favorecendo o establecemento de redes de actores que traballen no territorio para a mellora do benestar e a calidade de vida da poboación, e favorecendo de xeito directo e indirecto a capacidade de atracción/retención de poboación na Comarca.

## B) A soidade e o avellentamento.

Tal como se indicou tanto na diagnose como nas conclusións, o proceso de devalo demográfico ten como consecuencia un salientable avellentamento da poboación, sendo un elemento que non só está a condicionar na actualidade a actividade dos departamentos de benestar municipais, senón que se configura como o aspecto básico ó cal responder a medio prazo tendo en conta as proxeccións da poboación e o incremento da idade media.

O proceso de perda de poboación provoca que en diferentes lugares se produza unha desertización poboacional, o cal chega á xeración de casos de soidade física, elemento este que vencellado co avellentamento xera un novo contexto de actuación no que os servizos locais de benestar deben incidir na procura da mellora da calidade de vida da poboación e do reforzo da súas redes relacionais.

Dende as políticas de benestar, na actualidade, estase traballando de xeito directo ou indirecto en relación á soidade e ó avellentamento dende un duplo punto de vista. Dende o punto de vista dos coidados, salienta pola súa elevada capilaridade e impacto o SAF que, nas súas dúas modalidades, chega a un elevado número de fogares e de persoas maiores.

Ademais, tamén salienta o programa de Teleasistencia que, tanto en relación á dependencia como o propio da Deputación da Coruña, son ferramentas moi utilizadas e valoradas tecnicamente para o seu uso en situacións de soidade.

Dende o punto de vista comunitario, os Concellos están traballando na xeración dunha salientable oferta de actividades relacionadas coa activación (física, memoria...) ás que subxacen obxectivos implícitos/explicítos de revitalización relacional para as persoas usuarias, aínda que a profundidade destas accións é fragmentada, de tal xeito que se amosa preciso potencialas e actualizalas, á vez que dotalas de ferramentas complementarias que minimicen o efecto negativo que servizos como o transporte público (ou a ausencia do mesmo) teñen á hora de incidir na vida social das persoas.

Neste sentido, e dende un punto de vista integral, é posible orientar un mesmo programa a diferentes obxectivos. Este é o caso da primeira recomendación.

### **Recomendación 6. Actualización e ampliación do programa de Teleasistencia da Deputación da Coruña.**

Os equipos técnicos dos Concellos do Xallas recoñecen que o programa de Teleasistencia da Deputación da Coruña, non só é unha ferramenta de importante eficacia á hora de loitar contra a soidade, senón que é moi valorada polas persoas usuarias polo seu funcionamento, así como polos propios equipos técnicos.

Con todo, é posible mellorar o rendemento deste programa dende varias ópticas diferentes. En primeiro lugar, a través da ampliación da resposta ás situacións de soidade. Na actualidade estanse a detectar casos onde o illamento físico nos núcleos rurais e a soidade se complementan, non existindo nas proximidades dos/as usuarios/as fogares habitados que sexan susceptibles de recoller as chaves dos fogares dos/as usuarios/as.

Neste sentido, e tendo en conta que esta situación previsiblemente se verá incrementada, é preciso incorporar ó programa protocolos de colaboración con Protección Civil, coa Policía Local, cos servizos de emerxencia sanitaria ou coa Garda Civil, alén dos propios equipos de benestar municipal, para contar coas devanditas chaves dos domicilios das persoas usuarias que teñan problemas á hora de atopar fogares nas súas proximidades onde depositaren as chaves.

En segundo lugar, é preciso incidir na difusión do programa para mellorar o coñecemento social do mesmo e incrementar a súa demanda. Neste sentido, na liña do xa mencionado con anterioridade, un elemento fundamental para a mellora da difusión dos programas é a colaboración coas entidades asociativas, de tal xeito que poidan operar a xeito de altofalantes e, no caso de teleasistencia, transmitir a importancia do programa para a mellora da calidade de vida e da seguridade das persoas, sobre todo en casos de soidade e illamento.

Esta recomendación, atendendo á ampliación de medidas dixitais de seguridade coas que conta o vixente Programa de Teleasistencia da Deputación da Coruña, atópase na liña do traballo do Proxecto RedMay (programa europeo Interreg V A España-Portugal encabezado pola Consellería de Política Social, a Universidade de Vigo e a Cámara municipal de Braga) e das súas intervencións relacionadas coa implantación de medios tecnolóxicos para mellorar a permanencia das persoas maiores nos fogares a través da mellora da seguridade (Fogar dixital). Como se pode observar, este é un eido no que se está a traballar dende diferentes entidades e iniciativas, xerando unha fiestra de oportunidade a través da creación de sinerxias que deben ser aproveitadas dende o local para a mellora efectiva das condicións de vida da poboación con necesidades especiais.

### **Recomendación 7. Actualización e ampliación das actividades levadas a cabo con persoas maiores.**

Na actualidade as actividades relacionadas co envellecemento activo ou, en termos xerais, dirixidas ás persoas maiores, son un elemento común nos Concellos da Comarca que amosan, como se mencionou con anterioridade, non só unha importante vitalidade, éxito e demanda entre os colectivos obxectivo, senón a súa validez tanto dende o punto de vista da actividade levada a cabo, como dende os obxectivos implícitos de mellorar a socialización das persoas maiores e xerar motivacións para saíren dos fogares e se relacionaren, con todo o que isto implica en termos de activación psicolóxica.

Con todo, é posible introducir novos elementos dentro do deseño das programacións co obxectivo de avanzar na súa actualización e incremento da profundidade das mesmas. Así, por exemplo, é posible mellorar no deseño de actividades interxeneracionais tanto a través do contacto entre a programación de accións para as persoas maiores cos centros educativos, como a través da programación de accións para persoas maiores que se vencellen con entidades sociais ou veciñais na que se integre de xeito explícito á mocidade ou á infancia.

Este é un exemplo de posibilidades de ampliación do alcance das actividades dirixidas ás persoas maiores que, en termos xerais, deben ser obxecto de actualización metodolóxica e de innovación.

Ademais, é preciso indicar que a curto/medio prazo vai haber un troco substancial dos perfís de persoas maiores usuarias destas actividades, emerxendo un tipo de persoa maior activa, usuaria da tecnoloxía e con inquiredanzas de carácter cultural; características estas ás que se deben adaptar as programacións actuais para manter a súa vitalidade e éxito.

Así, ábrese a posibilidade de introducir a óptica do benestar nas actividades desenvolvidas relacionadas co sendeirismo ou coa organización de viaxes e excursións, potenciando o seu contido cultural, de recuperación etnográfica e, na liña do mencionado con anterioridade, aproveitando para a introdución da óptica interxeneracional.

### **Recomendación 8. Expansión dos programas de prevención do deterioro cognitivo e de traballo con familiares cuidadores.**

Na actualidade, o Concello de Santa Comba conta con dous programas que son considerados de interese para a súa expansión e extensión a toda a Comarca.

Por unha banda, atópase o Rexenérate, baseado na prevención do deterioro cognitivo a través da realización de actividades de estimulación cognitiva, activación física e activación social das persoas usuarias. Este programa conta cun sistema de transporte adaptado específico para facilitar o acceso das persoas.

Por outra banda, atópase un programa de apoio a familiares de persoas afectadas polo Alzheimer e outras demencias que ten o obxectivo de compartir experiencias e achegar apoio psicolóxico, emocional e social, e que é realizado en colaboración con AFABER.

Estes dous tipos de programa amplían os programas habituais que se levan a cabo nos Concellos con aspectos de especial interese como é, ademais da actualización metodolóxica xeral, o transporte específico ou a atención ó colectivo de persoas cuidadoras.

O elevado interese destes programas supón a necesidade de realizar un esforzo en termos de difusión dos mesmos para a captación de usuarios/as ou persoas interesadas. Neste sentido, ademais das ferramentas habituais de difusión municipal e outras innovadoras (como poden ser as liñas municipais de whatsapp, por exemplo), recoméndase a transmisión da información relacionada co programa a través das diferentes actividades deseñadas especificamente para persoas maiores polos Concellos, complementando isto coa utilización de establecementos de proximidade (hostalaría, centros de saúde, farmacias, pequeno comercio...) como rede de transmisión de información, así como coa difusión a través das entidades asociativas locais.

Finalmente, para a operativización desta recomendación considérase preciso establecer unha reflexión sobre a posibilidade de localizar un equipo específico de xeito central a nivel comarcal, ou sobre outro tipo de posibilidades como pode ser, por exemplo, a liña de traballo do Proxecto RedMay (programa europeo Interreg V A España-Portugal encabezado pola Consellería de Política Social, a Universidade de Vigo e a Cámara municipal de Braga) a través de unidades móbiles que complementen estes servizos de información e prevención de demencias con outros relacionados coa podoloxía e oftalmoloxía, tal como actúa o devandito proxecto en diferentes Concellos da provincia.

### **Recomendación 9. Establecemento dun programa de actuación conxunta entre os departamentos de benestar locais, os CEIP, o IES Terra de Xallas, as entidades asociativas e as ANPA.**

O programa, que nos apartados anteriores tiña o obxectivo de establecer vencellos comunitarios e interxeneracionais entre as persoas maiores asistentes ás actividades de benestar e o alumnado dos CEIP, ten á súa vez o obxectivo de, dende o mesmo punto de vista comunitario, contribuír ó reforzo das relacións sociais entre as persoas maiores, polo que é unha ferramenta de salientable utilidade á hora tanto de incidir no avellentamento activo como á hora de incidir na soidade.

Neste sentido, é de especial interese retomar e potenciar as experiencias que teñen as diferentes entidades asociativas do Concello de Mazaricos que, por exemplo no caso da asociación cultural da Parroquia de San Cosme de Antes levan tempo traballando na recuperación de oficios tradicionais (caso do sombreiro Sancosmeiro) ou na recuperación dos entroidos tradicionais (o exército dos panos ou os entroidos de Arcos), a Asociación Eu Son Mazaricos dende múltiples puntos de vista con especial atención á identidade, ou a Asociación de Amas de Casa de

Mazaricos cos traballos de recuperación musical (recuperación do suleiro e das ruadas no lugar de Colúns) e difusión cultural.

Deste xeito, os obradoiros e actuacións multisectoriais mencionadas xerarán novas redes de socialización das persoas maiores, elemento este que para ser maximizado debe ir acompañado dun especial esforzo de difusión das iniciativas e captación de usuarios/as, superando os colectivos que tradicionalmente asisten de xeito asiduo ás diferentes actividades de benestar.

Con todo, a pesar de que a capilaridade das actividades municipais é salientable, sobre todo das relacionadas co lecer, é preciso indicar que o perfil das persoas asistentes ás mesmas non responde ó da persoa en situación de soidade, para o cal é preciso deseñar novos programas específicos.

#### **Recomendación 10. Deseño dun programa específico de detección e intervención coas persoas en situación de soidade.**

Na actualidade estanse a desenvolver programas específicos de detección e intervención coas persoas en soidade, aínda que estes se levan adiante sobre todo en grandes cidades, como é o caso da Coruña.

Con todo, en Concellos de elevada dispersión como Mazaricos e Santa Comba, esta serie de programas son necesarios, sobre todo tendo en conta que aínda existen actores comunitarios cos que colaborar para levalos adiante, existencia esta que a raíz do proceso de despoboamento e desertización, non só agravará a propia problemática da soidade, senón que minorará a presenza destes actores.

Neste sentido, o programa de detección e intervención coas persoas en situación de soidade supón o establecemento dunha rede de actores comunitarios colaboradores que, a xeito de *antenas* (bares, quioscos, farmacias, Centro de Saúde, parroquia, asociacións locais...), detecten a presenza de persoas en soidade e as súas principais problemáticas para, a continuación, informar ós departamentos de benestar locais que, a través de ferramentas de carácter comunitario, ou dos servizos propios do Concello (caso do SAF, ou do programa de Teleasistencia), ou a través das entidades sociais mediante voluntariado ou accións específicas das propias entidades, traballará para a revitalización das redes sociais destas persoas evitando así a soidade e os posibles efectos negativos da mesma.

Este mesmo programa operará a xeito de prevención en casos, por exemplo, como o das persoas cuidadoras de dependentes. Así, estas persoas que contan con servizo de SAF, serán informadas de todo tipo de actividades de lecer e respiro para evitar que a intensidade e extensión no tempo das tarefas de coidado leven aparelado a desaparición das súas redes relacionais. Con todo, para este colectivo, as accións deseñadas dende os departamentos de benestar locais deben contar con servizos paralelos de coidado que cubran as súas tarefas familiares.

Ademais, este programa atópase intimamente relacionado con outros programas xa existentes, como pode ser o Xantar na Casa xestionado polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar ou o Comedor sobre Rodas do Concello de Santa Comba, que deben ser intensificados xa que operan a xeito de dupla ferramenta contra o illamento a través da xeración de menús saudables, individualizados e de calidade.

Finalmente, é preciso facer unha especial reflexión sobre as actividades relacionadas co voluntariado que, como se indica con anterioridade, son unha ferramenta importante para potenciar as accións de benestar co liderado público.

Así, os programas de voluntariado contan cun percorrido que se debe aproveitar, sobre todo en contacto directo coas entidades asociativas tanto da Comarca como daquelas que traballan na Comarca, e que poden incrementar as ferramentas tanto relacionadas coa detección de situacións de soidade como de minoración dos seus efectos a raíz non só da mera compañía prestada ás persoas usuarias, senón da incorporación destas persoas usuarias a redes de socialización que os leven a, progresivamente, deixar a soidade.

Neste sentido, a creación de redes de voluntariado estable, sobre todo focalizado en axentes de elevado coñecemento de proximidade (farmacias, bares, comercio de proximidade, quioscos...) potencia a capacidade das mencionadas *antenas* e amplía o seu efecto a numerosos eidos nos que traballar, converténdose nunha potente ferramenta multipropósito das políticas locais de benestar.

### **Recomendación 11. Deseño dun sistema de transporte público local.**

As carencias no actual sistema de transporte público foron recoñecidas polos equipos técnicos dos Concellos, sendo considerada unha das prioridades en termos de benestar o feito de dotarse de sistemas de mellora da mobilidade xeral, pero especificamente tamén das persoas maiores, que minimicen a utilización do vehículo privado, e que supoñan unha alternativa real para aquelas persoas que non contan con estes vehículos privados.

Estas iniciativas locais deberían vir precedidas de estudos de demanda, de fluxos, e da cuantificación de custos e sistemas de xestión para, a continuación, establecer roteiros e paradas atendendo a criterios de benestar, de utilización de servizos (caso do Centro de Saúde, bancos ou outros) e de dinamización do tecido comercial e hostaleiro das devanditas centralidades. Ademais, este sistema, debería ser complementario coas posibilidades abertas polo transporte compartido dos centros escolares, ampliando así as alternativas e favorecendo a mobilidade da poboación.

Neste sentido, é preciso establecer unha reflexión sobre a mobilidade local para seleccionar o mellor sistema de transporte acaída a cada territorio, en tanto que esta análise tamén debe ser ampliada á elaboración dun programa comarcal de transporte adaptado específico en relación coas entidades sociais e cos equipamentos que traballan dende o ámbito da atención ás persoas



con discapacidades con usuarios/as da comarca establecendo unha coordinación entre os sistemas de transporte e as necesidades sociais.

Finalmente, dentro deste programa, tamén é preciso iniciar accións de información/sensibilización/concienciación sobre o axeitado uso de vehículos sen carné que, en colaboración coas autoridades de seguridade viaria, protección civil e tráfico, incidan sobre o colectivo obxectivo de persoas maiores.

Como se pode comprobar, a loita contra a soidade e o avellentamento considéranse prioridades tanto para o deseño específico de accións, como para o *reenfoque* de actividades ou servizos que xa se veñen desenvolvendo no territorio, pero dende unha nova óptica de mellora da vida comunitaria e de incremento da socialización das persoas.

Neste sentido, salienta o establecemento de redes de axentes colaboradores e a potencialidade da capilarización en todo o territorio como *detectores* de situacións de soidade, operando a comunidade como detección do fenómeno e, á súa vez, como solución ó mesmo, debendo prestar especial atención ás posibilidades dun tecido asociativo local vizoso que multiplica as posibilidades de deseño e implementación de actividades de benestar, así como de expansión dos seus efectos.

### C) As múltiples exclusións.

Ó longo da diagnose e das conclusións foron expostas diferentes formas de exclusión que afectan á poboación na Comarca, salientando tanto aquelas de carácter económico relacionadas coa disposición de rendas, como as que teñen un carácter relacional vencelladas coa soidade, coa discapacidade ou as xeradas coas diferentes adicións.

Neste sentido, e directamente vencellado coa dinamización económica que, como se mencionou, é un elemento fundamental á hora de xerar capacidade de atracción dos territorios para a fixación de poboación e na loita contra a exclusión social derivada do risco de pobreza, nos Concellos da Comarca amósase como prioritario o establecemento de coalicións entre os departamentos de benestar e os de promoción económica e emprego ou desenvolvemento local, coa finalidade de conectar ámbalas políticas públicas co obxectivo de incidir sobre a xeración de economías de proximidade e, polo tanto, para xerar postos de traballo que garantan rendas suficientes para a poboación.

Estas coalicións internas deben ser expandidas á creación de dinámicas de traballo conxunto coas entidades asociativas que traballan no territorio, salientando pola súa importancia aquelas que traballan coas persoas con discapacidade, sobre todo tendo en conta a ausencia de equipamentos específicos na Comarca para a súa atención.

### Recomendación 12. Deseño e creación de Bolsas de Traballo locais.

Con anterioridade mencionábase a necesidade de xerar *coalicións* entre os departamentos de benestar e os de promoción económica e emprego municipais co obxectivo de integrar as axendas do benestar e da dinamización económica para avanzar no proceso de atracción/retención de poboación.

Una das derivadas máis salientables da potencialidade desta *coalición* é a incidencia sobre os colectivos en risco de pobreza ou exclusión social, cos que é posible traballar non unicamente en termos de elaboración de itinerarios formativos, senón superando a inserción laboral a través de programas específicos integrándoos en ferramentas máis amplas e de maior alcance.

Así, a experiencia das diferentes Bolsas de Traballo coas que contan na actualidade Concellos na provincia é positiva á hora de establecer tanto iniciativas de intermediación entre a oferta laboral achegada por empresas e a demanda de postos de traballo solicitada polas persoas desocupadas, como á hora de establecer prioridades atendendo á existencia de diferentes colectivos obxecto de especial atención que poidan ser susceptibles de inserción efectiva.

Ademais, é importante ter en conta a experiencia acumulada polos equipos de promoción económica e orientación laboral dos Concellos da Comarca, que están facer un esforzo especial na difusión de ofertas de traballo a través das redes sociais municipais, co cal estanse a explorar na actualidade múltiples vías de difusión destas ofertas que melloran o seu coñecemento social e van na liña do fomento das economías de proximidade. Neste caso tamén é preciso mencionar a experiencia do Concello de Mazaricos co directorio local de empresas como xeito de mellorar a difusión das iniciativas económicas locais.

A intermediación laboral debe ser complementada co apoio á xeración de novas iniciativas económicas de proximidade, aspecto no cal o Concello de Mazaricos conta cunha liña específica de apoio á creación de empresas.

Neste sentido é interesante afondar nas xa mencionadas *coalicións internas* xa que estas ferramentas poden ser obxecto de interese por persoas coas que se estea a traballar dende benestar, en tanto que tamén poden ser de interese á hora de xerar iniciativas económicas que respondan ás necesidades de benestar como é o caso, por exemplo, dos equipamentos de atención ás persoas maiores dos cales se carece na Comarca.

De tódolos xeitos, a xeración de novas iniciativas económicas non é o único xeito de promover unha mellor inserción laboral de persoas con determinadas necesidades xa que, por exemplo, os Concellos xestionan o SAF que, como se puido comprobar, conta cun volume e cunha intensidade de recursos humanos que o fan unha oportunidade ó mesmo tempo que se estima a súa expansión, para responder á cal é preciso contar con persoal capacitado.

**Recomendación 13. Creación dun sistema de bonificación local ás matrículas das accións formativas relacionadas co SAF.**

Tal como se observou con anterioridade, o SAF non só é unha oportunidade laboral actual, senón que se prevé unha expansión do mesmo e, polo tanto, o incremento da demanda de persoal capacitado.

Neste caso, tendo en conta a feminización dos perfís que prestan servizo no SAF e o feito de que é un colectivo de especial atención polas políticas de benestar locais, ademais do efecto multiplicador que pode xerar en termos de fixación de poboación, é preciso fomentar o acceso á capacitación requirida para poder acceder ós procesos de selección dos diferentes prestadores a través dun sistema de bonificación ou bolsas que minore os custos da formación ás persoas en situación de desemprego.

Ademais, a pesar de que ó longo das presentes recomendacións se recolle a presenza de accións formativas territorializadas na Comarca, é preciso ter en conta os custos de desprazamento para o alumnado, de xeito que este concepto complete a mencionada bonificación ou bolsa de apoio ós estudos.

**Recomendación 14. Fomento dunha contratación pública socialmente responsable.**

A introdución tanto das cláusulas sociais, laborais e medioambientais así como a utilización da reserva de contratos<sup>25</sup> nas licitacións públicas está a converterse nunha ferramenta para que a contratación pública incida na dinamización dos sectores económicos de proximidade e na mellora da inclusión laboral de determinados colectivos con necesidades especiais, sempre dentro do respecto ó principio de seguridade xurídica.

Esta utilización é posible se previamente existe unha extensión das coalicións internas mencionadas con anterioridade entre os departamentos de benestar e promoción económica locais, ós departamentos de carácter xurídico e financeiro, de tal xeito que o Concello utilice un completo abano de alternativas no apoio das políticas de benestar.

A introdución destas ferramentas é posible, e na provincia existen diferentes experiencias de éxito, en licitacións tales como as relacionadas coa recollida e xestión de RSU, por exemplo, de elevada contía económica e de importante intensidade en termos de persoal requirido.

Con todo, na liña do mencionado con anterioridade, o uso das cláusulas sociais e a reserva de contratos por parte das administracións debe atender á normativa vixente, garantindo a seguridade xurídica dos procedementos de contratación.

---

<sup>25</sup> Disposición adicional cuarta da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

### **Recomendación 15. Deseño e implementación dun programa comarcal de prevención de adiccións entre a infancia e mocidade.**

Na actualidade estanse a espallar ou repuntar diferentes adiccións entre a mocidade. Algunhas delas, como as relacionadas co consumo de alcohol, contan cun importante asentamento social que, en determinados casos, se agrava a raíz do fenómeno do botellón en lugares localizados. Outro tipo de adiccións son máis novidosas e, polo tanto, máis difíciles de identificar e de traballar con elas. Trátase, por exemplo, das adiccións ás novas tecnoloxías e ós teléfonos móbiles que, na mocidade, poden derivar en diferentes tipos de acoso. Ademais, outra derivada das adiccións de carácter tecnolóxico na mocidade é a relacionada coas apostas e co xogo, tanto nas casas de apostas como a través dos *smartphones*.

Así, se ben se constata a existencia nos centros escolares de actividades de carácter puntual relacionadas coas adiccións mencionadas, estas non son estables nin continuas no tempo, dificultando a posibilidade de establecer medicións e avaliacións dos seus efectos, así como impedindo o seguimento e garantía de éxito das mesmas.

Deste xeito, considérase necesario o deseño dun programa estable de información e prevención sobre diferentes tipos de adiccións, con especial fincapé nas de carácter tecnolóxico e nas súas derivadas relacionadas co acoso e coa ludomanía. Este programa debería ser complementario coas diferentes accións que se desenvolven, de xeito puntual, por parte dos propios CEIP ou IES, de tal xeito que o deseño territorializado achegará unha maior riqueza e unha maior adaptación ás circunstancias locais.

Este programa, a liderar dende os departamentos de benestar locais, debe contar tanto cos centros educativos como coas ANPAS, considerando fundamental para o seu éxito a implicación das familias, para as que se desenvolverán accións específicas de información e sensibilización.

Como se pode comprobar, o traballo conxunto entre as institucións educativas e os departamentos municipais de benestar é básico á hora de establecer estratexias de prevención. A potencialidade desta colaboración tamén abre portas para o desenvolvemento de programas relacionados coa nutrición infantil saudable que poden ser *refocalizados* atendendo á prioridade de loitar contra a exclusión social e a pobreza infantil dende a garantía da equidade.

### **Recomendación 16. Deseño de programas de nutrición saudable de proximidade en equidade nos CEIP e no IES Terra de Xallas.**

Na actualidade, unha das principais derivadas da desigualdade económica provocada, en grande medida, pola recente crise económica, é a relacionada coa pobreza e o risco de exclusión infantil. Este risco de exclusión infantil afecta á nutrición dos nenos e nenas, que en vez de caracterizarse polo consumo de alimentos saudables, se centra en consumo de procesados de baixo valor nutricional e baixo custo, afectando polo tanto ó seu desenvolvemento físico e mental, ó mesmo tempo que incide de xeito substancial no seu desenvolvemento académico.

Para paliar este fenómeno é posible o desenvolvemento dun programa de almozos saudables de proximidade que, co obxectivo explícito de fomentar o consumo de alimentos de proximidade non procesados, tamén conta co obxectivo implícito de garantir o axeitado almorzo de todo o alumnado dos CEIP ou do IES Terra de Xallas sen establecer diferenzas entre eles.

Este programa, a liderar dende os departamentos de benestar locais, suporía a posta en contacto de (I) produtores, (II) persoal especializado en nutrición, (III) cociñas e/ou servizos de alimentación dos centros educativos, (IV) profesorado, (V) alumnado, e (VI) ANPAS; para o cal se debe contar co apoio tanto das diferentes concellerías municipais (con especial atención a promoción económica e emprego pola súa relación cos produtores de proximidade), así como da dirección dos centros educativos.

Ademais, para a implementación deste programa é posible contar coa experiencia que ten o Concello de Santa Comba na súa colaboración coas ANPAS para a xestión dos comedores escolares.

Ó longo das diferentes recomendacións vencelladas coa loita contra as diferentes exclusións é posible incidir na potencialidade coa que contan as actuacións en rede, así como o elevado interese das accións *multipropósito* deseñadas para os CEIP e o IES, de tal xeito que estas accións xeren efectos en diferentes campos estratéxicos para as políticas de benestar locais e que, grazas á xeración da confianza entre os actores, abran posibilidades de novas actuacións posteriores.

#### D) Os coidados.

Un dos alicerces das políticas de benestar locais é o relacionado cos coidados ás persoas, tendo en conta a necesaria complementariedade entre as diferentes formas de coidados entre as que salientan, pola súa potencialidade, os coidados no fogar prestados a través do SAF; os coidados prestados a través de equipamentos especializados de proximidade como poden ser os Centros de Atención ás Persoas Maiores, as Escolas Infantís ou os Centros de Día e Centros Ocupacionais para persoas con discapacidades ou necesidades especiais; os coidados prestados a través de prazas de carácter residencial; ou os coidados prestados a través das redes familiares.

Neste sentido, é preciso salientar a ausencia de prazas para a atención ás persoas maiores de carácter residencial e non residencial na Comarca. Este feito é de suma importancia xa que, a pesar da existencia destes equipamentos en Concellos lindeiros, as distancias actúan como barreiras disuadindo ás persoas susceptibles de demandaren estes recursos da súa solicitude formal. Así, por exemplo, a distancia entre un dos núcleos máis habitados do Concello de Mazaricos, A Picota, e o Centro de Día de nova creación e de titularidade privada situado no Concello de Zas (Comarca de Terra de Soneira) achégase ós 30 quilómetros, distancia semellante á que separa o mesmo núcleo do Centro de Día de Muros xestionado polo Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar. É dicir, a proximidade como criterio para a atención ás persoas maiores en centros non residenciais non se está a cumprir, co cal estes equipamentos deixan de ter interese para a Comarca.

Outra das grandes ferramentas das políticas locais relacionadas cos cuidados é o SAF que, tanto na súa modalidade de dependencia como na de libre concorrència, conta cun salientable impacto na Comarca. Así, no ano 2018 o SAF chega a 148 persoas prestando máis de 41.000 horas de servizo por parte de 29 persoas auxiliares e 3 de coordinación, o cal amosa non unicamente a intensidade do servizo, senón a elevada capilaridade do mesmo, sobre todo tendo en conta o perfil medio do/a usuario/a (persoas maiores) e a evolución da poboación.

Con todo, un dos elementos que na actualidade está a marcar a actuación do SAF municipal ou libre concorrència, é a necesidade de cubrir as elevadas esperas derivadas do proceso de tramitación e valoración da dependencia e conseguinte prestación posterior dos seus abanos de servizos. Así, esta realidade seguida en boa parte dos Concellos supón que o SAF básico non sexa utilizada con criterios proactivos, senón como recurso previo á dependencia para persoas *de facto* dependentes pero que se atopan inmersas no proceso administrativo de valoración e tramitación de servizos.

Neste sentido, e co obxectivo de mellorar na prestación do SAF, considérase preciso acometer diferentes medidas.

### **Recomendación 17. Posta a disposición dos Concellos da Comarca de ferramentas para a mellora do SAF.**

Tal como se mencionaba nas conclusións, o SAF é unha das principais ferramentas coas que contan os Concellos da Comarca para traballar nos cuidados das persoas, sobre todo tendo en conta a ausencia na Comarca de equipamentos especializados, polo que é preciso focalizar a atención nas necesidades do servizo, que van alén da expansión cuantitativa do mesmo.

Así, en tanto o Concello de Mazaricos conta co servizo externalizado, o Concello de Santa Comba teno de xestión directa, co cal as esixencias operativas diarias do servizo son diferentes.

No Concello de Santa Comba contan con sistemas informáticos de xestión e seguimento do SAF, aspecto este que mellora a capacidade técnica para facer fronte ás necesidades operativas diarias relacionadas coa coordinación das auxiliares. Con todo, é preciso mencionar que estes sistemas deben ser complementados con ferramentas para a análise da calidade do servizo e avaliación do mesmo co obxectivo de fornecer ós equipos técnicos municipais de información para a mellora continua.

No caso do Concello de Mazaricos, a xestión indirecta do servizo comporta unhas necesidades diferentes que abarcan todo o ciclo da servucción coa excepción da operativa diaria. Así, detéctanse baleiros no relativo á definición do servizo para a súa inclusión no proceso de licitación e aplicación no mesmo de cláusulas sociais, na dotación de sistemas de seguimento e control da actividade do prestador ou, ó igual ca en Santa Comba, na presenza de ferramentas para a avaliación da calidade.

Como se pode observar, a recomendación céntrase no fortalecemento das capacidades dos equipos técnicos municipais para o deseño, planificación, control e avaliación do SAF, co obxectivo de avanzar na mellora do servizo como parte fundamental da política de benestar local.

#### **Recomendación 18. Deseño dun Plan de Formación territorializado con especificidade para o SAF.**

A elevada intensidade do SAF en recursos humanos, así como a variación dos casos individuais ós que se enfrontan no seu traballo diario tanto os equipos técnicos como as persoas auxiliares, fan preciso o deseño de accións formativas específicas que permitan a actualización constante das persoas ás esixencias do traballo.

Ademais, é preciso ter en conta un elemento que, en numerosas ocasións non é ponderado con suficiencia. Trátase da elevada esixencia emocional á que se enfrontan as persoas profesionais dos equipos de benestar e que, con respecto ás auxiliares do SAF, viven en primeira persoa situacións de elevada tensión. Este elemento é preciso afrontalo a través de técnicas psicolóxicas co obxectivo de mellorar a saúde laboral e diminuír o risco do *profesional queimado/a*.

Finalmente, as accións formativas comarcais presenciais para as persoas profesionais do SAF levan implícito o establecemento de relacións entre estes profesionais, co cal se xeran dinámicas positivas de valor para o desempeño do servizo.

#### **Recomendación 19. Deseño de protocolos de actuación para intervencións derivadas do SAF.**

O SAF é un servizo que na Comarca está a chegar a 148 fogares no ano 2018, polo que a súa elevada capilaridade convérteo nunha fonte de información dun enorme valor para os departamentos locais de benestar. Neste sentido, é preciso aproveitar este caudal para xerar novas intervencións que superen a atención directa á persoa usuaria e que se focalicen, entre outras, na valoración da (I) necesidade de realizar obras de rehabilitación, accesibilidade ou mellora da habitabilidade das vivendas; e (II) a necesidade de realizar intervencións coas familias e coas persoas cuidadoras principais en materia de formación, respiro ou apoio psicolóxico.

A actuación dos departamentos de benestar municipais nestes aspectos é fragmentada, polo que é preciso crear procedementos para a intervención e homoxeneizala, sobre todo tendo en conta a importancia das devanditas actuacións.

Así, recoméndase o deseño de protocolos internos de actuación dos diferentes departamentos municipais (SAF, equipo técnico de benestar, urbanismo...) en relación á redacción (de ser preciso) de proxectos de obras de mellora da habitabilidade dos fogares e de solicitude de apoio económico (de ser o caso); en tanto que tamén se recomenda tal, como se menciona con anterioridade, a expansión dos programas de atención ás persoas cuidadoras ou de intermediación en conflitos familiares, de acontecer.

Neste sentido, é importante salientar que na Comarca é preciso avanzar na mellora da habitabilidade das vivendas e da adaptación das súas estruturas e servizos, así como da súa accesibilidade, atendendo sobre todo ás necesidades das persoas maiores. Esta liña de actuación, que ten no SAF unha fonte de información básica, segue o traballo do Proxecto RedMay (programa europeo Interreg V A España-Portugal encabezado pola Consellería de Política Social, a Universidade de Vigo e a Cámara municipal de Braga) e das súas intervencións relacionadas coa creación de contornas amigables – housing para as persoas maiores.

### **Recomendación 20. Deseño dun proxecto piloto para a mellora do SAF a través da Terapia Ocupacional.**

Como se vén comentando, o SAF é un servizo que na actualidade está a ocupar un volume importante de recursos municipais, chegando a numerosos fogares da Comarca e amosando a posibilidade de xerar novas intervencións con maior profundidade, sobre todo tendo en conta o profundo proceso de avellentamento do territorio.

Este é o obxecto do proxecto piloto que se recomenda acometer na Comarca, dotando ós equipos SAF do/a profesional da Terapia Ocupacional que, para cada fogar, elabore un estudo de adaptación funcional e prevención de caídas. Estas funcións serán complementadas con obradoiros de memoria descentralizados onde o/a profesional da Terapia Ocupacional, en coordinación co resto do equipo de benestar, realizará actividades de reactivación e de prevención.

Este tipo de obradoiros terá dúas modalidades básicas. Os realizados en lugares públicos (centros sociais ou sociocomunitarios, por exemplo) ós que acudirán as persoas que non teñan dificultades de mobilidade ou que contan con posibilidade de transporte. Por outra parte, deseñárase unha metodoloxía específica para realizar estes obradoiros en fogares de persoas con dificultades de mobilidade, xuntando en función das posibilidades, a veciños da do núcleo favorecendo a socialización e o contacto.

Ademais, os/as profesionais da Terapia Ocupacional formarán ás persoas integrantes do SAF da Comarca para mellorar as súas habilidades e coñecemento, así como asesorarán ás persoas usuarias na adquisición de axudas técnicas.

### **E) Os equipos e a continuidade das políticas de benestar.**

Un dos aspectos fundamentais nas políticas de benestar locais é o relacionado coa súa continuidade no tempo e, polo tanto, a súa estabilidade. Esta continuidade das actuacións, que é a fonte dos efectos que se procuran, non se acada sen contar coa continuidade dos equipos que as xestionan e implementan.



Como se puido comprobar, unha parte salientable dos recursos que os Concellos da Comarca utilizan para financiar as políticas de benestar procede da Deputación da Coruña que, a través da convocatoria anual, achega recursos ós Concellos para financiar parte dos equipos e parte do custo do SAF libre concorrència. Con todo, este sistema de financiamento, alén de evolucionar de xeito substancial ó longo dos últimos anos, segue a ser de carácter anual, aspecto este que pode limitar a continuidade procurada nas políticas de benestar locais a través da introdución de elementos de discontinuidade nos equipos.

Neste sentido, un dos aspectos que inflúen, a nivel xeral, na presenza de reticencias locais á hora de realizar a contratación efectiva de profesionais unha vez garantida o financiamento anual, é precisamente esta temporalidade, de tal xeito que avanzar na superación do marco temporal supón avanzar na cobertura definitiva dos equipos.

Ademais, na análise da situación dos equipos municipais salienta a presenza de persoal técnico complementario ó do/a traballador/a social. Neste sentido, a posta a disposición por parte da Deputación da Coruña de financiamento para cubrir estes perfís está a ser axeitado ó contribuír á multidisciplinariedade dos equipos e, polo tanto, á xeración de novas intervencións en campos de actuación de interese como é o relacionado cos centros educativos, por exemplo.

Con respecto ó persoal de apoio administrativo, a súa presenza tamén se atopa estendida en Mazaricos e en Santa Comba, considerándose indispensable este apoio ós equipos técnicos para unha correcta prestación dos servizos.

Tamén é preciso ter conta, con respecto ós equipos técnicos municipais, a necesidade de dotación dende unha perspectiva comarcal de perfís técnicos diferentes ós xa habituais nos Concellos que apoiem, amplíen e incrementen a profundidade tanto das accións xa desenvolvidas como doutro tipo de programas propostos que respondan ós salientables retos detectados.

Así, dentro dun marco xeral avance na estabilidade do apoio técnico e financeiro que a Deputación da Coruña presta ós Concellos e ás entidades da Comarca, é preciso incidir nas seguintes recomendacións.

**Recomendación 21. Reforzo da posta a disposición dos Concellos da posibilidade de contar con perfís complementarios.**

Na actualidade, os Concellos da Comarca aproveitan o financiamento da Deputación para a integración de persoal técnico complementario ó do/a traballador/a social. Así, en Santa Comba estase a financiar 1 praza de A1 e 1 de A2 que corresponden a un profesional da psicoloxía e a un profesional da educación familiar. No Concello de Mazaricos estase a financiar 1 A2 que corresponde a un profesional da educación familiar.

Con respecto ó perfil administrativo, a súa implantación é completa nos Concellos da Comarca, contando ámbolos dous con este perfil.

En primeiro lugar, considérase que este apoio financeiro debe superar o horizonte temporal anual, camiñando na liña da estabilidade plurianual, co obxectivo non unicamente de reforzar a continuidade dos programas, senón de garantir a seguridade no fluxo financeiro para os Concellos, evitando así posibles dúbidas ou reticencias xurdidas dos departamentos municipais xurídicos ou económicos.

En segundo lugar, é preciso facer fincapé á experiencia do Concello de Santa Comba e ós diferentes programas xestionados polo profesional da psicoloxía financiado a cargo dos fondos da Deputación. Así, a complementariedade entre os diferentes perfís profesionais é un elemento central para o deseño de intervencións integrais dende ópticas multidisciplinares, afastándose da xestión reactiva de programas.

Ademais, seguindo co reforzo dos equipos, é preciso mellorar a coordinación comarcal e provincial da actuación dos perfís financiados, o cal redundará nun maior rendemento institucional e nunha maior integración das actividades.

### **Recomendación 22. Financiamento das actividades de benestar.**

Como se pode comprobar, na actualidade o modelo de apoio financeiro da Deputación ós Concellos específico para as políticas de benestar locais céntrase no equipo e na actuación do SAF de libre concorrência. Por outra banda, dentro do POS+ inclúese o financiamento que en modelos de colaboración previos se destinaba a actividades relacionadas, por exemplo, co avellentamento activo.

Con todo, estes dous sistemas de financiamento (o POS+ e o Programa anual para o Financiamento dos Servizos Comunitarios Municipais – FOPSS-), aínda que complementarios, xeran lóxicas de actuación diferenciadas relacionadas coa súa condicionalidade. Así, en tanto o POS+ reforza a autonomía local outorgándolle á axenda municipal unha elevada capacidade de distribución dos fondos, o FOPSS é un programa condicional de carácter sectorial. É dicir, é o maior ou menor peso da axenda local de benestar a que incide na asignación definitiva dos fondos do POS+ ás políticas de benestar, en tanto que a propia natureza do FOPSS garante a súa finalidade.

Neste sentido, tendo en conta a globalmente recoñecida debilidade das axendas locais de benestar, e no marco do avance na estabilidade e plurianualidade do actual modelo de colaboración entre a Área de Benestar da Deputación da Coruña e os Concellos proposta, é preciso incrementar esta colaboración a través da inclusión do financiamento de actividades de benestar que vaian alén das xa recoñecidas no POS+ ou das que se poidan implementar de xeito directo por parte da Deputación.

Así, recoméndase incluír no novo modelo financiamento actividades que sexan de especial interese na Comarca do Xallas como son as relacionadas coa xeración de sinerxias entre benestar e promoción económica e emprego, co deseño de actividades encamiñadas á mocidade e á

prevención de adiccións, na expansión dos programas para o traballo con coidadores/as, na análise das posibilidades de establecer sistemas locais de transporte público, ou na mellora das actividades desenvolvidas en relación co tecido asociativo local, aspectos estes nos que se recoñecen salientables baleiros na actualidade e que de seren potenciados xerarán efectos multiplicadores das actividades de benestar mellorando a calidade de vida da poboación dende un punto de vista integral.

### **Recomendación 23. Programa de formación de benestar.**

Dentro do Plan de Acción de Servizos Sociais contemplarase a necesaria elaboración dun Programa de Formación específico en materia de benestar de carácter territorializado que dea resposta ás necesidades de actualización dos equipos dos departamentos, e dentro do cal se insira de xeito específico a realidade do SAF como programa central cunha especial atención, como se menciona con anterioridade, ó traballo das persoas auxiliares.

Este Programa de Formación en benestar terá como principal obxectivo a actualización das ferramentas e metodoloxías coas que actúan os equipos, favorecendo a interdisciplinariedade, e poñendo especial atención a aspectos como a xestión do SAF, o avellentamento, o enfoque sociosanitario ou que incidan en ocos recoñecidos como son os relacionados, por exemplo, co traballo coa mocidade ou coas persoas coidadoras, aspectos que están a marcar o presente das políticas de benestar nos Concellos do Xallas.

O Programa de Formación en Benestar será complementado coa dotación, a nivel central, dun centro de recursos metodolóxicos e experiencias comparadas, completando así á formación presencial tradicional e poñendo a disposición dos equipos técnicos un abano de medios para a actualización e adaptación dos sistemas de traballo.

## **4.3 CONSIDERACIÓNS FINAIS.**

O conxunto de recomendacións deseñadas para a mellora das políticas de benestar locais dos Concellos da Comarca do Xallas insírense nun abano máis amplo recollido no Plan de Acción de Servizos Sociais da Deputación da Coruña.

Este Plan de Acción, na liña de mellorar na estabilidade e de incrementar o apoio da Deputación ós Concellos, asume unha actuación de carácter integral que pretende mellorar a autonomía local, mellorar e incrementar os programas de actuación locais e o seu alcance dentro dunha estratexia de actuación a medio prazo que incida, dende unha lóxica integrada e común, en diferentes grandes realidades sociais que están a determinar a actuación dos servizos locais.

Así, o Plan de Acción diseña actuacións a desenvolver a nivel central, empezando pola consolidación e avance do modelo de relación multinivel dende a óptica da estabilidade e da plurianualidade, e a nivel local en estreita coordinación cos equipos locais, para cuxo reforzo e apoio tamén se diseñan medidas específicas.

Neste sentido, a través destas recomendacións, así como dende un punto de vista multidisciplinar e de rede, preténdese incidir en grandes aspectos como o devalo demográfico, o avellentamento ou a soidade que, se ben son unha realidade, medrarán en incidencia nos anos vindeiros.

Ademais, préstase especial atención ás ferramentas de intervención dos equipos locais que, comezando polo Servizo de Axuda no Fogar e continuando pola introdución da perspectiva comarcal na dotación de equipos de apoio complementarios, serán potenciadas na liña de contribuír de xeito integral na mellora do benestar e da calidade de vida da poboación, así como a xerar territorios atractivos.

# OS SERVIZOS SOCIAIS NA COMARCA DO XALLAS

Plan de Acción de Servizos Sociais

